7 xaneiro
febreiro
marzo 1965

GRIAL



EDUARD SPRANGER: A *forza enxendradora da moral.*

RAMÓN LUGRÍS: George F. Kennan e o problema da coeisistencia pacífica.

C. P. OTERO: Con la benia de la Academia.

CARLOS CASARES: Narracións.

I. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO: En lembranza de T. S. Eliot.

SALVADOR LORENZANA: A xeneración "Nós" na cultura galega.

XOHÁN LEDO: A obra arquitectónica de Gómez Román.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 7 — XANEIRO, FEBREIRO, MARZO 1965

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

A forza enxendradora da moral, por EDUARD SPRANGER 1

George F. Kennan e o problema da coeisistencia pacífica, por RAMÓN LUGRÍS 10

Con la benia de la Academia, por CARLOS P. OTERO 24

ESCOLMA

Narracións, por CARLOS CASARES 48

PENEIRA DOS DÍAS

En lembranza de T. S. Eliot, por I. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO 56

Eliot crítico, por M. M. S. 64

San Pedro de Mezonzo y la Salve Regina, por RUBÉN GARCÍA 67

A Xeneración «Nós» na cultura galega, por SALVADOR LORENZANA 75

A obra arquitectónica de Gómez Román, por XOHÁN LEDO 87

As «jarchas» e as orixes da lírica galego-portuguesa, por M. RODRIGUES LAPA 92

África se busca a sí misma, por J. L. FRANCO GRANDE 96

Lembranza de Robert Burns, por PLÁCIDO R. CASTRO 104

LIBROS, por *X. M. Beiras, R. Piñeiro, Bernardino Graña, X. A. Arxona*, e *X. M.ª Álvarez Blázquez* 106

O REGO DA CULTURA 129

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Dep. Leg.: VG-99-1963

A FORZA ENXENDRADORA DA MORAL [1]

É un feito coñecido da nosa vida corporal e anímica que estamos arrodeados de medios cuia eisistencia, en xeneral, non percibimos. Da súa importancia soio nos decatamos cando, de sutaque, fallan ou varían tanto que nos sentimos conmovidos e incruso ameazados. O dito sabido de que "algo nos é tan necesario como o ar que respiramos", alude á eisistencia de ise medio natural. Algo parecido hai tamén no dominio do espritoal. Moito disto fuxe á nosa ouservación. Pro si tal realidade deixa de funcionar, entón tórnasenos difícil, no senso anímico, o respirar como é debido. Cando chegamos a un país onde ninguén fala nin entende a nosa língoa, sentimos inmediatamente o que siñifica o medio que constituie "a língoa materna".

Os nosos contemporáneos non acostuman a falar demasiado do esprito supraindividual; máis ben falan da Sociedades e do xeito sociolóxico de considerar as cousas. E, nembargantes, velahí que ele ahí está, como unha atmósfera da que depende a nosa vida. Quero tratar hoxe dunha zona do esprito ouxetivo que é indispensábel como a língoa e que, como ela, percisa perentoriamente dun continuo perfeicionamento productivo. Refírome á *moral* que nos arrodea, que nos sostén e que nos guía. Con isto aludo máis que ás esterioridades que todo o mundo coñece, máis que á *moralidade persoal*, quer decir, á necesidade de decidirse nos conflictos éticos, á vivencia do deber, á concencia íntima. Chamo á moral un tecido do esprito. Quero insinuar con isto que se trata dunha creación supraindividual. Tén eisistido xa denantes de cada quén, eisiste dentro de cada quén, pro tamén se encara con cada quén de xeito eisixente. E non deixará de eisistir aínda que ise cada quén morra. Todo isto é moi semellante ó que acontece ca língoa. As *mores*, isto é, os costumes, están *frente* a ún, *dentro* de cada ún, e *por riba* de cada ún dunha maneira difícilmente apreixábel. Hoxe a verba moral non é apreciada; esperta axiña lembranzas de sermós, de historietas morales, de trompetería moralizante. I entre os máis cultos suscita ideias encol do "inmoral da moral". Non tén dúbida: o valor da moral xa apenas si se cotiza. Pro si un día deixara de funcionar por completo, entón notaríamos que se non pode vivire nin aituar nun espazo

[1] Iste traballo de E. Spranger é un capítulo do seu libro "Menschenleben und Menschheitsfragen", no que se recolle unha serie de interesantes lerias radiofónicas do gran pensador alemán, libro que "Galaxia" editará en breve, en versión galega de D. García-Sabell.

valeiro de moral. Por iso debéramos darnos conta a tempo e saber que temos que crear unha nova ética alí onde a atmósfera moral se enrareceu demasiado. É, pois, algo ben inquedante o inquirir si na nosa sociedade oucidental hai aínda algo eisí como unha forza creadora de moral.

I

Si perguntamos cál é a moral á que estamos obrigados nós, na Europa cristián, ninguén ha vacilar na contesta: *os Dez Mandamentos*. Asegún a relación da Biblia, no chamado segundo libro de Moisés, Deus mesmo, aparecendo en persoa no monte Sinaí, entregounos ó supremo xerarca espritoal da tribu nómada de Israel. Mais con isto o que se quere é subraiar a siñificación eminente distas dez obrigas fundamentales. Os libros que levan o nome de Moisés i, en xeneral, o *Vello Testamento* conteñen moitas outras normas morales moi concretas que proceden de diferentes épocas e que se relacionan cas cambiantes condiciós de vida dos fillos de Israel. Tamén Xesús de Nazareth atopóu outras circustancias eisistenciales dentro do seu mundo de sacerdotes, publicanos, soldados, pescadores, etc. Pro ele seguíu considerando aquéles dez mandados fundamentales como normas básicas. Mais o que é "cumprir a lei" non siñificaba, pra ele, seguila ó pé da letra, senon animala ca máis entrañabel disposición anímica. Dise xeito non poderá fallar a realización xusta. I ele se non dirixíu na súa época —a da cultura universal greco-romana— somentes ós xudeos, seus compatriotas, senon a tódolos fillos de Deus.

Dista referencia ós *dez mandamentos* despréndense tres consecuencias:

1.—Xa están escritos dende tempos moi remotos. Pro o estar escrita non pertenece á esencia de *cada* moral, e incruso pode siñificar un perigro prá vida auténtica de calquer moral. Confucio, o grande mestre moral dos chinos, soio recopilóu o que xa se tiña desenrolado como orden moral decisivo, no seu circo cultural, ó longo de séculos. O contido concreto dos preceitos de vida depende ostensibelmente das variables condiciós de eisistencia do pobo ou pobos respeitivos. Nin tan siquer o *Dereito* está codificado en todas partes, isto é, apreixado por escrito.

2.—A xustificación i a legalización dos ordenamentos éticos realízase nos tempos antigos de xeito que se atribuien a manifestaciós direitas da vontade dos deuses, ou de Deus; por exempro, naquéle encontro de Moisés co Deus dos xudeos no monte Sinaí. Mais como tal lei pode selo soio en aparencia cando os interesados cumplen, sin participación cordial, somentes a letra do mandado, Xesús chamóu a atención sobor da necesidade do íntimo encontro con Deus e, por tanto, ca fontenla orixinaria da concencia e do pensamento. Iso distingue a moral da ordeación coercitiva á que chamamos "Dereito positivo vixente". Iste fundaméntase sempre nunha moral, pro non é idéntico con ela.

3.—No exempro de Moisés e Xesús vemos cómo unha moral popular é eisaminada, meditada e purificada por privilexiados Profetas elexidos de Deus. Eisí, dunha parte, volta de novo ós pensamentos básicos e, doutra, desenvólvese en forma productiva, de amplias ramificaciós, con vistas a novas condiciós eisistenciales.

Distas dúas direiciós seguiremos hoxe a da concretización. Pois as novas situaciós culturales eisixen que os preceitos éticos de índole xeneral apunten cara situaciós e obrigas que a moral tradicional non puido incluir no seu seo, simplemente porque aínda non eisistían. Tamén o Sermón da Montaña tería de se "traducir" ás circunstancias modernas pra sere hoxe totalmente entendido e totalmente operante. Tería de se inculcar de novo, unha i outra vez, na concencia dos "homes modernos".

II

Tratemos, pois, agora, de nos poñéremos de acordo, o máis sumariamente posíbel, sobor do que é, en verdade, unha moral e de cómo ela funciona nunha totalidade cultural. Polo pronto xa non chama a atención o dito "unha" moral. Con ele pénsase nas imaxinábeles diferenciaciós tal e como as produce e permite recoñecer a Historia. Ó comenzo califiquei á vida moral como un "tecido do esprito". E resulta que tamén nisto a moral é comparábel á língoa. Como ela, tampouco se atopa en outra parte que non seña nas almas. Non é unha estrutura que eisista por sí soia. E tamén eisí como ó falar cada ún insértase, de certo modo, nun tesouro de formaciós sonoras siñificantes, de reglas gramaticales e sintácticas, do mesmo xeito, cando ún, na vida cotián, formula un xuicio de valor encol do próximo, usa dun sistema ético que ele mesmo non elaborou. Parece como si de algún xeito estivera ahí pra que ele o usara. Igoal que a frase pronunciada é comprendida súpetamente aínda que non teña habido ningún acordo previo no tocante á súa siñificación, tampouco eisiste un tal acordo previo no que se refire ás valoraciós morales. Eiquí aitúa unha relación espritoal trascendente que posee, sin se decatar delo, cada grupo comunitario i, en especial, cada pobo. Isa coherencia pode sere aitivada na ocasión propicia. O idioma dalle a ista realidade sin nome, que eisí se pon en aición, a denominación indeterminada "se". O "se" resoa ampliamente nos xuicios morales de valor. I é aituante, dende logo, somentes no grupo que está cinguido pola historia e pola convivencia.

Istes xuicios de valor choutan como as chispas cando se pulsa un botón eléitrico. Xamáis se refiren ó valor dunha cousa, senón sempre ó valor dunha persoa, e certamente non soio ó valor das súas aiciós senón tamén ó dos seus pensamentos e sentimentos. As escadas de valor eiquí válidas (eisí o hai que aceptar) téñense solidificado durante a longa vida en común. En certo modo están precipitadas e sedimentadas. Pro, de momento non están fixadas por escrito en ningunha parte. Iso soio acontece máis tarde, ó igoal que o lingüista elabora ul-

teriormente o esquelete do idioma a partir do caudal léxico da gramática i a sintaxis.

O contido da moral é un compendio, ordinariamente recoñecido, de preceitos que obrigan a tódolos que fan vida comunitaria. As leises do deber moral chámanse tamén "normas". É o *esprito normativo*, que nos leva e nos envolve, o que dise modo se manifesta. Namentras que o orden xurídico tén á súa disposición todo un aparato que fai cumplir as súas normas —inspectores, fiscales, testemuños, xueces e órganos executivos— a moral soio tén un medio, ainda que, en realidade, moi eficaz: outorgar honor e retirar honor. Nas súas sentencias fúndase a "sona" da persoa. O que responde ás eisixencias da moral vixente posee boa sona. O que ofrece resistencia, perde a honra e incruso é eliminado. Son, pois, medios dunha enorme forza operante. A estimanza é indispensábel, o desprecio, perigroso, a proscripción, aniquiladora.

¿Qué servicio presta iste misterioso intercambio, ista ligazón do esprito supraindividual, ista *moral que impón normas*? Asegura o *nivel dos valores* na vida comunitaria, tanto pró individuo particular como prá coleitividade en tanto tal. Hai que insistir espresamente: Se non trata somentes da espida auto-conservación da sociedade, senon do contido de valor *da humanidade* que con ela colabora.

Honra e perda da honra refírense sempre a un orden xerárquico. Pro eiquí se non trata dun orden político, senon da clasificación conforme ó criterio do "bó" e do "malo". Ístes son os estremos entre os que se moven as tasaciós de valor moral.

Nembargantes, "bó" e "malo" son predicados diferentes, por exemplo, de útil e inútil, proveitoso ou perxudicial. Os pirmeiros poseen algo de definitivamente valioso en sí mesmos. De ahí que a moral imperante nun pobo, ou nun grupo particular, dependa moi íntimamente da súa total concepción do mundo. Mais a ningunha moral das que tropezamos na historia ou no mundo se lle pode atribuir un caráiter absoluto. En cada unha delas queda adherido algo moi terreo, algo que pertenece á forma privativa e concreta da cultura na que ela se inserta.

Mais si agora facemos a derradeira pergunta, a saber, ¿de qué modo poderá lexitimar a súa autoridade calisquer moral fácticamente válida?, entón voltamos a retroceder dende o esprito ouxetivo supraindividual deica a intimidade do esprito suxetivo. Soio alí resoa a vos da *concencia*. I a ela hai que tomala tan en serio como si fora a mesma vos de Deus. Isa vos que se dirixe a cada ún de nós nas situaciós máis singulares e decisivas, pirmeiro prevenindo, despois castigando. Iste é o raio máis misterioso que dende o absoluto cae dentro da nosa ialma. A concencia é, por conseguinte, a leira onde, con loitas e tormentos, se pode formar unha moral de contido novo. I, ó revés, a vella moral, xa solidificada, quítanos de enriba o peso de ter que tomar, en cada sazón, as decisiós morales máis axeitadas. Prás situaciós coñecidas e típicas, a moral xa nos tén preparadas as normas. Por iso tanto elas como as súas eisixencias deben sere sempre sopesadas pola concencia persoal. Certamente, a moral coleitiva sigue

sendo imperfecta e de término medio, xa que traballa con unha psicoloxía moi basta e moi mostrenca.

III

Percisamente por todo isto alguén podería afirmar que unha moral firme pra todo o pobo, ou pra determinadas capas do mesmo, é, en realidade, superflua. Na nosa época de eisaxerado individualismo cada coal fai o que lle peta e, no caso da ética, consulta, a través da súa concencia, direitamente con Deus. Ista ideia está, en certo modo, ben xustificada. Porque ela iñora que as circunstancias conflictivas que por sí mesmas se repiten a cotío deben orixinar valoraciós e preceitos xenerales. O individuo é exonerado de loitar por sí soio ante os problemas morales. Tén á súa disposición unha firme e perfeita moral. As normas recoñecidas e acatadas dan forma e contido ético de outo valor á convivencia do grupo. En consecuencia, quen conscentemente colabore pra que se forme unha moral nova cuio contido esté de acordo cas profundas modificaciós da vida, ise é o que axuda ó ennoblecemento da vida moral. E dende logo, alí onde se crea unha cultura nova, pro prescíndese de lle dar normas morales, alí é esquecida unha parte esencial. A tarefa non vencida conducirá a graves reveses. Xustamente iste esquecemento é o que enxendra o medo i a preocupación.

Hai que acrarar algo todo isto a favor de manifestaciós de tempos pasados. A favor das morales de certos estamentos que ainda non enchen a leira da moral popular, e menos aínda a da moral xeneral cristián. Na sociedade gremial da Edade Media, e mesmo no estado absolutista da Edade Moderna, cada estamento desenrolóu unha moral de color específico. E tamén a teñen transformado, uns e outros, en razón dos cambios históricos.

Pró estamento dos cabaleiros non era posíbel competir cas virtudes ascético-monásticas. Mais de acordo ca súa empresa caraiterística, tamén se afanaba por conquerir a perfeición humán, dentro, craro é, da *súa liña* peculiar. Desenrolóu o seu típico e pretencioso conceito do honor, praiticóu, ó seu xeito, o senso do sagrificio e, derradeiramente —despois de graves e cruentas loitas— espoñía *a súa concencia* dediante de Deus. Os conceitos morales que eisí se iban formando, e que foron cantados polos poetas, tamén aituaron como modelos prás crases inferiores da sociedade. Eisí encheron esferas da eisistencia nas que non tiña penetrado, e non podía penetrar, a outa moral cristián da Eirexa. Outros outos exemplos disto mesmo, que permiten ver novas variaciós das éticas particulares, están constituidos polo amplio efeito exercido polo ideal do *gentleman* en Inglaterra, ou polo esprito do *Samurai,* ca súa incomparábel fidelidade, no Xapón, A función da nobleza tén cambeado en todas partes ó longo do tempo.

De forma completamente distinta tivo que formarse a moral burguesa durante a Edade Media. Agora aparece en pirmeiro plano o caráiter pacifista. Pro o honrado comerciante tiña que desplegar ou-

tras virtudes distintas ás do esperto artesán. Sería interesante que por unha vez se espuxeran comparativamente as conceiciós éticas dos distintos gremios. Sempre se podería demostrar que as respeitivas morales adequiren, dunha banda, o perfil propio da "cousa" (no senso máis amplio) que teñen que tratar, e por outra banda, o da ideia dunha humanidade valiosa tal e como pode sere arelada percisamente dende ise seu terreo particular.

Cristiáns, quéreno ser todos. Pro xa se nota sin máis que han de se medir con varas distintas o soldado cristián (miles christianus), o comerciante cristián i o arquitecto cristián.

Si perguntamos pola moral da xente campesía, entón os vellos tempos afúndense na escuridade, ou mesmo en estados peores. Mais prá época tardía do campesinado xenuino do século XIX, a literatura proporciona material abondo nas novelas de labregos (Bauernromane) que escomenzan con Pestalozzi e Xeremías Gotthelf e culminan no xiro do século (1900). Tamén eiquí poden ouservarse certas diferencias entre os diversos pobos e os distintos lugares de asentamento. Estudiar isto sería a tarefa máis diña e meritoria prá Etnografía nacional.

Todos istes achádegos de morales históricas con contidos ben concretos mencionámolas con vistas a unha custión de aitualidade, a saber: ¿Eisiste entre as circunstancias da gran urbe, nos métodos de producción tecnificados da gran industria, e nas condiciós da masa en xeneral, algo eisí como unha forza enxendradora de moral? ¿É isto somentes unha imaxinación do tempo do romanticismo, da coal hoxe mesmo se rirían os profesores i os pedagogos?

Ante todo, quero respostar de forma tranquilizadora: Aínda agora eisisten, inconfundibelmente, morales profesionales específicas, porque sin elas non marcharían ben as súas aitividades propias. Hai unha moral non escrita da profesión médica, unha moral do funcionario, do oficial do exército, dos abogados, dos comerciantes, e mesmo unha moral do trafego do automovilista, e unha moral de proteición da Naturaleza prós escursionistas. Mais de todo isto soio nos decatamos cando lemos na Prensa as contravenciós a tal ou coal orden. Iso non é raro. Pro ¿cómo poderían ocurrir ises casos si non houbese límites recoñecidos pra certos modos de pensar e de conducirse? Moitos deles incruso están fixados pola lei i o seu quebrantamento pode sere perseguido xudicialmente. Nembargantes, a derradeira pergunta que me permite o pouco tempo de que dispoño, é, ó mesmo tempo, aquela que dá motivo prá inquedanza. Os exemplos denantes elexidos refírense cáseque escrusivamente a profesiós que xa teñen trás de sí unha tradición. En realidade, trátase preferentemente da ampliación ulterior dunha moral xa implantada. Pro, ¿qué sucede ca forza formadora da moral naquelas zonas da cultura de Occidente que poñen en pé tarefas completamente inéditas i eisixen decisiós das que ninguén sospeitóu xamáis que puidesen eisistir?

É unha aititude caraiterística do home a de calificar como inmorales os novos modos de comportamento cando aparecen por pirmeira ves, aínda que a miudo non señan máis que distintos dos antigos. O usual vale xa como sagrado porque se fixo evidente. Dende logo, hai ordeaciós básicas que en realidade non poden cambiarse sin que empeoren. Unha "transmutación de tódolos valores" non é posíbel. A santificación moral da monogamia i o recoñecemento da propiedade privada non poden derogarse, so pena de que o home se desvalorice. Pro todo o mundo sabe que tamén eiquí son posibels algúns matices.

Cando a gran revolución francesa de 1789 derrubóu, cas institucións políticas, a vella sociedade gremial, a consecuencia inmediata foi unha xeneral confusión moral, a pesares de que o movimento tiña sido iniciado en favor da libertade i a dignidade do home. Ó terremoto de 1789 seguiron en Europa outras sacudidas, polo menos ó longo de 150 anos. En especial, pode chamarse ó século XIX "a época das emancipaciós". Baixo ise nome escóndese o inacabado das conceiciós morales na nova e aínda inmadura ordeación da sociedade. A emancipación do terceiro estado seguíu a do coarto. Ó mesmo tempo produciuse a emancipación da muller e, derradeiramente, tamén a da mocedade.

Unha consideración máis profunda do proceso demostra que a nova moral soio pode nacer da *loita de diferentes morales entre sí*. Non sempre conduce a crisis a unha nova e productiva creación. Si en Alemania os partidos políticos son en outo grado grupos de diferentes conceiciós do mundo, é lóxico que, mesmo por iso, defendan diferentes tipos de moral.

O continuo balbordo subterráneo que acompaña ó século XIX non procede somentes do feito de que devagariño se consolidan as naciós europeas como individualidades espritoales e morales. Unha gran parte da conmoción ten de atribuirse ó aspeito económico da vida. Iste faitor debera considerarse como a forza direitriz responsábel, e decisiva, de todo o proceso revolucionario. E tamén, en verdade, habería que ter en conta os descobrimentos i as invenciós das Cencias da Natureza. A máquina —xa se sabe— escomenza a súa marcha trunfal e, deica agora, sigue con un ritmo cada ves máis acelerado. A máquina alivia de peso á man, pro pesa sobor do corazón do home. A partir diste intre tódolos estilos de pensamento esperimentan un fondo cambio e tódolas tradiciós se tornan problemáticas. De xeito ben visíbel opera a técnica i o seu avance sobor do proceso económico e sobor da distribución dos bens de riqueza. Sempre que falamos confiadamente do "indiscutíbel progreso" estamos referíndonos á técnica. E cando, durante longo tempo, se produz o degoiro polas invenciós i as transformaciós, en realidade soio se pensa en termos de rendemento material. I esquécese, sinxelamente, que a todo novo modo cultural, a toda nova estroitura, corresponde a creación dunha moral obligadora, pois o progreso somentes eisiste alí onde ó mellorar os rendemen-

tos materiales i ó acrecer os bens de riqueza, se ennoblece, ó mesmo tempo, ó home i á convivencia humán.

Hoxe aínda nos atopamos baixo os efeitos tardíos do esquecemento, nista época técnico-industrial, da producción dunha nova e necesaria moral. Aínda hoxe son imperfectas as ordeacións éticas. E podemos ouservar nos pobos primitivos que súpetamente participan no noso estilo cultural, o impacto que prás súas formas tradicionales de vida siñifica *a industrialización*. A vella moral derrámase por enteiro. E se non trata somentes da repercusión do novo orden moral sobor das condicións do traballo e sobor da distribución da propiedade. Trátase da estensión dos seus efeitos á institución moral que chamamos "familia"; a posición da muller no conxunto da sociedade aínda hoxe sigue sendo confusa; moi vellas regulacións da vida sexual comenzan a esmorecer; a mocedade alcóntrase en pleno fogo cruzado de poderes denantes descoñecidos; i o instinto i as tradicións educativas tórnanse inestables.

A moral que na aitualidade emerxe do noso mundo, cas súas valoracións, os seus propios conceitos da honra, i as súas específicas cortapisas, aínda non se ten desenrolado e formado de todo. Nun principio viuse a panacea na orgaización e nas normas lexislativas. A orgaización é o fenómeno compañeiro inseparábel da técnica. O que pasa é que regula os modos de comportamento, pro non os novos modos do pensamento. En realidade, un novo Dereito soio pode xurdir alí onde xa teñan feito o traballo preparatorio previo tanto os novos conceitos éticos da xustiza, como as novas convicción valorativas. Pro unha cousa é segura: A ética como conxunto transcendente de convicción morales e como poder de regulación social aínda non está completamente formada i acabada.

De ahí a pergunta: ¿pode habere nista nosa época tan individualista unha tal trascendencia, é decir, unha moral que ligue e vivifique a cada ún de nós? Pois pode ocurrir que dadas as tendencias racionalistas da nosa época, isa moral seña en parte superflua i en parte, mesmo imposíbel. O temor de que incruso xa se non note o vacío no que estamos, queda neutralizado polo interés que desperta a consigna que fala de "restablecemento moral". Mais nos seitores —dignísimos dende logo— onde naceu isa consigna non se tén en conta que a moral non consiste somentes nalgúns servicios de caridade dos que cada quén pode encarregarse voluntariamente. O que se percisa é unha formidábel, unha considerábel forza fecundadora pra "moralizar a fondo" zonas de vida tan diversas como a Economía, o Arte, a Investigación, a Política i a Adeministración. (Xa temos visto cómo a cada aitividade profesional corresponde un tecido moral moi peculiar).

Por outra banda, as nosas espranzas de crear unha moral nova baixan abondo cando voltamos á comparanza entre o orden ético supraindividual i o esprito de transmisión transcendente do linguaxe. Hoxe a forza creadora da língoa ten disminuido lamentablemente. Antes non falábamos de CDM i EWG, nin de "cine", nin de "auto", nin de "fotos". Dende logo, pró intercambio aínda chegan istas verbas abominabels. O que pasa é que á moral idiomática que se esconde detrás

distos fonemas hai por forza que considerala como verdadeiramente miserábel.

"A forza enxendradora da moral" é un amplio tema no que todo o mundo debe aprofundar. Probabelmente resulta que no ámbito da vida moral houbo un notábel desplazamento do centro de gravedade. Denantes era unha moral popular por todos recoñecida e que axudaba á concencia persoal. Mais hoxe, en realidade, invítase a cada quén a que consecuentemente se abra a unha nova obriga, co coal a concencia adequire unha responsabilidade moito maior. Nas situacións éticamente importantes decide ti mesmo e obra de tal forma, que, ó mesmo tempo, fagas máis profundo e máis sensibel o esprito moral da comunidade á que perteneces. Pois se non trata somentes de acadar brillantes rendementos materiales, senon moito máis de que os homes (os portadores disa cultura de rendementos) cheguen a sere máis conscentes, mellores i, en certo senso decisivo, tamén máis felices.

Unha colaboración dise xeito co esprito moral do noso tempo igoalmente será necesaria si temos en conta que nós tamén habemos defender o mundo da libertade contra todo sistema de simple orgaización desprovista de alma.

EDUARD SPRANGER

GEORGE F. KENNAN E O PROBLEMA DA COEISISTENCIA PACÍFICA

> Mais o certo é... que soio se pode estar a ben co comunismo dun xeito: capitulando frente dil.
>
> *James Burnham* [1]

> "...unha condición *sine qua non* pra que as relaciós con Rusia teñan éisito é que o goberno estranxeiro interesado se manteña constantemente frío e comedido, e que o que lle pida á política rusa se presente de xeito que deixe aberto o camiño pra que os rusos podan satisfacelo sin perderen prestixio de máis".
>
> *George F. Kennan* [2]

I. Kennan nos Estados Unidos

Isas duas opiniós pubricáronse cáseque ao mesmo tempo, recén encetada a «guerra fría», e representan os dous polos da política norteamericana nos derradeiros vinte anos. Abondan isas liñas pra termos un retrato fidedigno dos seus autores. Dunha banda, James Burnham, ideólogo e dogmático; doutra, George F. Kennan, diplomático e tolerante. No 1947, Burnham representaba o que daquela se consideraba realista: a Unión Soviética era o mal absoluto que compría destruir pra acadar o milenium da civilización cristiá ocidental. George F. Kennan representaba unha voz disidente, diña de pouco creto, allea á realidade: Rusia era, efeitivamente, unha potencia hostil, mais a hostilidade non ía ser eterna porque Stalin (pra Kennan, non era o comunismo, senón, concretamente, o stalinismo o causante da guerra fría) non ía durar sempre.

Burnham estaba convencido de que era inevitábel a guerra ca Unión Soviética; inda máis: aseguraba que isa guerra —«a terceira mundial»— xa comezara había tres anos, na primavera do 1944, cando se sublevaran algunhas unidades da armada e do exército de Grecia dirixidas por elementos comunistas; sublevación que serviu de prólogo á guerra civil grega. En consecuencia, Burnham aconselláballes aos EE. UU. unha política ofensiva contra a Unión Soviética aproveitando a superioridade militar norteamericana —¿quén soñaba daquela con bombas atómicas soviéticas?—, e dise xeito eliminar o comunismo. Era a *roll back policy*.

---

[1] *The Struggle for the World.* The John Day Company, Inc. New York. 1947 (Hai versión castelá: *La lucha por el imperio mundial.* Ediciones Pegaso. Madrid. s. d.).

[2] *The sources of Soviet conduct*, in "Foreign Affairs", XXV, N.º 4 (July, 1947), 566-582. (Recollido logo como parte do libro de Kennan: *American Diplomacy* 1900-1950. The University of Chicago Press. Chicago. III. 1951).

Pola contra, George F. Kennan partía no seu razoamento de que era preciso evitar unha guerra. A Unión Soviética podía evolucionar, e tamén o bloque formado polos países comunistas. Non creía na posibilidade de desfacer a obra de trinta anos de réxime soviético, nin na viabilidade dunha democracia liberal e capitalista nos países que pertecían á esfera de influencia soviética. Era partidario, en troques, de lle pór un dique ao espansionismo ruso; de lle demostrar á Unión Soviética que o mundo oucidental —anque disposto a convivir— estaba decidido a preservar o seu xeito de vida. Propuña unha política de contención, «a policy of firm containment» decía il.

A confrontación dises dous estremos da política internacional dos EE. UU. deu como resultado unha pretendida síntese oficial —a «doutrina Truman»— que deixóu insatisfeitos aos respeitivos partidarios das outras dúas tendencias. Chamóuselle «política de contención», cousa que non foi do gosto de Burnham e os seus amigos. Mais, por outra banda, era tan pouco fleisíbel que Kennan viuse obrigado a se decrarar en contra da tal doutrina, asegún se recolle nun libro moi revelador de Fred J. Cook [3].

Dende entón, a política dos EE. UU. ca Unión Soviética oscila entre Kennan e Burnham; entre o acomodo realista e o esprito de cruzada anticomunista. A propia carreira profesional de Kennan sofríu —e sofre— a consecuencia disa oscilación: cando a política oficial sigue o camiño da coeisistencia, Kennan é figura importante na diplomacia. Cando se endurece, Kennan acóchase na quentura dunha cadeira universitaria i escribe unha obra exhaustiva encol das relaciós diplomáticas soviético-norteamericanas. Nembergantes, o feito de estar agora en Princeton, logo de ter dimitido como Embaixador en Iugoslavia non ten relación escrusiva ca política esterior dos EE. UU., senón máis ben ca maquinaria política interior, como logo imos ver.

A contrapelo

Con todo, o máis tráxico da posición de Kennan é que as súas opiniós continúan a espertar nos EE. UU. a mesma polémica que provocaban no 1947, malia teren acontecido tantas cousas na vida internacional e malia se ter demostrado a esaititude de moitas das súas apreciaciós. Era lóxico no 1947 que a opinión púbrica norteamericana —traballada por dous anos de prensa antisoviética e desilusionada polo fracaso da paz— reaicionara violentamente contra Kennan. O seu artigo de «Foreign Affairs», que pasóu a ser coñecido polo nome de «documento X», foi un escándalo político. E non soio nos EE. UU. A mesma prensa liberal europea lanzóu ataques dictados pola inseguridade e o medo perante do espansionismo stalinista. Inda no 1952, cando o artigo reaparecéu como parte da edición europea do libro *American Diplomacy* 1900-1950,

[3] *The Warfare State*. The Macmillan Company. New York. 1962.

un comentarista de «The Observer», de Londres [4] pouco menos que lle chamaba a Kennan traidor por criticar o intento norteamericán de «trasladar á esfera internacional o concepto anglo-saxón de dereito individual e facelo apricábel aos Gobernos tal como nacionalmente se aprica aos individuos». Quer decir, por non admitir Norteamérica a posibilidade de coeisistiren no mundo sistemas políticos diferentes. «Mr. Kennan —decía Haffner— é un exemplo dise novo fenómeno de mitade do século xx, o fenómeno do *nice American*, que se sinte culpábel e avergoñado do novo poder norteamericán, que trata de compensalo cunha doble dosis de xentileza e finura e que, formado nunha educación europea, ten desenrolado unha nostalxia romántica por un pasado que non é o seu».

Efeitivamente, Kennan, escudándose nunha cita de Tocqueville [5], chegaba a decir que as formas de goberno fórxanse principalmente na práitica, non no valeiro dunha teoría; responden ao caráiter e á realidade nacionaes. Aconselláballes aos americáns non se preocuparen escrusivamente de que, xa pasado tempo e mudado as circunstancias en Rusia, as instituciós coincidisen co concepto americán de democracia. «Dádelles tempo —decía—; deixádeos seren rusos. Os camiños dos pobos cara a diñidade e a ilustración no goberno constitúen os procesos máis fondos e íntimos da vida nacional».

Kennan confiaba nunha evolución paseniña do réxime soviético; evolución que, sin dúbida, comezóu ca destalinización. A realidade disa transformación fixo cambiar moito as opiniós europeas en col da Unión Soviética, e hoxe a maioría dos comentaristas europeos van moito máis lonxe que George F. Kennan nas súas concrusiós. Hoxe Kennan fala como un conservador moderado europeo, e todo canto dí é moeda de curso legal nos circos políticos de Europa. Mais, endemal, nos EE. UU. continúa a provocar polémicas e a espertar sospeitas, cando menos, de «naiveté» e, ás veces, de perigoso anti-americanismo. Mesmo nun xornal como o «New York Times», que pasa por ser un portavoz liberal e moderado, pubricóuse un comentario [6] encol do último libro de Kennan, e o comentarista perguntábase hasta qué punto non sería a política de forza norteamericana, máis que a evolución natural do réxime soviético —como supón Kennan—, a causante das transformaciós do bloque comunista. «Moitos se perguntarán —decía o revisteiro— si non se precisará todavía unha política de dureza e de amistade combinadas pra fomentar máis transformaciós na política soviética».

---

[4] Sebastián Haffner: *Mr. Kennan is wrong*, in "The Observer", 24 febreiro 1952.

[5] "Canto máis conozo iste país (Norteamérica), máis me vexo convencido diste axioma: que non hai nada absoluto no valor teórico das instituciós políticas e que a sua eficacia pende caseque sempre das circunstancias peculiares e da situación social do pobo a quen se lle aprican".

[6] *Those Changes in the East-What do they Mean to the West*, por Robert R. Bowie, "Te New York Times Book Review", 10, 5. 1964.

Ise derradeiro libro de Kennan [7] —que analizaremos— foi escrito como resposta ás opiniós ultradereitistas partidarias da cruzada contra o comunismo; opiniós que inzaban dabondo a principios do ano pasado como preparativo pra a campaña eleitoral de Goldwater. Kennan sentíase decepcionado pola falta de realismo dos anticomunistas, e concretamente ca linguaxe dos xornalistas conservadores que falaban dun estado de «guerra» ca Unión Soviética. E decatóuse de que eisistía nos EE. UU. «un núcleo de opinión numeroso e importante —e crecente, asegún temo— disposto totalmente a refugar por completo a esperencia e os xuicios de tódolos que tivemos a responsabilidade de tratar o problema da potencia comunista nos derradeiros trinta anos [8]; un núcleo de opinión que estaba disposto a botar pola borda esperanza e pacencia, a adoptar unha perspeitiva que non deixaba outra posibilidade que a loita máis incesante, encirrada e intolerante, e a levar adiante unha política que —estóu convencido— soio podía conducir, con lóxica inexorábel, ao desastre definitivo e irreparábel que todos sabemos».

Un diplomático con ideas propias

George F. Kennan é unha figura singular na vida política dos EE. UU., poisque, por formación e temperamento, non se adapta aos modelos ordinarios da política do seu país. A primeira vista, poderíase coidar que, por ser un inteleitual, non ten lugar axeitado na política e que millor está no mundo académico. Mais non sería esaito: tivo unha brillante carreira diplomática, que o seu inteleitualismo non empecéu, e, a xulgar polos seus escritos, é un ouservador realista da política, e non un profesor metido a diplomático.

Entróu no corpo diplomático norteamericán no 1926, logo de se ter graduado na Universidade de Princeton. Inda moi novo, por ser un bó coñecedor do idioma ruso, foi enviado como terceiro secretario de Embaixada a Moscú no 1933, acompañando ao Embaixador Bullit cando se estableceron relaciós diplomáticas entre os EE. UU. e maila Unión Soviética. De 1935 a 1944, como segundo secretario, estivo en varios países de Europa: estaba en Praga cando Hitler invadíu Checoslovaquia, e logo en Berlín cando o ataque contra Pearl Harbour. Ocupóu outros postos diplomáticos, xa como conselleiro, e acadóu gran notoriedade ca polémica arredor da guerra fría, que xa temos sinalado. Convirtíuse en xefe de planificación política do Departamento de Estado i en 1952 foi nomeado por Truman Embaixador en Moscú.

Ise nomeamento tivo moita importancia. Chegara o intre de negociar unha reducción da tensión na guerra fría, e non había figura máis indicada no corpo diplomático norteamericán que Geor-

[7] *On dealing with the Communist World*, Published for the Council on Foreign Relations by Harper and Row Publishers. New York and Evanston, 1964.

[8] Cando Kennan escribía isas liñas cumpríanse trinta anos do establecimento de relaciós diplomáticas entre os EE. UU e maila U. R. S. S.

ge F. Kennan. Os comentaristas internacionales —desque se comezóu a falar da posibilidade dise nomeamento— estaban seguros de que con Kennan non se deixaría de ensaiar ningún método de negociación amistosa ca Unión Soviética. «... si Washington confirma e Moscú acepta o nomeamento de Kennan —escribía o corresponsal de «Le Monde» en Washington [9]— hase interpretar sin dúbida como síntoma seguro de distensión internacional».

Kennan estivo en Moscú hastra a entrada de Eisenhower na Casa Blanca. Incapaz de seguir a política republicana, decidíu dimitir do corpo diplomático e adicarse ao estudo da historia das relaciós ruso-norteamericanas [10]. Deixóu as súas aitividades académicas no 1961 pra ir de Embaixador a Iugoslavia como símbolo do esprito de «nova fronteira». Alí estivo hastra setembro do 1963, cando dimitíu outravolta do corpo diplomático. Dista vez, xa non se trataba dunha disensión política co goberno norteamericán, poisque comungaba co estilo de Kennedy. Era algo máis fondo: a convicción de que o Congreso dos EE. UU., maldisposto ca política de relaciós normaes cos países socialistas, non permitía desenrolar unha aitividade diplomática normal. Unha vez ceibe dos vencellos co corpo diplomático, Kennan falóu craramente dises problemas nunha entrevista que lle fixo a revista «Look» en novembro de 1963 [11].

Kennan distinguía tres forzas que paralizaban a política estranxeira dos EE. UU. Primeira forza, o Congreso, onde us poucos políticos poderosos (os presidentes de algús comités clave) teñen controlada a política esterior. Algús teñen opiniós ríxidas encol do que o Goberno debería facer; outros teñen medo de que os estremistas poidan criticalos (estremistas de dereitas, naturalmente); outros sobrepásanse na custodia do diñeiro do país. A segunda forza, é a burocracia gubernamental; burocracia que non reaiciona con rapidez dabondo perante dos cambios políticos. A terceira, é o egoísmo dos aliados dos EE. UU., que moitas veces obstaculizan unhas negociaciós por motivos particulares. E concruía que «o Goberno Kennedy non ten libertade en política esterior». A súa di-

---

[9] 22. Novembro. 1951.

[10] Por certo que a dimisión de Kennan foi motivo dun incidente de mal gosto e de arbitrariedade causado polo Segredario de Estado, John Foster Dulles, a quen Kennan tiña criticado denantes de ganaren os republicáns. En xunio do 1953, Kennan levaba dous meses en espera de que lle aceptasen a dimisión o Segredario de Estado ou o Presidente. Dulles estaba decidido a non lle dar resposta, tratando a Kennan como se trata a un incompetente no corpo diplomático norteamericán: tres meses sin lle dar destino equival á sua espulsión do corpo. Un axudante de Eisenhower —Emmet John Hughes, que conta o sucedido no seu libro *The Ordeal of Power* (New York, Atheneum. 1963)— soupo do caso e descobríu que o culpable era o Segredario de Estado. Fixo algús trámites e conseguíu que se arranxara o asunto, mediante unha amábel carta do Presidente a Kennan.

[11] Reproducida en "The Observer", de Londres, o 10 de novembro, co títduo: *The paralysis of American power*. E tamen en "L'Express", de París, o 28 de novembro, co títduo *La crise de l'Amerique*.

misión como embaixador en Iugoslavia fora provocada por isa paralización das aitividades diplomáticas: «Non tiña problemas co Goberno, mais as medidas adoptadas polo Congreso pra controlar as relaciós económicas con Iugoslavia —medidas que, en certo senso, negarianlles aos iugoslavos un trato comercial normal— paralizaban moito o meu labor. Si eu contara con máis apoio no Congreso, e coidara que había posibilidade de acadar millores resultados, cicáis houbera decidido outra cousa».

No fondo, Kennan consideraba que o maior obstáculo prás relaciós normaes con Iuguslavia —e cos outros países socialistas— era o de que a opinión pública dos EE. UU., unha boa parte da opinión pública, non tiña superado o vello concepto da guerra fría co stalinismo. Ás veces, Kennan recibía visitas de congresistas norteamericáns que escoitaban atentamente a opinión do embaixador sobor de Iugoslavia e comentaban: «Todo o que vostede dí é certo, mais eu non podo voltar ao meu distrito logo de axudar a un país comunista». E decía Kennan: «Todos temen que os acusen de non seren anticomunistas dabondo. As dereitas acadaron unha influencia que abonda pra silenciar aos que non comungan co ilas e pra que todo o mundo percure non ser ouxeto das súas críticas».

II. As relaciós co mundo comunista

> "Pra o meu ver, o que divide os dous mundos non é unha diverxencia de ouxetivos, senón o medo, a timidez, o problema sin resolver de Europa ocidental, e máis a noxenta dinámica dunha carreira armamentista tan absorbente, que as duas partes tenden a esqueceren a cuestión da sua orixe". [12]

Cando Kennan fala das dereitas, debemos entender as ultradereitas, poisque, doutro xeito, semellaría que il é un esquerdista revolucionario. Nono é, i está moi lonxe do esquerdismo. En Europa —como xa decíamos denantes— pasaría por conservador moderado, mais no confusionismo da opinión pública estadounidense ten, ás veces, resoancias de perigoso revolucionario. É, no fondo, un caso de choque entre o realismo político e ises prexuicios, entre patrioteiros e de ética puritana, que a opinión dos EE. UU. aprica á vida internacional. E o choque prodúcese cada vez que Kennan fala nunha tribuna, nunha entrevista xornalística ou nun libro. Deixando aparte a súa obra histórica fundamental *Russia leaves the War* [13], froito da súa primeira retirada do corpo diplomático, e que non chegóu ao gran público, tódalas súas opiniós dan sempre lugar a grandes polémicas. Xa falamos do rebumbio político do seu artigo de 1947 en «Foreign Affairs», e tamén do que provocóu o libro *American Diplomacy*, en 1951. Máis adiante, no outono de

[12] *A Conversation with George Kennan*, por Melvin J. Lasky, in "Encounter" March 1960, vol. XIV, N.º 3, p. 46.

[13] Pubricada no 1956, acadou o Premio Pulitzer de Historia daquil ano.

1957, a polémica foi internacional e moi seria, por causa das seis conferencias que pronunciou na B.B.C. de Londres na serie anual de «Conferencias Reith». Co tíduo de *Russia, the Atom and the West* [14] aquilas conferencias analizaron a situación soviética interior, as relaciós soviéticas co mundo, o problema político-militar de Europa Central e Oriental, o mundo non europeo en relación ca Unión Soviética e co Ocidente, o futuro da OTAN e as relaciós anglo-norteamericanas. O punto máis polémico foi o seu plan de retirada de forzas militares de Europa Central, moi semellante —en versión ocidental— ao proposto polo ministro polaco de Relaciós Esteriores.

Por último, aparecéu o seu libro *On dealing with the Communist World* (vid nota 7 *supra*), froito tamén dunha serie de conferencias, as «Elihu Root Lectures» orgaizadas polo «Council on Foreign Relations» de Nova Iork. Xa vimos a recepción que tivo nas páxinas do «New York Time». Por ser o libro máis recente de Kennan, e por recoller nil toda a problemática das relaciós entre Ocidente e o mundo soviético, imos analizar con lecer as opiniós nil deitadas, que veñen ser unha recapitulación das que o autor espuxera en tódolos seus libros anteriores.

Fundamentos racionaes da coeisistencia

Pergúntase Kennan cál debe ser a política dos EE. UU. cara a Unión Soviética: acadar unha rápida e total destrución do Comunismo, destruindo tamén as posibilidades de convivir co il, ou percurar arranxamentos pra convivir co comunismo, e infruir nil, anque se perdan as posibilidades de destruilo. Kennan creía que os seus compatriotas abandoaran a primeira posibilidade dende o 1933, mais a partir do 1950 síntese a forza dun núcleo de opinión que non quer saber nada da coeisistencia, e que ten gran infruencia na xente nova i en grandes rexiós de Norteamérica. Kennan considera que o poder dise núcleo de opinión é tanto, tanto manda no Congreso e noutros circos políticos, que non lle parez eisaxerado decir que na capital da nación fanse simultáneamente dúas políticas estranxeiras contradictorias con relación ao comunismo.

Analiza Kennan o punto de vista dos cruzados anticomunistas que sosteñen a opinión de que, si se lles axudase, os pobos da URSS e de China refugarían toda a doutrina e o sistema comunistas. «Os pobos —din—, guiados axeitadamente, coidarán da súa propia libertade, cando se vexan liberados da dictadura comunista». E pergúntase Kennan si os que tal opinan pensaron algunha vez no feito de que dentro de Unión Soviética non hai ningunha oposición e que, por outra banda, o país non tivo máis que unha limitada esperencia das formas democráticas ocidentaes, e poucas persoas quedan das que participaron naquila esperencia. De non ser —cra-

[14] Pubricadas logo como libro por Harper & Brothers Publishers. New York. 1958.

ro— que se pense nas minorías non-rusas que forman parte da URSS, minorías que —asegún os anticomunistas— anceian a independencia, e que Oucidente podería apoiar pra destruir; non soio o réxime comunista senón tamén o Estado ruso tradicional. Kennan recoñece a importancia do sentimento nacionalista dentro da gran federación soviética, mais afirma que non se teñen datos concretos encol do problema. A forza dise razoamento nos EE. UU. é tanta, que no 1959 o Congreso norteamericán aprobóu a chamada «Captive Nations Resolution», que defende a tese de que se debe axudar aos nacionalistas antisoviéticos dos países que forman parte da URSS [15].

Kennan sinala a insensatez política de tal teoría, que xa fracasóu na guerra civil de 1918 a 1920, e que tería por resultado unha guerra e a oposición absoluta dos rusos frente a tódolos causantes da desmembración da federación.

Outra teoría contra da coeisistencia é a da que Oucidente acadaría pouco menos que a rendición incondicional da Unión Soviética si se lle demostrase que habería guerra de non se axeitar ás peticiós oucidentaes. E que xa se veu así en varias ocasiós que cederon ante a resolución oucidental, como no caso da crise de Cuba de 1962. A historia non dá pé pra supor que os comunistas soviéticos son cobardes —dí Kennan—, e si imos interpretar cada mostra de prudencia como falta de caráiter frente a unha presión militar, «tremo co medo de pensar nas futuras consecuencias de tal opinión nas relaciós ruso-norteamericanas». O feito é —dí o autor— que tódalas teorías dos enemigos da coeisistencia conducen á guerra. ¿E qué finalidade tería tal guerra? «Síntome asombrado i escandalizado cando vexo —como ás veces acontece— aos nosos estrategas militares e comentaristas deciren que o noso ouxetivo na guerra é simplemente «matar alemás» ou «matar rusos», ou matar a quen sexa o noso particular enemigo. ¿É isa realmente a finalidade da guerra? ¿Acadamos algún beneficio realmente —prosperan realmente os intereses dos EE. UU.— polo feito de se estinguiren vidas nunha loita nalgún lugar da terra? ¿E prosperan ises intereses en proporción ao número de vidas estinguidas? Nono podo crér... A cuestión non é: ¿por qué non acadar a victoria? (como din os enemigos da coeisistencia). A cuestión é: ¿qué siñifica a palabra «victoria»?».

[15] Niste senso, compre citar que no 1951 Kennan pubricara un artigo tiduado *America and the Russian Future* ("Foreign Affairs", XXIX, N.º 3, Abril 1951, p. 351-70, e logo recollido no libro *American Diplomacy*) no que atacaba a militancia da propaganda anticomunista norteamericana dirixida á Unión Soviética, e principalmente a da "Voz de América". Decía: "Calquer intento por parte dunha nación de lle criticar direitamente a outra os seus asuntos políticos é un procedimiento discutíbel, cheo de posibilidades de mala interpretación e resentimento. Iso é particularmente certo cando hai diferencias de esprito e tradición e cando a terminoloxía política non é verdadeiramente traducibel. Ista opinión non debilita a importancia de "A Voz de América", cuia función con respeito a Rusia é reflexar ca másima fidelidade a atmósfera e as aititudes do país pra que o cidadán soviético poda xulgalas. Mais isto nada ten que ver con chamamentos pra que se emprendan determinadas aiciós políticas.

Por outra parte, ¿qué resultados positivos acadaron as teorías contrarias á coesistencia? A «Captive Nations Resolutions» non chegóu a liberar *ninguna nación cautiva*, i *en troques* sirvíu pra irritar a moita xente, que en boa parte non son comunistas. Serviu pra lles dar a razón, aos estremistas das dúas partes, complicando o labor dos gobernantes que percuraban evitaren a guerra. E outro tanto se pode decir das outras opinións en contra da coeisistencia.

"Si se cabrea que se cabree. A mín qué. Aguanto i adiós. Vaime matar ou qué. Si se cabrea, hala, a beber, a beber i a cantar ou qué, Xa sei o conto. Nada de berros nin barullos. Conozo ben o choio. Nin xiquera chora, nin xiquera me di borracho, non, ela ben sabe. Abóndalle ai, meu Dios, ai, meus filliños, ela ben sabe. Si se cabrea que se cabree. Ás doce e media non me meto eu na casa. Non me meto non ou qué. Vou estar de oito a oito dando crases e logo nada, non, home, non. Veña, que se cabree. Ai, meus filliños, ai, ai que estóu canso. Porque un home pódese cansar e despois, bueno, é millor calar porque me estóu cansando de ter alí, no primeiro banco ó fillo do Chevrolet, con cara de touciño porque estoume cansando e un día ponse de rodillas sin máis porque me dá a gana, porque estóu canso de ver a cara de parvo que ten, que parece un apalominado me cago nil, qué burro, ai, qué burro, que lle vou decir ó "Chevrolet" que o poña a cavar ou que o meta nun comercio que o raparigo non sirve, que é tatexo e non me sabe dividir por decimales, cara de touciño, cara de non sei qué que ten o porco ise. E si se cabrea tamén me cabreo eu, que xa está ben, que xa non aguanto máis ai, ai, meus filliños, que eu son quen ten que traballar e voume cansar e un día non sei, collo e cabréome i entón, pof, vaise todo ó navizo e marcho i adiós, a traballar onde seña e si se cabrea, peor, tamén me cabreo eu, que xa está ben de apandar ou qué, que non vai ser sempre día de santo entroido. Veña, que si bebo é a miña conta que non lle pido a ninguén e si lle pido, millor, que si pides prestan ó oito, que xa podes ter a muller pra dar a luz, que non hai volta, quince mil i ó oito e si non che convén, veña, ós morcegos, a papar vento, que bastante favor din que che fan, que se espoñen, que os recibos ó fin non sirven pra nada, que non che van quitar a pel ou que inda que findes na cadea eso non importa, que con ir ún á cadea eles non cobran e que si che embargan o embargo non val o que tiñan que cobrar, que si me cabreo vou coller o vaso e vouno escachar contra o chau e si quero non deixo un vaso sano, que xa veremos cómo me arranxo en xaneiro que me ven o quinto en camiño i aínda que traia o pan debaixo do brazo o pan heino mercar eu ou qué. I a algún voulle mandar o vaso á cabeza, que de mín non se rí ninguén nin naceu fillo de nai que me bata, que me estóu cansando e vai ser ela, que me estóu cansando e cando me canso non respondo, que xa está ben ou qué, tanto mirar de esguello ni niño muerto, tanto mirar así, como si non foras xente ou como si non tiveras ollos, que moitos pensan que ún é parvo coma o fillo do "Chevrolet", que ten cara de touciño, que algún vaise acordar da nai que o pariu. "E si lle toca ó fillo do Chevrolet, tócalle, que ten o ángulo facial outuso de dez grados. Anda, anda, pinta, parvo, pinta un ángulo recto, que non sabes o que é, home claro, que

non sabes, home claro, que non sabes por qué tes o ángulo facial outuso de dez grados, ai, ai, ai, que nono sabes, que ninguén sabe nada, ai, meus fillos, ai, van rematar parvos por falta de vitaminas D ou C i o fillo do Chevrolet i os mil fillos de San Luís i os mil lapós de lonxe, da Laponia, do frío, que din que sí, que sí-señor, que todo está ben, que todo vai ben, que sí, que si-señor i aplaudir así: plaf, plaf, plaf, todos, que aplaudan todos, que todo o mundo aplaude, que hai que aplaudir, sí, sí, si-señor, que a ver si pensan que ún é parvo ou qué, que ún somentes come touciño ou qué ou que ún as pasa negras, negrísimas, sin decir que se pasan negras, negrísimas, porque está millor visto decir que se pasan blancas, ai, que se me abre a boca, a... que teño sono, soneiro, sonámbulo, sonámbulos todos, todos: eu i o taberneiro i as vírxenes de oitenta anos histérico sonámbulo perdidas i os perdidos, sonámbulos tamén, ai, sonámbulos os meus filliños, ai, que meu home é un perdido, pero nono dí, eso nono dí, ai, que nono dí, que nono dí, frere xaque din din don, que nono dí, que nono vín, pero dixéronme que sí: *gallegos y animales* ou algo así, o carteliño da estación de Madrí i i i, pi i i i, que estou trompa e qué, si son de provincias e qué, porque ó millor non somos xente e temos o ángulo facial outuso e falta de vitamina D, algún vaise acordar de mín e do chotis i agora voume porque quero e non me manda ninguén porque son *y son y son unos fanfarrones,* faraones, ones, ós, millós, que son cousas da fonética, ai, ai, ai a fonética, ética, estética, dietética, cosmética. Voume. Unha, duas, tres...

DIDIANTE DO RETRATO

Agora estou aiquí, soilo niste cuarto escuro cheo de libros, arrodeado de dibuxos que representan campesiños de cara esnaquizada, rexos dibuxos que non lle gustan a ninguén. Estóu soilo nesta habitación rosa, didiante do retrato probe, sin marco nin cristal, diste home bó, diste home outo, cegato de mirada triste, que morreu pra alá do Atlántico, que morreu, que morriche lonxe, Castelao.

Hoxe chove i eu boto números, fago contas, multiprico pra saber cánto falta aínda, cánto fai falta pra que alá, na Xironda, aiquí, a poucos quilómetros, unha vella que se chama Dina coma durante trescentos sesenta e cinco días, de dez ferrados de centeo que colle ó ano e pra saber cánto lle sobra a unhos amigos de Vilaseca que collen tres ferrados pra catro personas, cánto lles sobra, digo, pra pagar aínda o dezmo, aínda, pra saber cánto fai falta, cánto, pra saber cántas Dinas quedan aiquí, cántas boas Dinas, probes Dinas, vellas Dinas quedan. Fago contas, meu home dos lentes e do retrato sin marco nin

cristal, boto números pra conocer os grados Fahrenheit ou Réaumur que marca o termómetro da dinidade, o termómetro da vergonza e da verdade, o termómetro noso, todolos termómetros asoballados que xa non sirven, que xa non marcan, que xa non teñen o mercurio pra que suba aínda que sollo seña unha miga, unha miguiña sollo. ¿Qué pasa aiquí, meu vello artista desgarvado? ¿Qué pasa aiquí pra que marche tanto fillo de maestro prós conventos, sin saber por qué, nin pra qué, sin saber que no Instituto non, que alí non, porque non señor, porque non, sin máis espricaciós económicas sobor da carestía ou baratura e farturanza? ¿Qué pasa aiquí pra que un home nos colla nunha taberna pola noite pra falarnos daquelo, unha i outra vez, daquelo, dun tiro nunha perna e sin pensión, do ano da fame?

CARLOS CASARES

EN LEMBRANZA DE T. S. ELIOT

(† 4-1-1965)

Dende esta terra e nesta fala galega que o finado T. S. Eliot houbera amado, pareceu oportuno aos editores de GRIAL adicar unhas páxinas ao seu recordo. E, sabedores de que levo avantada unha versión de *Murder in the Cathedral* (1935), que se foi facendo paseniño e nos ratos de lecer, tiveron a xentileza de me demandar un pequeno retallo dela pra pubricalo nesta triste circunstancia. *O homenaxe é ben cativo, si algún homenaxe é, pero a groria*

de Eliot xa acadóu aquel lauro inmorredoiro que non amuchan ditos de homes ou ultraxes do tempo. Nesta peza dramática como en *Xuntoiro de familia* (1939) ou nos máis grandiosos dos seus poemas, poñamos por caso, os *Four Quartets* (1935-44), Eliot «accède à l'impérissable», como escribe agora Marcel. O tal logro nono apouca a máis ruin das versións.

¿Hai unha concesión á sotileza, á leria, ás hipótesis vans e indemostrábeles, no supoñermos que Eliot houbera gustado deste rincón de Oucidente, dono dunha tradición milenaria e dunha língoa de seu? Eu coido que non. Vocación europea, adentramento nas literaturas románicas, temperamento aristócrata, visión cristián e xerárquica da Cultura e da «Cibdade temporal», levábanno a esperimentalo engado dos países, das língoas, das xentes antigas. Razoóu e propuñóu un principio evidente: Tradición é Cultura. Nunca se compracéu, é ben certo, nunha inaitualidade retrospeitiva e romántica. Pra non caír nela, como escritor, ou pra non allearse, como home, ás grandes mágoas e congoxas da época, abondóulle coa súa doorida sensibilidade, na que refrexóu, no intre da crisis, o mundo esborrallado da posguerra, podre, vougo, marionetil, en anacos, choutando entre a Nada e o Jazz, ermanza de espritos baixo dun ceo de bronce. Poéticamente, non houbo quen definira este mundo como el.

Escomasí, Eliot librόu ben desta crisis, debido nunha boa parte ao afianzamento espritoal dos vencellos que, sin se el decatare, atábanno aos orixes da propia caste, da fe, do idioma. Esta apropiación dos mellores bens herdados no Tempo, déulle por outra banda o pulo transcendente da Vida, tornándoo

«..... ledo, e disposto a erguer algo
que inda maor causa pra aledarse lle fora».

E, ás veces, percibéuse de novo a sí mesmo «no verxel das roseiras» —a imaxe simbólica dunha rara vivencia de cando neno, que tráime á memoria outra descripción de alleamento psicolóxico en Valle Inclán—, esto é, estrañado do Tempo, no verdadeiro reino da Conciencia, dono e señor do seu ser humanal e poético.

Mais, pola vía das leituras e dos gustos artísticos, xa denantes o escolar de Harvard, o discípulo de Santayana, o leitor de Symons, o estudante da Sorbona, o contertulio do círculo londinense de Ezra Pound, descobrira, pra o seu uso e doutrina, aos «maudits» e simbolistas, ao Dante, aos cantores do «dolce stil nuovo». Unha mesturanza, no campo románico, heteroxénea e fecunda. O libriño *Ara vos prec* (1919) encabézase, en provenzal, cos versos, dun sosego punxente, que o Dante lle apón a Arnaut Daniel no seu encontro no Purgatorio e que Eliot, no que fixeran fonda impresión, comentóu nalgún outro pasaxe dos seus escritos.

«Ieu sui Arnaut, que plor e vau cantan;
consiros vei la passada folor,
e vei jausen lo joi qu'esper, denan.
Ara vos prec, per aquella valor
que vos guida al som de l'escalina,
sovenha vos a temps de ma dolor!»
Poi s'escose nel foco che li affina.

(*Purg.* XXVI 142-48)

(*«Eu son Arnald, que choro e vou cantando;*
loucuras d-onte atristan o meu cor
deica o gozo vindeiro vai chegando.
Ora eu vos prego, polo Santo Amor
que da escada encamiñavos á outura,
que non dedes á esquezo a miña door!»
E escondéuse no fogo que os abura.)

De tódalas incitacións do xenial e proteico Ezra Pound, que daquela andaba xa a bordar os seus «chinescos», Eliot recolle somentes as que o endereitan a éste ou esoutro eido literario europeo, que sinte mellor o seu esprito. Non se pode negar, con todo, que foi principalmente o maxisterio e autoría do Dante (*Tu se'lo mio maestro e'l mio autore!*: Inf. I, 85) o que o movéu ao conocemento dos provenzaes que, nun tempo, non comprendía ben no idioma orixinal. Captación incompreta da língoa que, asegún abonóu el coa súa persoal esperiencia, non veda unha lexítima fruición estética, poética. Outro e non máis, agás do Dante, figuróu nos «dii maiores» de Eliot: Shakespeare; e, co esta segunda devoción, marcada co sélo da súa forte individualidade, nemiga dos tópicos da escola, reforzaba Eliot a esencial impronta anglosaxona do seu mundo universitario. Mais, este culto de Shakespeare e das letras ingresas endexamáis tivo, no seu ánimo aberto a tantas resoancias de Europa, esa forma de «orbis conclusus» pequeneiro, hermético, estreito, repetitorio, que, cando máis, houbera feito del un caso aparte da literaria «espréndida insularidade». Da mán do Dante, outro «pai de Oucidente», no que se escoita a modulación florentina do latín do Medievo, T. S. Eliot entrevéu a podente afinidade da sociedade e das língoas de entón e, ao tempo, quedóu engaiolado polo són e o feitizo da súa coor local.

A obra e a persoa de T. S. Eliot, dunha aparente complexidade, están a requerir estudos e libros escrarecedores. ¿Cómo as vai ún a diseñar, con xusteza, nunhas poucas liñas encol delas? O que sí me parece, opoñéndome a algunha postura de recentes comentadores, é que entrámbalas dúas, vida e obra, artéllanse cunha coherencia interna que presta á evolución dos seus días e escritos unha prenitude de teorema. Envolve certa ironía que esta coherencia, esta «responsión» entre o home e a súa poesía, pareza desmentir, no seu caso, algunhas das ideas encol da crítica sostidas polo propio

Eliot. Como é sabido, Eliot batéuse, a máis de escontra a crítica histórica i ética, escontra a subxeitiva e biográfica, psicolóxica, que pretende ir dende o poeta ao poema. Coa súa famosa especulación arredor do «correlato ouxetivo» teimóu de poñer, de centrar, de pechar no poema o único ouxeto verdadeiro de calquera crítica válida. Entre o autor, mero orgaizador das esperiencias na unidade autónoma da obra, e a obra mesma, non eisiste un ligame que, de seu, poida ser sometido a unha indagación crítica de caraiter necesario e científico. Botando agora a un lado a certidume de tal opinión —moitas das que neste terreo defendéu Eliot son máis agudas i escintilantes que concertadas en sistema— o seu caso, por de contado, non entra na regra. Os seus traballos críticos van un pouco de acabalo da súa poesía, pra xustificación da xa feita ou da que quixera facer; e os seus poemas e os seus ensaios, literarios ou sociaes, deitan daquel manantío da vida interior de T. S. Eliot que, cunha púdica e aristocrática reserva, afigurábaselle a el choída nos adentros do seu ser e xamáis, en canto tal, manifestada ou estravasada á obra. Non falta un texto, contradictorio, do mesmo Eliot pra sustentarmos este parecer: «A ouservación de Richard —estampóu el nalgures— de que certo escritor levóu a cabo un total deslindamento entre a súa poesía e calquera creenza, pra mín é incomprensíbel».

Na bibliografía da que eu seipa, concernente ao noso autor, dispoñemos en castelán da traducción do ensaio de Unger. Algunha das súas interpretacións non resiste, ao meu ver, a comprobación direita. Eliot, poeta, dí cousas distintas a cada quén, non pola esencial incomunicabilidade da «suma» do contido poético, nin moito menos por ningunha vaguedade da forza lírica suxeridora, senón, xustamente, por todo o contrario, pola intensidade coa que obra nel a intuición conceitual, podente, e pola índole fragmentaria —no que ben afitóu Unger— da súa manifestación verbal. O feito de que o poeta falara da súa incapacidade pra o pensamento abstraito, do que se negóu gustante ou abelencioso, en *The use of Poetry and the use of Criticism* (1933), leva outras e boas espricadeiras, sin que haxamos de procramar a ausencia dun forte compoñente inteleitual na súa poesía, que temos diante dos ollos.

No intre de se pubricar *The Waste Land* (1922) sospeitábanno un alexandrino; para selo verdadeiramente, non lle faltaba o oficio, mais sobráballe fondísimo desacougo, desespero, tremor humán. Tras das mallas apreixantes da súa fría intelixencia asomabámonos a aquel mar, revolto e a ferver, dos sentimentos. El dixera de Donne:

He knew the anguish of the marrow,
the ague of the skeleton...

(Soupo da anguria dos miolos,
soupo do espeluzo dos osos...)

Este foi o arrepío que tamén él conocéu.

Cando pubricóu Eliot os *Four Quartets*, no cume do seu xenio poético, ún deles tiduóuse co nome de East Coker, pequena vila do Somersetshire da que arredor do 1670 saíra o seu devanceiro, Andrew Eliot, e á que tornaron nestora os restos, cinzas xa após da cremación do corpo, do meirande poeta ingrés no que vai de século. O primeiro dos versos daquel poema decrara o sentido da súa vida e, asemade, a adiviñación e a vontade pra a súa morte:

In my beginning is my end

(*No meu comezo está o meu fin*)

Cecáis non se poidera achar un lema mellor pra glosar, arredor del, os segredos e as tensións do vivir de T. S. Eliot. Acatando o chamamento da terra dos seus antergos, de volta a Europa, desandando mares, xeneracións, séculos nun destecer odiseico, o curso da vida de Eliot desenvolvéuse co aquel ritmo circular que marca o verso. É curioso comprobar que a imaxe da «roda» ou do «círculo» denotando o avantar das vidas ou dos destiños humáns atópase moitas veces na súa obra. Poño por exemplo en *Morte na Catedral*:

For good or ill, let the wheel turn.
The wheel has ben still, these seven years, and nod good.
For ill or good, let the wheel turn.
For who knows the end of good or evil?

(*Para ben ou para mal, que torne a roda.*
A roda ficóu queda sete anos, e non foi bó.
Para mal ou para ben, que torne a roda.
E logo, ¿quén sabe o fin do ben ou do mal?)

Para Eliot, ceibe arestora da marcha ineisorábel do destiño, aquedáronse e deixaron de moer os muiños do Tempo. No derradeiro repouso aldeán de East Coker compriran, enriba da súa lousa, aqueles versos esperanzados que, devecéndose polo día en que fora libre de recordos e de anceios —«*memories and desires*»—, escribéu en vida, no relembro recendente do «recanto das rosas»:

Xa todo estará ben,
estarán ben tódalas cousas
cando as língoas de chamas se remonten
deica o coroado redondel de fogo
e sexan ún o Fogo e máila Rosa.

ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO

MORTE NA CATEDRAL

Foi escrita esta obra, «o mellor dos dramas relixiosos do século XX» no sentir dun crítico, secundando unha invitación dos Amigos da Catedral de Canterbury, no 1934, *e representóuse na festa anual desta sociedade, no* 1935, *pola primeira vez.*

No drama, o máis sonado dos de Eliot, axúntanse sotilmente tódolos fíos do seu pensamento poético. Un horror antigo, como os da traxedia grega, encádrase nun retábulo cristián. O persoaxe central está isolado, como un héroe tráxico encarado ao destiño. O tema do isolamento élle moi caro a Eliot. Mais, en Cristo, tódalas cousas foron elevadas e consociadas e os homes chamados á santidade e, nun grado postreiro, ao martirio. Inda que as probes xentes cativas que ollan pasar dediante de sí o trebón dooroso da Historia, e sófrenno na súa carne, quixeran atemperar as súas vidas somentes ás voltas dos ciclos naturaes, atentos vexetalmente ao ritmo das sementeiras e das colleitas, virando co elas na roda do Tempo, o home xa está pra sempre a debaterse, quéirao ou non o queira, entre a Cibdade temporal e a celeste Cibdade dos Santos. Non conquerirá o seu fin deica que non sexa estrañado do Tempo. E a «psicomaquia» persoal de cada cristián espéllase na visíbel e inconciliábel loita do Estado e a Eirexa.

Na estruitura e na forma, Morte na Catedral, *aproveita todo o mellor dunha intelixente e anovadora comprensión do drama grego. Máis ben que como caraiteres os persoaxes contrapóñense como ideas ou como símbolos. O proceder da aición, o xogo dos agonistas, o corte das esceas e parolamentos, recórtase coa núa e arcaica sinxeleza esquemática do drama esquíleo. O emprego do coro que, asegún discurre, louba ou himnifica, enche o papel do antagonista, poñendo o máis fermoso contrapunto, agoirando espeitación e misterio, ao «agón» que acaece diante del. Ás veces, procedemento acostumado en Sófocles, os seus ditos ofrecen unha dobre cara: a do sentido superficial e a dun sentido profundo e arcano, en certo modo irónico, pra quen está imposto no acabamento daquela historia.*

O verso, cáseque sempre acentual, de Eliot cabalga rítmico e poderoso, con amplitude e solemnidade, libre de calquera envaramento isosilábico, coa forza e a variación da onda mariña, sacando certo o que predicira Hulme: «Eu profetízovos que está a chegar unha época dun verso seco, rexo, crásico». A lingoaxe vai traballada ao modo arcaico, aparellándose, eiquí e acolá, aos cánones rítmicos do «cursus» medieval.

Santo Tomás Becket, a vítima de Enrique II, como dispóis o propio verdugo, xa é cousa sabida que foi pelegriño á tumba do Apóstol de Galicia, nos entebrecidos anos que precederon ao seu día

martirial. ¡Encostas pedruguentas do «camiño portugués», asombradas dos carballos, aveiradas das herbas, que o viron pasar! O oitocentésimo aniversario está a chegar.

O C O R O

Poñámonos eiquí, perto da Catedral. Poñámonos eiquí a agardar.
¿Seica é o medo quen apuxa de nós? ¿Seica é o sabere da súa
seguranza o que leva aos nosos pes
onde a Catedral? ¿É logo qué medos pode habere
pra nós, as probes, as probiñas mulleres de Cantorbery? ¿A qué coitas
non estaremos xa afeitas? Non, non hai ameaza ningunha
pra nós, nin recadamos seguro na Catedral. Eivos outra cousa:
o agoiro dun feito
que os nosos ollos terán de dexergar, pra contárvolo, encamiñóu
os nosos pasos
de cara á Catedral. Nosoutras témola obriga de ser testigos!

Dende que o dourado Outono encostóuse no sombrizo San Martiño
e apañáronse, ben acuguladas, as mazáns,
e a terra empardecéu acó e acolá, hirta, coa semellanza da morte,
nunha gándara que remexe ágoa e lama,
xa está o Aninovo a esperar, a bafexar, a esperar, a rechouchar na
escuridade.

Cando o labrador alanza de sí os zocos enlordados e desengueima
as mans ao lume,
xa está o Aninovo a esperar, e a cada vida lle agarda o seu porvir.
¿Quén estendéu a súa man ao lume, e lembróuse dos santos no
día dos Santos,
quén se lembróu dos mártires e dos santos de Deus, que aló agardan?
¿E quén ten
de estendela man ao lume, e arrenegará do seu Mestre? ¿Quén
atoparáse quente,
a carón do lume, e arrenegará do seu Mestre?

Sete anos e máilo vran xa son pasados,
sete anos desque o Arcebispo nos deixóu,
o Arcebispo, ¡tan garimoso sempre co seu pobo!
E máis non fora bó, se il tivera agora que voltar...

Manda El-Rei ou mandan os Baróns;
tódolos seus mandados aturámolos nós,
inda que por vegadas déixannos nos nosos choios,
e abonda pra nos contentare que nos deixen sóos.

Nós precuramos de gobernar ben as nosas casas;
o tendeiro, medrán e raposeiro, precura de facer cartiños,
e o labrego, no seu eido, alomba o corpo á terra,
volto da coor da terra, ¡terra!, a coor que il ten de seu,
e prefire que ninguén se esporcate dil.

Ora recéome de que os mainos tempos revoltáranse:
a invernía chegará traíndo a morte dende o mar,
primaveira de malfado abaterá nas nosas portas,
raíces e abortóns rillaránnos nas orellas e nos ollos,
un vran de acabación aburará os leitos dos nosos ríos
e os probes terán de agardar polo esmorecer doutro Outubro.

¿Por qué habería o vran de aparellare soaz
pra as queimas do Outono ou as brétemas do inverno?
¿Qué imos nós aquelar no tosteiro do vran
máis que agardar, nos hortos resequidos, polo vindeiro Outubro?

Algunha desdita está a nos caír enriba. Nosoutros agardamos,
agardamos
e máilos santos e os mártires agardan a aqueles que mártires e
santos irán ser.
O destiño está na man de Deus, e dalle forma ao que inda informe é:
olléivos istas cousas nun raiolar do sol!
O destiño está na man de Deus, que non nas mans dos que
gobernan,
que agora obran dereito, agora torto, matinando e argallando,
mirando aos seus proveitos que, axunguidos ao Tempo,
esváisenlles nas mans.

¡Achégate acó, Nadal ditoso! ¿quén te poderá a ti ollar?
¿quén te poderá acadar?
¿O Fillo do Home vai outra vez nascer no berce da baixeza?
¡Ou! pra nosóutrolos probes non hai ren que facer,
somentes agardar, agardar; testimuñar, testimuñar:
isto o noso é.

(Entran os CREGOS).

ELIOT, CRÍTICO

Now my good Angel, whom God appoints
To be my guardian, hover over the swords'points.

—Tomas Beckett soliloquia en "Murder in the Cathedral".

Thomas Stearns Eliot finóuse cando iba cumplir os setenta e sete anos de edá. Il tiña feito unha vez o laude diste número máxico e fadal, cheo das virtudes impares, i á vez siño de ciclos pechados e xeiras cumpridas. Nacera na Nova Inglaterra, en St. Louis, Missouri, en 1888. Educóuse en Harvard, en Oxford e na Sorbona. Establecéuse en Inglaterra en 1915, e naturalizóuse británico en 1925. Ensiñóu nunha escola en Highgate —o autor de "Continual Dew" e "New Bats in Old Belfries", John Betjeman, foi discipro seu—, e traballóu no departamento exterior de Lloyds Bank, na City. No 1922 fundóu "The Criterion", a máis importante revista literaria inglesa daquil tempo. Tamén dirixíu a casa editorial "Faber and Faber". O Premio Nobel de Literatura foille concedido no 1948, e faguíase constar na concesión "a súa enorme influencia sober dos poetas contemporáneos".

O pirmeiro libro de poemas de Eliot foi *Frufrock*, que víu a luz en 1917, *The Waste Land* foi pubricado en 1922. *Collected Poems*, 1909-1935, saíu en 1936, e contén "Miércoles de Cinza", e outros breves poemas de 1935, eisí como a pirmeira parte de "Four Quartets", "Burnt Norton". *Four Quartets* foi pubricado íntegramente en 1944. Dúas obras dramáticas en verso *Murder in the Cathedral* e *The Family Reunion* son de 1935 e 39, respectivamente. Un libro de versos pra nenos, *Old Possum's Book of Practical Cats*, saíu do prelo en 1939. As derradeiras obras dramáticas de Eliot, *The Cocktail Party* e *The Confidential Clerk*, 1950 e 54, lograron éisito no teatro, pro foron ben menos ademiradas polos lectores do poeta Eliot.

Eliot foi un crítico da meirande importancia, i algúns, coma Spender, aseguraron que representaba niste século o mesmo que un Matthew Arnold na edá victorián. A obra crítica de Eliot foi recollida en 1942 en *Selected Essays*. Nise volume atopa o lector "A selva sacra", "Por Lancelot Andrews" e "Dante". En 1917 pubricóu Eliot un ensaio fundamental pra comprender o seu concepto da literatura i o seu método crítico: "Tradición e talento individual". Nil defende un novo senso da tradición literaria, oposto ó usual e popular. "A tradición non pode herdarse, e quen a queira deberá obtela tras moitas fadigas. Implica, en pirmeiro lugar, o senso histórico, o cal podemos decir cáseque indispensábel pra todo aquil que siga sendo poeta máis alá dos vintecinco anos; i o senso histórico implica unha percepción, non soio do que pasado é pasado, senón sí da súa presencia; o senso histórico arrempuxa ó home a escribir non simplesmentes coa súa xeneración no sangue, senón con un sentimento de

que o conxunto da literatura de Europa dende Homero, e drento dela a literatura do seu propio país, ten unha eisistencia simultánea, e constitúi un orde simultáneo. Iste senso histórico, que é tanto un senso do eterno coma do temporal, e do eterno e do temporal xuntos, é o que fai tradicional a un escritor. I é, ó mesmo tempo, o que fai que o escritor teña máis crara concencia do seu lugar no tempo, da súa propia contemporaneidade". Pro, siñalóu Manent, a carón dista nova revalorización da tradición, e do senso histórico, "Eliot defende a impersoalidade da poesía, motivada, entre outros argumentos porque toda literatura constitúi un mundo autónomo e xerárquico, no que reina un orde ideal". Niste orde producense cambios, cando entra, coma un vento, unha nova obra literaria. Entón imponse un reaxuste de valores, matices, proporcións, etc. I eiquí ven a tarefa do crítico. Todo escritor vive literariamente drento diste orde, do que se sinte solidario. Pra Eliot as millores partes da obra dun poeta "son aquelas onde os poetas mortos, os seus antepasados, afirman a súa inmortalidade con máis forza".

En 1921, Eliot pubricóu un estudo valorativo dos poetas "metafísicos" —Herbert, Donne, Crashaw, Marvell...—. Deica entón "metafísico" era, en Inglaterra, sinónimo de místico, requintado, difícil, e aínda escuro, esotérico. O Dr. Johnson empregóu a verba "metafísico", ó igual que Arnold, en senso despectivo. Eliot defendéu a modernidade de aqués poetas, e probóu que a súa linguaxe era sinxela e pura, e que non había tal escuridade, senón unha grave revelación. En 1929 pubricóu o seu ensaio sober do Dante, "o máis universal dos poetas de língua moderna". Eliot afirmóu que ún pode gozar da poesía aínda sin lela correctamente. Non embargantes, a "Diviña Comedia" é doada de lér, "porque está escrita nunha língua que deriva directamente do latín vulgar e porque a linguaxe do Dante é a perfección da linguaxe da cada día". Dante tiña unha imaxinación visual, "e polo tanto tiña visións". A súa poesía era eisí máis lúcida e simple que a moderna, xa que nós temos somentes soños, i a nosa poesía é onírica e complexa. Eliot probóu no ensaio sober do frolentino que "pódese escribir a poesía máis outa coa meirande economía nos vocábulos, e a maior austeridade no uso de metáforas, símiles e belezas i elegancias verbás". En "Función da poesía e función da crítica", Eliot estuda a Keats, Dryden, Coleridge... En *Notas pra unha definición da cultura,* o poeta quer definir e deslindar os sensos da verba cultura. Eliot estuda as súas relacións coa relixión e as crases sociaes —especialmente as élites—, i estuda tamén a función das culturas de área menor, provinciaes, cuia vixencia, e riqueza —partindo do galés—, Eliot defende no capido "Unidade e Diversidade: a Rexión". En *¿Qué é un clásico?,* Eliot sopesa o valor do clasicismo na cultura europea; o ensaio está adicado a Virxilio, porque "o noso clásico, o clásico de toda Europa, é Virxilio". Finalmente, en *Poesía e Drama,* o autor de "Asesinato na Catedral", estuda, a traveso da súa propia experencia como autor dramático, o uso da poesía destiñada ó teatro, i o xeito como a finalidade dramática influíu na poesía. Outros ensaios de Eliot refírense ó teatro isabelino, a traxedia senequista e Shakespeare, a Séneca i Eurípides, a Milton, Laforgue, Baudelaire, Joyce, St. John Perse, etc. En derradeiro termo, Eliot entendéu que o servicio da crítica era, especialmente, a millora do gusto.

Eliot é un poeta intenso, grave, cheo de poderosos recursos de tono e infleisión. Na Inglaterra moderna non ten par, agás Yeats. Quixo adiantarse, coa súa obra de creación, ó que il chamóu "a perda do poeta na sociedade futura". En 1921 xa escribíu "que o papel do poeta na nosa

civilización, tal como prevemos o futuro, é difícil. A nosa civilización é varia e complexa, e ista variedade e complexidade súa, xogando sober dunha requintada sensibilidade, pode producir varios e complexos resultados. O poeta pra faguerse comprender, ha coidar que pode chegar a dislocar a linguaxe i o pensamento". Pro tamén creía Eliot que a solución de algúns dos grandes problemas morales da civilización presente, podía estar nun grande poeta "popular". Agora ben, iso, il, que era un grande poeta, nono foi.

M. M. S.

SAN PEDRO DE MEZONZO Y LA SALVE REGINA [1]

El 10 de septiembre de 1003, Pedro Martínez Exióniz, monje de Mezonzo, abad de Sobrado y de Antealtares y obispo de Compostela, de 73 años de edad, emigró del siglo, por decirlo al estilo medieval, y se durmió en el Señor. Hace solamente diez días, pues, en el siguiente a la consagración y dedicación de esta hermosa basílica, que se cumplieron los 961 años de aquella muerte. Yo invito a los oyentes, para que, en homenaje a San Pedro de Mezonzo, desarrollen conmigo algunas ideas en torno a su vida y a su obra, acompañándome durante poco más de media hora por los caminos olvidados o desconocidos de aquel sabio y santo monje gallego de hace mil años.

Comencemos afirmando tajantemente que San Pedro de Mezonzo es una de las figuras más brillantes y sugestivas de la historia de Galicia del siglo X —yo diría más: que de toda la España cristiana de esa centuria. Su nombre, hay que confesarlo, es, sin embargo, muy poco familiar a los oídos de los gallegos, y su vida, sobre todo en sus comienzos, es sumamente oscura y nebulosa. Las crónicas oficiales de aquel tiempo, como era natural, no se ocuparon de él, y las compilaciones eclesiásticas posteriores lo recuerdan en la forma breve y escueta que adopta este género literario en nuestra España medieval. Quedan, en cambio, las fuentes documentales, excepcionalmente numerosas, con la particularidad de que apenas están explotadas todavía. Y no obstante, con ayuda de ellas podemos llegar a reconstruir y a evocar, con bastante fidelidad, la silueta histórica del gran monje gallego, y a recoger el hilo conductor de aquella existencia tan lejana, con una lógica, una unidad y una belleza más apasionante acaso que en los relatos de la leyenda.

En plena tierra de Présaras, no muy lejos de la cabecera del Tambre, nace el año 930 Pedro Martínez en Santaya de Curtis, cabe a la iglesia monasterial fundada por su bisabuelo Placente o Chacente. Era Pedro hijo de Martín Placentiz —y de ahí que se apellidase Martínez, según la costumbre de la época— y de Mustacia Exióniz, así llamada por su padre Exión. El padre de Pedro era nieto del ahora nombrado Placente o Chacente, que había venido a la ocupación de tierras gallegas desde Asturias cuando las tareas repobladoras de Alfonso III, en la segunda mitad del siglo IX. La madre, Mustacia, era hija de un tal Exión y de otra Mustacia, que vivían en Sobrado en la primera mitad del siglo.

Mustacia, la madre de nuestro personaje, fue criada en casa de la infanta doña Paterna —esposa de Hermenegildo o Menendo Aloitez, conde de Présaras, padre del obispo compostelano Sisnando Menéndez— y tuvo en ella el cargo de *ansaria*, es decir, de dama que portaba el manto de su señora en las ceremonias solemnes de aquel tiempo.

[1] Conferencia pronunciada por el Dr. M. Rubén García en la cripta del nuevo templo parroquial de San Pedro de Mezonzo, en La Coruña, en la mañana del domingo día 20 de septiembre de 1964.

Seguramente cuando aún era muy joven, salió Mustacia de Sobrado para casarse con Martín de Curtis alrededor del año 928-929. Fue fructífera esta unión, y su descendencia, numerosa y profundamente cristiana. Dio al siglo dos obispos, tres abades y varios presbíteros, y aun los miembros de la misma que no abrazaron el estado clerical, se distinguieron por su fervor religioso y su devoción sincera. Sólo podemos ocuparnos aquí, y para eso muy rápidamente, del primogénito, Pedro Martínez.

Pasados los primeros cuidados de la infancia, fue éste enviado por sus padres, cuando era de muy corta edad, a educarse en la casa de los condes de Présaras, al lado de doña Paterna, que ya había criado también a Mustacia madre de Pedro. Allí permaneció el niño de Curtis hasta el año 948, más o menos, en que ingresó en el cercano monasterio de Santa María de Mezonzo, recibiendo en él la ordenación sacerdotal hacia el 955. Y en Mezonzo permaneció todavía hasta 958-959, es decir, hasta que cumplió los 28 años de edad. A pesar de su juventud, fueron suficientes esos pocos años de estancia en Mezonzo para que Pedro dejase en este famoso monasterio el vivo recuerdo de su sabiduría, que había de impresionar incluso al autor del Cronicón Iriense, pues cuando apenas había transcurrido un siglo, ya le califica de "sabio monje de Mezonzo". Al propio tiempo que cumplía aquí sus tareas monacales, simultaneaba las inherentes al cargo de capellán en casa de la infanta Paterna, aun cuando a la sazón ésta ya había fallecido.

El hecho es que después de esta etapa, o sea, alrededor de 958, Pedro pasa al próximo monasterio de Sobrado, fundado no hacía mucho por sus protectores, y que por entonces ya había anexionado al de Mezonzo. Y en Sobrado, el monje que en Mezonzo gozaba fama de sabio, es encargado de redactar los documentos de la abadía. En estos documentos de Sobrado ya se descubre al hombre piadoso, hábil y de una formación literaria poco común en aquel tiempo. Ocho años después, en el de 966, el ya por entonces famoso monje y notario, alcanzó la dignidad abacial en el mismo monasterio de Sobrado, no dejando, sin embargo, de seguir escribiendo, a veces, los documentos de su convento. Así, el otorgado por Ramiro III en 17 de septiembre de 968, en el cual se nos transparentan ya los sentimientos de Pedro de Mezonzo y el peculiar estilo de su pluma: la efusión teológica, las evocaciones bíblicas y litúrgicas, las exclamaciones dramáticas y hasta el devoto recuerdo a la Madre de Dios, que aquí califica de "luz del mundo".

Poco después de este acto, hacia 970, Pedro de Mezonzo se traslada a Compostela para gobernar la famosa abadía de San Payo de Antealtares. Quince años rigió este monasterio, y si en el de Mezonzo había dejado fama de sabio, en el de Antealtares gozó Pedro Martínez la de venerable y santo, como nos dirán el Cronicón Iriense y la Historia Compostelana. Las extraordinarias virtudes de este reverendísimo varón le hicieron alcanzar en la segunda semana del mes de noviembre de 985 la alta dignidad episcopal, muriendo al fin santamente, según hemos dicho, en el año 1003, el viernes, 10 de septiembre, cuando contaba los 73 de edad. Pero también durante esta última etapa de su vida siguió el obispo Pedro redactando escrituras reales, en las que, como en la antes citada, se descubre su formación literaria y su fervor religioso.

Conocemos, en efecto, con seguridad varios de los documentos escritos por Pedro de Mezonzo. Son textos que retratan su alma, los rasgos personales en que nos dejó la huella de su más íntimo sentir. Se distinguen todos ellos por el lirismo de sus exordios, por su altura poética y teoló-

gica a la vez, nunca alcanzada por los notarios y escribanos de aquel tiempo. Fue el X un siglo de una rudeza incompatible con el florecer de la vida del espíritu; incluso decae, hasta el extremo límite de la degradación, la prosa bárbara de los diplomas. La sociedad de esa época vuelve a la infancia, por lo que hace a la actividad espiritual, en aquel siglo, por otra parte decisivo en el cuajar de la España cristiana y de la nación española, y al que yo he calificado, en más de una ocasión, del "siglo gallego por excelencia". Pues, además de otras circunstancias que ahora no hacen al caso, es notable el hecho de que las dos únicas y brillantes excepciones que se dan en medio de tanta rudeza, son debidas a personajes indiscutiblemente gallegos, tanto por su nacimiento, como por su formación y sensibilidad temperamental. Aludo a algunas cartas de San Rosendo, pero sobre todo a las que sabemos salidas de la pluma de Pedro de Mezonzo. Así, esta bella página escrita por nuestro santo prelado al comienzo de un diploma del año 990, y que me permito leerles a continuación:

"En el nombre del Engendrado, Unigénito, piísimo Creador, Reparador, Hacedor de misericordia y Redentor, divina y única promesa, luz de luz y fuente de lumbre, esplendor de la gloria, creador de cuanto existe y Señor de la creatura, del cual toma nombre toda paternidad en el cielo y en la tierra, al cual dijo el Padre: Ven y siéntate a mi derecha, mientras pongo a tus enemigos como escabel de tus pies; por cuyo divino beneplácito están firmes los cielos y la tierra, a cuyo imperio hallaron una valla los mares, y todos los elementos visibles e invisibles encontraron su perfección, solidez y plenitud". Habla luego Pedro de que alcanzó la dignidad episcopal, "no por mis méritos —dice— sino por la misericordia de Dios y por su poder soberano, que no cesa de colmar de beneficios aún a los ingratos, y a los afligidos los levanta vigorosamente. ¡Que sea su nombre bendito! A Él la alabanza por los siglos de los siglos porque Él es nuestra salud y la heredad eterna. Amén. Amén en el cielo y en la tierra. Aleluya bajo la Santa Trinidad de nuestro Redentor y Señor. Este debe ser nuestro deseo: que cada cual piense un poco en la muerte de la carne para que no nos arrebate las almas el león rugiente, que diariamente da vueltas a nuestro alrededor buscando a quien devorar y llevarle consigo al precipicio, de cuya garra nos libre la altísima diestra para asociarnos a la mansión de los premios".

Al final, tras su elegante signo, figura esta suscripción: "Yo, Pedro, por la misericordia de Dios obispo Iriense y de la sede apostólica, dicté y compuse todo esto en memoria de mis hermanos espirituales". Es decir, fue Pedro de Mezonzo el que, hace casi mil años, redactó aquellas frases impregnadas de efusiones místicas, de expresiones sagradas y de recuerdos monacales.

Podría citarles otras escrituras tan hermosas como la precedente, pero resulta que ya he tirado al viento un buen puñado de los minutos que yo mismo me había concedido, y voy a tener que contentarme con insinuar, primero sobre nuestro personaje, y si queda algún tiempo sobre su obra, algo siquiera, algo que nos dé que pensar. Mas no resisto la tentación de leerles estas dos oraciones, escritas por Pedro de Mezonzo en un mismo documento del año 995, y en las que todavía nos descubre más vivamente su profunda humildad. Dice así la primera de ellas:

"Santos del Señor: Yo, miserable Pedro, obispo, no en las obras, sino en el nombre, os ruego, os suplico que este vilísimo hecho mío sea estable ante vuestros ojos, para que cuando fuera interrogado en el tribunal del Señor, aparezca entre los coros angélicos, y por vuestra intercesión me-

rezca la bienaventuranza el día de la resurrección, y que jamás la muerte tenga poder sobre mí". Y poco más adelante, encontramos la otra, no menos sentida y fervorosa: "Bajo el sacrosanto amparo de Cristo y su vivificador poder, yo, Pedro, obispo de Iria y de la apostólica sede, dicté, dispuse y signé con mi propia mano para mayor fuerza esta escritura, y quiero ofrecerla a mi Dios para evitar los suplicios del infierno, y después de sacado juntamente con mis padres, hermanos y padrinos de aquellos abismos, merecer ver mi nombre escrito entre los de los santos en el libro de la vida y tener parte con los elegidos".

Pero muchísimo más interesante es esta plegaria marina, debida también a la pluma de San Pedro de Mezonzo, y que encabeza un diploma original, fechado en 1.º de marzo de 991, dictado por él. Dirigiéndose "a Tí, Señora mía y Reina de las Vírgenes, Madre de la luz y engendradora de Nuestro Señor Jesucristo, Santa María", escribe: "Oh nodriza de Dios y Madre del Señor: Te ruego profundamente que te inclines hacia mí, e imploro tu intervención, de tal manera que a tu Hijo, rey eterno, no dejes de pedirle, con tu influencia en mi favor, por mis pecados, para que por Tí merezca ser yo redimido, y muera lavado de lo que hice inicuamente, y halle sitio contándome en el número de los elegidos".

No hace falta ninguna agudeza crítica para descubrir en esta plegaria —de intenso sentimiento y ternura dulcísima— un ritmo seguro, tónico o por acentos de intensidad, y además, tendencia a rimar, todo ello propio del romance, habiéndose ya perdido el ritmo cuantitativo o extensivo del latín. Sus consonancias, así como el hipérbaton de algunas de sus cláusulas, parecen el eco de un himno rimado hoy desaparecido, pero que nos demuestra con toda evidencia que la *Salve* está a la sazón ya a la vista. Podemos ver, en efecto, en esta plegaria del 991 el germen de la muy poco posterior *Salve, regina;* y no cabe la menor duda que una y otra se deben a la misma mano: son ambas indudablemente obra de San Pedro de Mezonzo, pues en las dos se nota fácilmente la misma mentalidad y la misma técnica.

La cronología personal de San Pedro de Mezonzo y el esquema de su actividad literaria, que acabamos de resumir en apretadísima síntesis, nos va a permitir caminar con paso rápido y seguro por ese intrincado bosque de opiniones que pretenden ver claro en el problema del autor de esa bellísima plegaria, que es la *Salve, regina.* Todos la hemos balbucido en el regazo de nuestras madres; todos la hemos modulado bajo las bóvedas del templo, o a lo largo de las calles de las ciudades o en los atrios de las aldeas, durante las solemnidades populares de María; y, secretamente, murmúranla con frecuencia nuestros labios en medio de los tristes, rudísimos y desalentadores combates en que se empeña nuestro bienestar temporal, y sobre todo nuestra eterna felicidad.

Lo que sabemos hoy respecto a esta suavísima plegaria podemos ordenarlo sinópticamente del modo siguiente:

1.º) La *Salve* era ya conocida en la famosa abadía alemana de Reichenau, en el Lago Constanza, en la segunda década del siglo XI, probablemente ya en el año 1010. Y una copia de la misma, con notación musical, se encuentra en el monasterio francés de Aurillac en el último tercio de la misma centuria. En la primera mitad del siglo XII las copias y glosas de la antífona son ya muy abundantes, demostrando su difusión por Austria, Francia, Italia, Suiza y Alemania. Es evidente, pues, en primer lugar, que la *Salve* se escribió en torno al año 1000, siendo interesante advertir que

al mismo año nos lleva también el examen del estilo musical de la arcaica melodía de la *Salve*.

2.º) No es menos evidente que tan rápida y general expansión de esta plegaria supone, no sólo un centro religioso de gran irradiación, sino también que dicho centro esté muy ampliamente relacionado y comunicado con los más diversos lugares de la cristiandad. Descontadas Jerusalén y Roma, que para nuestro caso no importan, sólo Santiago de Compostela, el tercer Santuario de la Cristiandad, explicaría ese hecho a maravilla, pues a visitar la tumba apostólica concurrían desde el siglo X multitudes de peregrinos de todos los países.

3.º) Mientras que, desde promediado el siglo XII, pero especialmente en la primera mitad del XIII, la *Salve*, aunque ya muy divulgada, no era conocida en el extranjero fuera de los monasterios y de la Liturgia, en España, y durante el mismo tiempo, era una oración popular, recitada, como una cosa natural, por todas las clases sociales —recuérdense las gallegas cantigas de Alfonso el Sabio y, antes, los milagros del riojano Gonzalo de Bercec. Esta popularidad sólo puede explicarse teniendo en cuenta el origen español de la *Salve*. No es concebible, en cambio, si la suponemos escrita en Francia o en Alemania, que la literatura de estas naciones guarde un tan absoluto silencio sobre ella, mientras en la española se nos presenta la *Salve* como difundida amplia y tradicionalmente entre el pueblo fiel.

Y 4.º) La *Salve* es sustancialmente una súplica, un gemido del alma compungida que camina por el oscuro valle del destierro hacia las luminosas alturas de la patria eterna. Pero puede considerarse también como una forma de "clamor", en cuanto implora auxilio en una grave necesidad temporal. Como composición literaria, en la *Salve* destaca fundamentalmente un estilo patético, que, aunque suave y exquisito, infunde en nosotros un afecto vehemente, triste y melancólico a la vez. No fué ciertamente un frío teólogo quien la escribió, ni lo fué tampoco un hombre de carácter acusado y rígida personalidad, sino un hombre en quien primaba la sensibilidad sobre el ímpetu, un contemplativo, rebosante de piedad y de mansa melancolía.

Que entre los cuatro candidatos a quienes se atribuye la paternidad de la *Salve* —enseguida les nombraremos—, sólo el santo obispo compostelano Pedro de Mezonzo reúne en su persona las condiciones anteriormente resumidas, salta a la vista con sólo recordar someramente los perfiles biográficos de los otros supuestos autores.

A) Herman Contracto nació en 1013, y en 1020 entró en el cenobio alemán de Reichenau, donde profesó, ocurriendo su muerte en 1504. No es posible, por lo tanto, atribuirle la composición de una plegaria que, cuando él ingresó en la famosa abadía del lago Constanza, ya era conocida por los monjes de la misma. Por lo demás, el Contracto era fundamentalmente un científico de gran erudición, no un lírico precisamente, y, aunque también músico, ni siquiera cabe suponerle tampoco autor de la melodía de nuestra antífona, pues el canto de la *Salve* no tiene nada de alemán. En suma, la personalidad del monje tullido de Reichenau no se aviene, en modo alguno, con el profundo y manso sentimiento que la dulcísima plegaria cristaliza tan maravillosamente. Esto sin contar con que la atribución a Herman Contracto es un fruto tardío de los años postreros del siglo XV, manchado, además, por el grave pecado de la vacilación, puesto que Santiago Felipe Foresti de Bérgamo, a quien se debe, había afirmado sólo dos años antes que la *Salve* es obra del obispo Pedro de Compostela, es decir, de Pedro de Mezonzo,

B) El francés Ademaro de Monteil, otro supuesto autor, no fue obispo de Le Puy —si es que lo fue realmente, pues ni siquiera esto es seguro— hasta 1087, muriendo en 1098, Tampoco cabe suponerle, pues, autor de una obra que estaba ya bastante divulgada en Alemania antes de que él naciese. Y, por otra parte, tampoco su reciedumbre y su impetuosa personalidad —es el héroe casi mítico de la Primera Cruzada— se compaginan con ese ánimo compungido y suplicante que la *Salve* nos revela. En fin, el patrocinador de esta candidatura, Alberico de Trois-Fontaines, es un pseudo historiador francés de la segunda mitad del siglo XIII, autor de una crónica totalmente desprestigiada y en cuya veracidad no cree hoy nadie.

C) De San Bernardo, el más fervoroso propagador de la devoción a la Virgen Nuestra Señora —por algo se le conoce por el "citarista de María"—, basta para excluirle de entre los posibles autores recordar que nació entre abril y agosto de 1090 y murió el 20 de agosto de 1153, cuando hacía más de un siglo que la *Salve* existía. Por lo demás, la personalidad de San Bernardo refleja en lo esencial el alma de un reformador y polemista, no la de un humilde y manso contemplativo. Y Juan el Ermitaño, cisterciense como él y discípulo suyo, único autor que, muy vagamente, le atribuye, en cierto modo, la composición de la plegaria, no merece crédito alguno por su proclividad a las fábulas y milagros, que ingiere en su obra sin discriminación alguna de su valor ni de su autoridad.

Frente a estos tres presuntos autores, contra los que, según vemos, se alzan dificultades invencibles: cronológicas, personales y testimoniales, en San Pedro de Mezonzo no sólo no existen tales obstaculos, sino que concurren todas y cada una de las circunstancias precisas para poder atribuirle, en verdad, la composición de la *Salve*. Tendríamos, en efecto, fundamentalmente, en su favor:

a) Verosimilitud cronológica, pues la cronología personal de Pedro de Mezonzo se ajusta a maravilla con la cronología propia de la antífona: aquél muere en 1003 y ésta fue compuesta en torno al año 1000; b) Verosimilitud geográfica, puesto que si hay que suponer escrita la plegaria bajo la sombra de la basílica compostelana, Pedro era el obispo de esta diócesis a la sazón; c) Identidad entre el ambiente vital de Pedro de Mezonzo y el espíritu que la *Salve* revela: el mismo sentimiento distante, ese concebir la vida como un fluir y deslizarse entre un mundo huidizo y aparencial; y d) Autoridad de los tres escritores que le atribuyen, sin la menor vacilación, la composición de la antífona: Santiago de Vorágine. Guillermo Durando y Riocobaldo de Ferrara; los tres de la segunda mitad del siglo XIII, como el citado Alberico, pero los tres con bien ganada fama de gravísimos historiadores, con la particularidad de que, el primero y el último, eran italianos, mientras que Durando era francés, lo que concede enorme valor a su noticia sobre un obispo gallego del siglo X, desconocido totalmente fuera de su región.

Quiere decirse que Pedro de Mezonzo, obispo de Compostela alrededor del año 1000, escritor religioso de gran altura poética, es, en lo esencial, un contemplativo, un nostálgico de la vida eterna, un preocupado por el recuerdo de la muerte y del juicio que a todos nos aguarda. Diríamos que el sentimiento en él dominante es el de la compunción.

Pues bien, si ahora venimos a lo que nos dice el contenido profundo de la *Salve,* compuesta, no se olvide, también en torno al año 1000, resulta que el sentimiento en ella predominante es, asimismo, el de la compunción, expresado de un modo vehemente y entreverado de humilde y blanda melancolía. Yo diría que la hermosísima plegaria nos revela, allá en sus recónditas profundidades, un país de brumas, de horizontes imprecisos, de perfiles nada nítidos, sino llenos de misterio, de sigilo, de la gracia un poco opaca, un poco lenta de las tierras del Finisterre. Parece como si la humedad de la tierra donde fue compuesta se le metiese también a uno dentro de los huesos, y como si el tema mismo que desarrolla, las ideas que lo jalonan, se confundieran y se mezclaran, ofreciéndosenos también un poco brumosas, un poco confundidas e impregnadas de un halo de triste lejanía.

Son muchas, muchas las circunstancias que, según vemos, concurren unánimes y sin un solo fallo en San Pedro de Mezonzo; tantas, que, ahora sí, es completamente lícito suponerle en verdad autor de la *Salve.* Porque todavía podríamos añadir una más, de no escaso valor; la situación creada a su sede compostelana por aquel turbión apocalíptico de la entrada de Almanzor. Ninguna diócesis podrá alegar un tal cúmulo de adversidades en esa época como sufrió Compostela, objeto de las violentas incursiones normandas, primero, y, sobre todo, de las devastaciones de Almanzor, poco después. Recordemos por un momento el trágico verano de 997, en que el 'Amirí entró a saco en Santiago, obligando a Pedro de Mezonzo a desterrarse con su pueblo y a esperar desde su refugio en las montañas el final de aquella magna tribulación.

No es posible imaginarse otra situación más apropiada para escribir esta plegaria que la de aquella alma oprimida y atribulada por las calamidades producidas en su Iglesia y en su patria por la bárbara riada musulmana. Ante tan grave necesidad, ¿no habría de sentirse San Pedro de Mezonzo, alma de líricas resonancias, impelido a acudir "gimiendo y llorando en este valle de lágrimas" a la que, por su oficio de "Reina de misericordia, vida, dulzura y esperanza nuestra", podría traerle el consuelo de que "volviera hacia él sus ojos misericordiosos" y sostuviera los corazones con la esperanza de que "después de este destierro, les mostraría a Jesús, fruto bendito de su vientre"?

No hay duda de que aquel forzoso destierro del pueblo de Compostela y de su obispo en el calamitoso verano de 997, pudo servir, y tal vez sirvió en verdad, de fulminante para que toda la temperamental fuerza poética del alma de Pedro de Mezonzo, compungida y nostálgica, estallase incontenible y vehemente en esa dulcísima plegaria, auténtica súplica clamorosa, que es la *Salve.*

En resumen: San Pedro de Mezonzo, monje, notario, abad, obispo y santo gallego fue, más que probabilísimamente, seguramente, el autor de la *Salve, regina.* Fue ésta compuesta en el año 997 y en la ciudad de Compostela, desde donde se expandió rápidamente por toda la cristiandad, gracias a esa red de araña que los caminos jacobeos extendían por todo el mundo cristiano. Y mientras en Galicia y en el resto de España se incorporó al acervo común, como una devoción popular, cuyo autor en realidad no importaba, en los demás países se mantuvo la *Salve* mucho tiempo encerrada en los claustros monacales y en los códices litúrgicos, también sin que con-

tase para nada el nombre del autor. Que así es el destino de las obras verdaderamente grandes y eternas. Porque precisamente lo que da eternidad a las ideas y a los sentimientos es el haber escapado de los libros y haberse liberado de la paternidad de sus creadores, incorporándose y diluyéndose en el sentir y en el pensar de todos los demás.

Pedro de Mezonzo, señores, es el mejor ejemplo de ese universal humanismo cristiano que nuestra patria necesita como necesita la tierra el agua. Necesita hombres que, como él, hayan fundido su saber y sus sentimientos en el prójimo, hechos una cosa única y viva, y, como todo lo vivo, fecundo y a la vez humilde y frágil. Como esa tiernísima plegaria, la *Salve, regina,* que ya es de todos por haberse liberado de su creador, humilde hasta el anonimato, con su figura envuelta en brumas, como la tierra donde nació, pero, como ella, eficaz y fecunda.

M. RUBÉN GARCÍA

A XENERACIÓN "NÓS" NA CULTURA GALEGA

No século dazanove emprincipia a se deseñar en Galicia —na súa literatura culta— unha preocupación polo país e polas súas xentes. Os poetas, os historiadores, os ideólogos, mergullándose nas esencias do pobo —na súa historia, nos seus costumes, na súa ialma, no seu sentir— tencionan vitalizar o esprito singularizado da súa terra. O esforzo restaurador da cultura autóctona ten, fundamentalmente, un sino poético. Nembargante, o labor que se realiza pra convertir o idioma galego en istrumento de creación lírica, tropeza coa falla dunha persoalidade xenial capaz de lle proporcionar alento universal á língua recobrada. O acontecemento prodúcese no ano 1863. É daquela cando rompe Rosalía de Castro a cantar. A súa poesía, como logo a de Pondal e a de Curros, vai ter unha importancia decisiva no renacemento da literatura galega. A fala popular faise língua universal na obra creadora destes tres poetas; o galego comeza a recuperar o seu vello i esquecido prestixio de língua poética.

O renacemento literario galego débelle moito, pois, á creación lírica de Rosalía, Pondal e Curros. Pero noutros eidos da cultura, o labor de recobración se non mantén ó mesmo nivel. Compre chegar ós tempos da Xeneración *Nós*, pra que o idioma acrete a súa validez como vehículo de expresión e de creación en tódolos eidos da vida cultural.

Propoñémonos deseñar no presente traballo, un esquema do pensamento de aquela xeneración, que ten afirmado o seu pe de xeito decisivo na escea inteleitual galega. E adiantaremos, que reputamos o seu esforzo como un dos máis fondos e desinteresados análisis que se teñen feito en Galicia pra que se comprendese a sí mesma.

A liña que os membros da xeneración siguen, é unha liña de reencontro. E cando o reencontro se produz, prodúcese tamén a obra creadora e vitalizadora na que todos colaboran. A xeneración é ampliamente expresiva nas súas inquedanzas esenciás. E os seus compoñentes simultanean o amor polas cousas do seu país coa cobiza de horizontes universás. A súa ideoloxía culturalista mantense no propio cerne da espritualidade galega. Nas esencias autóctonas, tomadas do manantío natural da tradición, recollen o pulo pra recrear a cultura singularizada. E, lóxicamente, a súa tarefa ven calificada por un sino minoritario. Pois non eisiste cultura posíbel sin unha minoría escollida que constitúa a súa armazón.

Pero, denantes de suliñar os aspeitos que peculiarizan a obra cultural da "Xeneración *Nós*" é obrigada a referencia ó proceso formativo de algús dos seus membros máis destacados; e tamén ó proceso de reencontro do que antes falamos.

Un "cenàculo" literario

Dentro da xeneración indicada hai que considerar aínda unha célula viva e representativa: a que personifica o "Cenáculo ourensán", do que forman parte Vicente Risco, Otero Pedrayo e máis Cuevillas. Todos tres teñen

feito, en diversos escritos, unha como a xeito de autoconfesión na que se pode localizar a historia que, como homes e como grupo, protagonizan.

Bótase de ver neses escritos que a tónica definidora de atales homes, nos seus tempos mozos, é a insatisfación, o non conformismo, a rebeldía. Considéranse auténticos "vencidos da vida", mesmamente por "inadaptados". Aprenden dos seus mestres a odiar a época que lles ten tocado vivir. Tencionan fuxir do meio que os arrodea, e acobíllanse así na idea do arte considerado como "evasión". Son rexamente "individualistas"; contra do ambente social, real e ideal do seu tempo, opoñen un celo da súa libertade; sinten noxo do vulgar, do común, e por eso mesmo andan á percura de mundos eisóticos.

As leituras xuvenís póñennos en relación viva con Europa. Todos eles son intelixentes engulipadores de letra impresa. ¿Qué é o que lén durante a súa leitora mocedade, istes homes do cenáculo ourensán? Todos teñen lido, pouco máis menos, os mesmos libros estranxeiros, carretados polo gosto universal de aquel entón.

Escoitemos, nembargante, a testimuña dos propios protagonistas. O máis esplícito é, quizaves, Risco. Veleiquí a lista que nos amosa:

As preferencias diríxense cara as obras francesas, que lén no idioma orixinal. Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Laforgue, en poesía; Huysmanns, Paladan, Lorrain, no conto e na novela; Remy de Gourmont, na crítica; Maeterlinck no teatro. De Inglaterra lén, polo xeneral en traduciós, a Ruskin, Carlyle, Swinburne e Rosetti. Familiarízanse co norteamericano Pöe, o italiano D'Annunzzio, os portugueses Lopes Vieira, Eça i Eugenio de Castro, o nórdico Ibsen. Conocen ben a poesía rubeniana, a Ganivet e ós primeiros modernistas españoles. As leituras catalás limítanse a Maragall e ó Xenius da primeira época. E o gosto polo eisótico satisfanno nas produciós de Tagore e no Omar Khayyan. Atenden aínda a súa curiosidade filosófica, nos textos de Nietzsche, Ruysbroeck, Novalis i Emerson.

Risco non só enumera as leituras que fan os homes do seu grupo, sinón que revela a súa actitude pensante. Estima que viven, como si dixerámos, cun pe no cabo do século, ou seña no humanismo derradeiro, e co outro na noite da nova Edade Meia: "Dentro dos descendentes de fin de século, seguimos a corrente mística do romantismo (Schleirmarches, Shelling, Schlegel, Novalis) e do mesmo cabo de século (Wagner, Verlaine, Maeterlinck), corrente que xa esiste no Renacemento". O fin de século —engade— previu a ialma, e por eso foi neorromántico. I eles son neorrománticos, e tráxicos e apocalípticos, mesmamente por eso. A súa actitú correspóndese cunha moral individualista. No fondo, a moral do culto do *eu,* pradicada pouco antes por Mauricio Barrés. Cada ún pon o seu empeño en lle dar á súa vida un rumbo persoal e distinto.

Son ademáis —como temos dito— eisotistas, partidarios do lonxano, do recuado, do desconocido. O seu ensoño diríxese cara terras extranas onde se non conocen as máquinas, e os homes non levan chisteira: os recantos inda case inéditos da India, do Thibet misterioso; ou cara os tempos antigos do Egipto e da Babilonia. E andan así a peleriñar polas cosmogonías e polas culturas á percura do insólito.

Mais, ¿qué idea lles suxire a istes homes o mundo que os arrodea, mentres que as súas almas non espertan á vida espiritual galega? ¿Que estímulos históricos operan na súa mente recén nada, e no seu incipiente corazón?

O mundo pra eles non ver ser outra cousa que algo que hai que tolerar cunha postura de dandysmo. En todo caso, sinten máis fondamente o que os afasta do que os achega ós demáis homes. Levan canda sí o "pathos da dis-

tancia", que decía Nietzsche. Non opoñen á sociedade que os arrodea ningunha sociedade futura. A súa rebeldía consiste en se arredar espritualmente, en se desapegar das súas tendencias e dos seus problemas; en se illar, na súa altiva indiferencia, dos seus afás e das súas loitas, e cumprir o seu rol sin destino nin pena.

Tamén Cuevillas ten contado esa mesma historia da súa primeira vida inteleitual. Esa conceición do mundo, que labran nos verdes anos da mocedade, ó acougo dun tempo no que trunfa o decadentismo, o simbolismo ou o nephalibatismo. Cuevillas e máis os seus amigos síntense alonxados —pero alonxados en senso despreciativo— de tódalas orientaciós políticas, sociás ou científicas da civilización occidental: "Acobillados nas nosas torres de almasí, ben escusados no himation dos gregos, no albornoz dos árabes ou nas túnicas de Oriente, viviámos matinando no que xa pasóu". No mundo emprincipian a se producir xa daquela, anovaciós trascendentes. Pero a pesares delo, a pesares de Withman, de Verhaeren, de Marinetti, "non chegamos —engade— a desbotar as vestes de Oriente, pra vestirmos a chaqueta, e seguimos envoltos nas nosas ensoñaciós".

¿E Otero Pedrayo? Ramón Otero Pedrayo fai, pola súa banda, a confesión que relata a andadura do grupo por camiños desnorteados. A confesión ven feita nunha novela. Tidúase *Arredor de sí,* i é como unha autobiografía espritual que crarexa a formación inteleitual e a consagración galega dos homes do grupo no que Otero figura como membro.

Adrián Solovio protagoniza o relato. O individualismo, o egocentrismo, o peleriñar arreo por extranos universos, mantéñeno en permanente desacougo. Inteleitual desorientado, gosta dos incentivos da moda, e sofre ó non poder engulir tódalas novedás bibliográficas. Cóidao necesario pra ser un home ó día, pois é home que se satisfai coa cultura do día. Quere habitar decontado a súa luxosa torre de ideas, pero dubida sobre cal ha ser o estilo da torre. ¿Filosófico, literario, ensaístico, crítico...? Adrián mergúllase nas lagoas de moitas tentativas. Adica longas horas ó estudo e á refleisión; pero, ó cabo, os seus esforzos fican asolagados polas augas mortas da vulgaridá. Do mesmo xeito que o grupo que personifica, anda a dar voltas arredor de sí mesmo, sin se encontrar enxamáis de todo. Ensaia moitas culturas, variegadas discipriñas, e só chega a dexergar o seu salvamento cando volve ós eidos natíos. Naquel outono no que Adrián Solovio torna ó fogar dos seus antergos, emprincipia a se sentir, ó menos, dono dun camiño.

Dende que o principal persoaxe de *Arredor de sí,* afincándose na terra propia, comeza a falar na vella língua do país, sinte todo o seu ser anovado; decátase de que xa non ten que loitar contra da língua desmasiado feita e traballada, que lle impoñía unha retórica moitas veces esterilizadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión da fala recobrada, olla unha garantía de mocedade. A súa vida, dende agora, identifícase coa vida de Galicia. Xa non é novela nin esperencia psicolóxica. Xa é historia. Pois Galicia tamén comenza outravolta a ser historia, dende que adeprendeu os camiños pra atopar a súa propia conciencia, e deixóu de andar como unha cega darredor de sí mesma.

O heróI central do libro oterián ven resultar, ó cabo, un árdigo defensor do particular e do diferenciado, que conduz ó universal. A tese enfortálase ó se contrapoñer á cosmopolita, xeneradora de mimetismo, que profesa o seu irmán Xacobe. Iste personifica o pragmatismo transitorio que todo llo concede á moda; aquíl, o eterno idealismo que chega á forma orixinal pra se adonar dela por enteiro despois de serias rachaduras interiores.

Nas páxinas que rematamos de citar, tanto como nas que Cuevillas ten escrito co tíduo *Dos nosos tempos,* e nas que Risco inxire no ensaio *Nós, os inadaptados,* pódese seguir a liña formativa do grupo ó que os tres autores pertenecen. Nelas dexérgase, asimade, a reitificación que os impula ó redescobremento das enxebres esencias do seu país. Porque dentro de todos tres, constituíndo o máis fondo do seu ser, estaba a ialma de Galicia.

O camiño de reintegro xa emprincipian a presentilo denantes de se vencellar ó labor de pescuda e creación no propio idioma. Descóbrese o reflexo diste presentir nos traballos que aparecen en "La Centuria". Trátase dunha revista neosófica, fundada por Risco e Noguerol no ano 1917, e da que se editan sete números. No artigo-programa, dise: Os iniciadores teñen querido aproveitar no inteleitual o instinto aventureiro da raza. Tencionan romper o ritmo habitual das ideas. Pensan que o home moderno ten o dereito e a obriga de interpretar as cousas doutro xeito, de encontrar en todo novos siñificados, de dexergar o mundo cun esprito recén nado. Nefeito, nos días de hoxe, a sensibilidade tense aguzado en certas naturezas deica o punto de que cen perspeitivas insospeitadas están a piques de se revelar. Así nace neses homes do século XX, un estado de alma que en nada se asomella ó do noxento século que acaba de pasar. Ate o pasado víveno cunha ialma nova, e a grande guerra presente, quizaves é o gran bautismo de sangue do que a ialma de Occidente ten de saír rexenerada, e volta a nacer pra unha nova fe.

E remata con istas palabras de afirmación: "A casualidá fixo nacer ista publicación neosófica en Ourense. Ourense está alonxado seiscentos kilómetros de Madrid, e quizaves menos de New York. En todo caso *La Centuria* ven acurtar ista derradeira distancia".

Veleiquí un programa que inxire propósitos de anovamento; un programa que declara unha fe nos que, deica entón, se singularizan polo seu escéitico individualismo. Nas colunas de "La Centuria" presíntense xa os acentos dun labor construtivo. Os acentos precursores do proceso de identificación coa verdade galega. Pero o chegar a conocer ista verdade é —asegún Risco— o resultado necesario da introversión, do mergullamento soberbo e alteiroso no propio eu, que tipifica ós homes do "cenáculo" ourensán; é o resultado preciso do seu barresiano culto do eu. "Viñemos descobrir que Galicia, escusada ó noso dexergar por un mesto estrato de cultura allea, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan amplo, tan novo, tan inédito, como os que andabamos a percurar por ahí adiante...".

Novo ciclo espritual

Xa están os homes do cenáculo ourensán —o antigo grupo dos "inadaptados"— na liña de reintegro ás esencias da súa terra. As circunstancias porque atravesa Galicia, e o sentila alonxada do seu esprito peculiar, fanlle aprestárese a intervir, a empregar a súa voz a súa pluma no servicio da cultura autóctona.

Pregúntanse daquela qué é Galicia, qué é ser galego. Sinten o país propio como problema; problema o seu onte e o seu mañán, o que ten sido e o que pode esperar, o senso da súa historia e a súa realidade presente e latexante de cada hora. Debruzados sobre da terra natal, co corazón remexido e a ialma tensada, escoitan os seus latexos. Cos ollos abertos e traspasado sentir, adéntranse polos seus documentos ou o seu pasado histórico, polos seus vellos camiños, os seus monumentos, a súa tradición e a súa realidade viva, anceiosos de recompoñer a biografía do país.

O labor non é arestora deles sós. Outros homes, chegados de outras procedencias —escritores, artistas, poetas— coinciden tamén no servicio común. Os máis son xa conocidos na obra de recostrución cultural galega. Difiren, de certo, na aventura inteleitual que teñen protagonizado. En liñas xenerás, a súa formación ten raigames máis populares que a que singulariza ós membros do cenáculo ourensán. Castelao, inda que universitario, vive en direita relación co pobo, do que zuga a sustancia miolar pra o seu arte. Cabanillas, a pesares do tinte humanista que adequire nas aulas do Seminario, faise poeta na emigración. E Lousada Diéguez, profesor de Filosofía, ven polos camiños do tradicionalismo a traballar no eido da cultura galega.

Todos seis, con algús máis de persoalidade menos acusada, proieitan e fundan unha revista que, por iniciativa de Castelao, recibe o tiduo de *Nós*, e que ha chegar a constituír unha definición. No outono do 1920 sái do prelo, en Ourense, o primeiro número, baixo a direición do Risco. A síntese do ideal que axunta ós fundadores, é: Categorización cultural do autóctono; erguemento da espritualidade galega dende o plano da vulgaridá cotiana, ó plano do trascendente, da universalidade. O senso unitivo que *Nós* traduz, venlle dado pola unidá fundamental dos seus colaboradores. Istes —según se reflexa no editorial de presentación da revista— poden ser o que queiran; poden situárense en calisquer das posiciós posíbeles respeito das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser mesmo clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentemento da Terra, o desexo coleitivo de superación, a orgulosa satisfación de seren galegos.

As páxinas da publicación ábrense tamén ós escritores de fora. Teixeira de Pascoas manda, pra o primeiro número, un poema seu. Phileas Lebesgue, que emprincipia a falar en Francia das letras galegas, figura cun artigo traducido no que se inxiren versiós francesas de poemas na nosa fala. O saber popular ocupa unha seición, e noutra danse novas do movemento literario de Galicia.

En cada entrega mensual, *Nós* vai trazando un craro vieiro, que compre conocer pra poder apreciar axeitadamente ista nova xeira básica no proceso da cultura galega contemporánea. Os traballos que se reproducen son variegados e de interés: Versiós á língua do país de textos de Yeats, e do armoricano Hrand Nazarianth; estudos filosóficos de Leonardo Coimbra. estudos de literatura portuguesa e de arte e literatura galegas; as pescudas arqueolóxicas de Cuevillas, ensaios económicos, a primeira tradución a idioma peninsuar da obra de Francisco Sánchez; os descobrementos iniciás da citania de San Cibrán de Lás; a "Estética de muiñeira" de Euxenio Montes.

O labor vai máis lonxe, pois emprincipian a se publicar os resultados dunha importante obra feita en equipo: As fontes narrativas prá historia antiga de Galicia. Mais a tarefa interrúmpese ó se suspender a publicación da revista, despóis do número 18. Nembargante, pasados dous anos, reanúdase ista. Na nova etapa vanse incorporando moitos nomes deica entón inéditos. Doutra banda, dáse a conocer "A Edade do Ferro na Galiza" de Cuevillas, varios anacos do "Ulysses" de Joyce, postos en galego do texto inglés por Otero Pedrayo, a "Espada Escolibor" de Cabanillas... Pero agora xa non é só o grupo *Nós* o que dinamiza o labor da publicación. A il ven a se sumar o "Seminario de Estudos Galegos", que complementa e prosigue a obra encetada polos fundadores daquel agrupamento.

Os homes que fundan *Nós* e poñen en marcha o novo ciclo da cultura galega, teñen acretado que aman a Galicia dende o cerne do seu corazón. O seu amor a Galicia e o seu refugo da historia dexergable des-

norteadora do peculiar, lévaos a percurar outra Galicia no pasado, no porvir e na realidade mesma do país. Naturalmente, os membros do grupo considéranse unha "élite". Son, nefeito, homes intelixentes, cultos, de delicada sensibilidá artística e moral. E dende o plano distas virtús é como perciben o chamamento do esprito do seu pobo. Coidan que a base das "élites", é como se ten de espertar a conciencia adurmida do país, reconstituída a súa tradición. Minorías —de inteleituás, de poetas, de investigadores...— tiñan sido tamén as que os precederan no empeño de rexurdir a espritualidade galega e de refacer a súa cultura. Pero a que eles compoñen, chega a configurar a idea da reconstitución espritual de Galicia coa precisión que os Precursores soio presentiran.

Por reconstitución espritual entenden os homes da Xeneración *Nós*, a da persoalidade trascendente, tradicional, autóctona, enxebre, de Galicia; a volta á tradición auténtica galega, detida no seu desenrolo, a súa restauración e a súa revitalización; non como un recuar a un punto morto da historia, sinón como arrinque de toda nova creación. Ista creación ten que se facer asegún o xenio peculiar galego, pola espontaneidá do pobo restituído ó seu puro ser, a reconquista de Galicia pola súa ialma eterna.

A xeneración de que falamos quere prá súa terra unha cultura propia, produto da súa ialma orixinal. Emporiso refuga toda imitanza, toda importación de ideas feitas, elaboradas, e non acolle máis que a incorporación de cousas alleas de puro procedemento. Entenden que ser diferente é ser eisistente; a idea allea debe conocérese i estimárese, pero non ser imitada sinón superada. O camiño que albiscan, aberto ás posibilidás de Galicia, ven ser: o que se lles ofrecerá ós galegos cando seipan fundir en orixinal e fecunda unidade, dentro das súas almas, a peculiaridá máis íntima da súa caste e a peculiaridá máis viva da historia universal. Soio entón acadarán seren "homes galegos".

A regaleguización de Galicia chegará polo camiño dun mergullárese nas esencias tradicionás, e polo do vencellamento ó mundo europeo. Risco expresa iste doble ouxetivo nas seguintes palabras: "Eu quixera que a inteleitualidá galega se fixera polo menos europea. Temos que reintegrar o noso esprito ó esprito da humanidade. Temos que poñer a cultura europea en galego. Europeismo i *enxebrismo* conxugados dan o *atlantismo* (super-occidentalismo-supereuropeismo). Europa é unha ponte e un camiño. Queremos asimilármonos os *instrumentos de superación*. Por riba de todo, erguemos o atlantismo como unha bandeira de *avant garde*".

Esquema de aitividas

Todos os escritores do grupo ó que nos vimos referindo, afincan a súa persoalidade e o seu esforzo cultural a traveso da citada revista *Nós*. Pero tamén na Editora do mesmo nome e no *Seminario de Estudos Galegos*, principás institucións que coordinan o labor de case todos eles. A aitividá literaria e de pescuda que desenrolan, amosa unhas cantas notas reveladoras. A vivencia da paisaxe galega trócase nun imperativo matrio. No pobo estudan o costume, as tradicións, a fala viva; mergúllanse no plasma xermolador, adeprenden do mundo popular. A testimuña dexergable da tradición histórica —a superficial tradición dos sucedos— sería a literatura; o siño da rexa tradición intrahistórica é a continuidade da fala. Sinten a visión estética da paisaxe e relembran o pasado. Emocionándose dediante da súa terra, conocendo a vida do pobo, dexergando intelixentemente as vellas creacións artísticas e literarias do país, cumplen unha misión que cada quen resolve

asegún o xeito que lle é propio. Pero todos estiman que a forza de seren esencialmente galegos, conseguirán seren humáns, universás i eternos.

Vicente Risco é o ideólogo do grupo, que traballa arreo na europeización da cultura galega e pon ó seu servicio unha téinica moderna. O seu degaro de saber lévao dende a poesía lírica de Oriente deica a "yurta" de teas de ouro do simbolismo francés; da postura neosófica, reflexada en "La Centuria", chega á profesión galeguizadora que, en "Nós", defende con vóos europeos. O labor proteico do escritor maniféstase nos eidos máis diversos. As discipriñas históricas e pedagóxicas encamiñan a súa vontade inteleitual. E gosta así de percurar nas cousas máis vellas e máis novas da ciencia e do arte, pra conseguir unha verdadeira integralización cultural. Estuda no mundo e matina na soedade; fai o viaxe de circunvalación por todo o prohibido; é como unha especie de esprito-antena, propicio pra percibir e rexistar o matiz menos grávido das derradeiras novedás filosóficas, científicas e artísticas. Os seus estudos encol do celtismo son dun interés certo. A sonada "Introducción a toda estética futura", un reflexo da súa rebeldía antiacademicista. E, ó marxe do ensaio, revela tamén talento na literatura de creación. Pero hai que destacar unha faceta máis na persoalidade do Risco. Referímonos ó seu labor de pescuda no eido etnográfico. Preocupado de desentobar e de vitalizar os valores galegos, empalmando a tradición coa novedade, adícase a investigar —na destilación do consuetudinario— o alento xermolador do espontáneo.

A etnografía —sabémolo todos— é o estudo dos pobos e da súa cultura, ó menos tradicional, no que se expresa o seu xeito de ser, a súa ialma. Cultura tradicional ven ser o mesmo, así, que cultura popular. En Galicia, xa o P. Sarmiento tiña empregado a tradición popular en varias das súas pescudas. Os escritores románticos do XIX recolleron léndas, costumes, creencias... do pobo. Murguía, en certa maneira, foi un mestre no traballo etnográfico. Pero é nos días que siguen á primeira guerra europea cando se intensifica en Galicia a recolla de datos, e se emprenden estudos de conxunto. Nista obra de pescuda, de inventario e de estudo, Risco exerce unha función de maxisterio. Ninguén deica il tiña tratado con senso científico e moderno, no seu país, a discipriña etnográfica. Pode decírese que é o primeiro que traballa, con seriedá e rigor, nos ámbitos da cultura popular galega, material i espritual. A traveso do seu labor de etnógrafo, comproba feitos que denantes soio se tiñan tratado intuitivamente. O escritor ourensán tira interesantes conclusiós, que teñen o seu máis calificado expoñente no seu fundamental traballo, "Etnografía: cultura espiritual".

Do mesmo xeito que Risco aparez como o home de pensamento da súa xeneración, Otero Pedrayo deséñase como a figura literaria e o grande intérprete e sentidor da paisaxe. Dende a fermosa solaina de pedra da súa casa petrucial de Trasalba, adeprende a dexergar os horizontes do país natal, despois de ter percorrido cobizosamente os múltiples camiños da cultura universal. Desfolla libros de todo tipo, e métese, como escritor, por tódolos vieiros da literatura. Fai novela, teatro, ensaio, conto, e mesmo poesía. A súa dimensión nistes mesteres, e como orador singularísimo, tense estudado xa abondosamente e dende os ángulos posíbeles. Pero hai un aspeito, quizaves menos tratado, da sustantiva obra pedraísta, que cobra especial siñificado en canto aporte á interpretación do verdadeiro ser de Galicia. Aludimos á intelixente visión que Otero revela cando se achega ás manifestaciós históricas da evolución cultural galega. Ista visión trascende, incluso, de moitas páxinas da súa creación narrativa. Eis o caso, por exemplo, de

Devalar, novela histórico-cultural cuio protagonista é Galicia; unha Galicia reflexada en formas naturás e culturás de vida, que amosan parte do curso da súa eisistencia. Ou o da tiduada *Os camiños da vida,* por onde escorre, en importante medida, a historia interna do país durante o pasado século.

A interpretación oteriá da historia da cultura galega, reitérase asimesmo en varios dos seus ensaios. Un dos máis fermosos é, quizaves, *Morte e resurreición.* De todos xeitos, a obra de auténtico pulo, que se non reduz a unha época dada sinón que abrangue a comprensión total de Galicia como persoalidade histórica, é o "Ensayo sobre la cultura gallega". Ordea niste libro, o seu autor, as variacións da eisistencia cultural do país, dende os tempos primixenios ate a hora contemporánea: o século glorioso após do humilde e *sin rebrillos, os días encumiados entreveirados de xeiras acerbas,* e todo movilizado cara un estado de perfeición. Cátase nistas páxinas o sentemento vital das edás; revívese esa sensibilidá básica do país a traveso dos tempos. Os feitos pasados, as realidás trascurridas, se non estudan nunca arqueolóxicamente, e revívense, pola contra, cunha podente forza poética. O presente ofrécese como o canle novo onde se perpetúa a fluencia do pretérito; a vida galega de antano escorre sucesivamente por arterias de anovada constitución. A musa que inspira o ensaio pedraista enxamáis se confunde, así, coa musa da historia erudita e fría que opera sobre do pasado como o diseitor sobre dun corpo morto. Eiquí todo é vida e alento poético na revelación de continuidá que o ser de Galicia amosa todo ó longo da súa historia. De tal xeito, a obra descóbrese como un panorama das grandes configuracións culturás do esprito galego no seu desenrolo histórico.

Si Risco é o pensador, e Otero Pedrayo o creador literario, Castelao é o artista dotado de xenialidá. A ialma de Galicia ten, en certa forma, a súa abreviatura dina na ialma de Castelao. Nela péchanse moitas das millores caraiterísticas da caste, o mesmo que as do manantío na cota de auga que o vento arrinca das súas ondas borbollantes. Fillo dunha familia de emigrantes, Castelao vive de neno no mundo de alén-mar. Estuda a carreira de médico en Compostela, e faise logo burócrata en Pontevedra. Vai a París en viaxe artístico, recorre os Países Baixos e Alemania, fala cos bávaros e os flamencos, e si galego marchóu volta á súa terra máis galego. Porque a galeguidade constitúe nil una nota esencial. No conto, no teatro, no deseño humorístico, nas impresións de viaxes, nos traballos eruditos, o seu talento maniféstase en estreita comunión coa vida e co esprito do seu pobo. As prosas e deseños que crea, veñen ser condensadas síntesis de estados de ánimo —íntimas paisaxes psicolóxicas da súa terra— polarizadas en anéidotas cheas de engado, cuio raizame se alimenta do "humus" da máis seria categorización folklórica. Os libros de *Cousas,* por exemplo, constitúen unha galería de cadros da vida contemporánea. Mais, en realidá, toda a obra de Castelao é eso. A vida popular de Galicia é sempre a materia da súa obra. Il, como mui poucos, afonda no esprito galego e acada unha visión do seu país caletrada a un tempo de fidelidá e de orixinalidade.

Pero o home de Rianxo é, por riba de todo, un artista do deseño. O seu lápiz amósase ás veces dramático, e traduz sempre a superior ironía da súa intelixencia. Traza rasgos dunha liña agresiva, pero enturbada por unha dozura de comprensión. Aborda o problema económico e social de Galicia con cinguido patetismo. Todos os matices psicolóxicos da ialma galega aparecen vivos no aceso panorama dos seus deseños. Nas caricaturas, según il mesmo confesa, escolle os rasgos esencialmente expresivos, e fuxe de todo o que considera ausiliar ou accesorio. Nelas refléxanse dúas notas distin-

tivas, esenciás ó esprito galego: lirismo e humorismo. A traveso do temperamento humorístico chega Castelao a unha comunión co sangue da súa terra. "O sangue de Galicia —dí Risco— trasfúndese nas veas do artista, e no seu cerebro lúcidamente visionario. As condiciós esvaídas, as acedumes fondas, os anceios escuros que latexan no suconscente da raza, os milleiros de cousas que durmen na conciencia subliminal de Galicia, adequiren idea e imaxe; Castelao vainas pictografiando, eternizando no papel os hieroglifos da ialma galega".

Nembargante, o seu labor se non cingue soio á creación artístico-literaria. Anda tamén os camiños da investigación pra poder chegar a conocementos seguros sobre do verdadeiro ser de Galicia. E os camiños que percorre na súa pescuda son os do arte popular: os das cruces de pedra labradas anónimamente polo pobo no decorrer dos séculos. Pra elo peleriña polo país, debrúzase sobre das penedas, ergue a mirada cara as antefixas das eirexas, o cimo dos hórreos, e detense pousadamente frente ós portalós dos vellos casales. E pra percurar un contrapunto á plástica popular galega —como sinala un seu compañeiro de xeneración— viaxa pola Armórica e pola Bretaña; consulta tratados, frecuenta, inquire, lé, anota, ate se facer cos conocementos precisos pra montar unha forte armazón erudita.

En contraste coa persoalidade predominantemente creadora dos tres escritores dos que nos viñemos ocupando, a de Cuevillas destaca polo seu siño investigador. Pero inda sendo Cuevillas un investigador puro, cultiva tamén a prosa literaria. Toda a súa obra niste aspeito é un preocupado sentir a Galicia, un vivir esa preocupación dentro de sí. Home de áxil mentalidá, de aguzada perspicacia, chega ó periodismo pra verquer nil esa preocupación. A par dos ensaios de pescuda e crítico-históricos, están os moitos que lle suxiren as impresiós da súa terra. Parte déses escritos aparecen recollidos no volume *Prosas galegas*.

Nembargante, como dixemos, é no campo da investigación onde máis resalta a figura do Cuevillas. A súa *Edade do Ferro na Galiza* é o primeiro e mellor estudo sobre do tempo dos celtas no país. Compleméntase e desenrólase, cunha obligada posta ó día, en *La Civilización céltica en Galicia*. O autor estuda por miudo, nista obra, a Cultura dos Castros a traveso dos seus restos arqueolóxicos, das novas dos xeógrafos e historiadores gregos e románs, das súas supervivencias populares. Determina o que se pode determinar da súa extensión e localización xeográfica, densidá demográfica, distribución no país, habitación, alimentación, economía, orgaización social e política. Concreta a supervivencia da orgaización tribal dos galaicos durante os séculos da dominación romana, na que conserva os seus nomes e os seus cultos, e aínda nos comezos da Edade Meia. Todos os elementos que integraron a Galicia anterior á historia son amorosa e vitalmente comprendidos polo intelixente investigador. Afirma daquela a xenuinidá do noso vello país. E lembrando o primitivismo de Galicia, soña arreo co recobro da autenticidá esquecida.

No grupo figura tamén un home de acción: Antón Lousadá Diéguez. A súa figura ocupa importante lugar no labor formativo e recreador da conciencia galega na xente moza. Nado en terras estradenses e criado no pazo de Moldes, estivo sempre vencellado ó país nutricio. Sinte fame de silencio e de mar, anceio de soedá, cobiza de camiños esquecidos. Hai nil un aire de camiñante, de ensimismado, de home cuios mellores amigos son os libros da natureza e o caiado. Primeiro en Ourense, i en Pontevedra despóis, exerce o ensino como catedrático de Filosofía. Na cátedra, como na conversa cotiá, na

imprensa e na tribuna, evidencia o poder de suxestión que soio irradian as persoalidás fortes e desinteresadas. A súa sorrisa de humorista san, sempre co cigarro retorto nos beizos, adequire grande popularidá no ambente docente e cultural galego.

Lousada quere salvar a tradición e o futuro de Galicia, e por eso faise político. Sinte o gosto e a paixón da política, e a ela adica moitos dos seus mellores esforzos. En troques, no orde inteleitual apenas realiza obra de escritor. Polo menos é moi pouco o que publica. Nas páxinas de "Nós" enceta un interesante traballo filosófico: *Teoría quasi trascendental da velocidade;* traduce a "Vita Nuova" do Dante, que é o seu breviario; dá a conocer dous contos de certo engado, e o primeiro paso dunha comedia tiduada "A domeadora". Escribe tamén un longo ensaio sobre *A siñificación profunda do galeguismo.* E preocupado polo problema da formación en galego da linguaxe filosófica, publica como aporte ó empeño o estudo *Encol da prosa galega.*

O poeta do grupo *Nós* é Ramón Cabanillas. Emigrado na Habana, edita alí os dous primeiros libros que saen da súa pluma: *No desterro* e *Vento mareiro.* Ambolos dous están vencellados ó labor de loita polo rexurdimento dos valores galegos de todo orde. Nistes primeiros intres é o poeta cívico que chama ó pobo co seu verso entusasta, convocándoo prá empresa coleitiva. Poéticamente falando, pode decírese que Cabanillas é máis do mato e da gándara que da rúa. Ademáis, é o grande lírico da ternura e da saudade, o gran lírico do sentimento da Terra; é un gran corazón cantando. O sangue cántalle nas veas, o vello sangue céltigo que o fai ser bardo denantes de que se decida a escribir sagas e romances. Co ideal bárdico, loita na ialma de Cabanillas o ideal virxilián de repouso na aldea; ideal ben clásico, por máis que Virxilio seña descendente de celtas, de galos cisalpinos.

Nas súas sagas de *Na noite estrelecida,* glosa en vidente as léndas do ciclo artúrico, o ciclo bretón da tradición vella. En *A rosa de cen follas* fai unhas ademirabres canciós de amor. Tece poemas relixiosos, ó xeito popular, como no *Bendito San Amaro,* ou en delicada maneira erudita, como na grande orquestación poética de *Samos.* Compón romances, nos que reviven as figuras antigas da historia de Galicia. En todos, Cabanillas é lírico sempre, lírico polo sentimento, inda que seña épico polo pulo. O senso da galeguidade faise nil deica tal punto ausorbente, que se identifica de cheo coas esencias do país. O seu verbo sonoro arrinca dos íntimos raizames dunha Galicia sustancial. Cos seus ollos emocionados, Cabanillas vai conquerindo unha imaxe total do mundo galego. En moitas ocasiós, inspirada pola saudade terrea, pola lembranza enternecida dos lugares da nenez. Dirixe daquela a mirada a cousas ben determinadas e concretas: os motivos da paisaxe cambadesa, o fidalgo señorío dos pazos, o pinal de Tragove... I é que Cambados forma parte integrante, a xeito dé circo concéntrico, das saudades do poeta. As "nuances" todas da vila natal lévaas metidas na ialma. Pero inda así, vive na obra a presencia dunha Galicia total.

O autor de *Camiños no tempo* é notábel non soio polo seu descobremento do esprito galego, polo convivio con Galicia; éo tamén polo don de comunicar, de suxerir, cunha forza que arrebata, o contido inefábel da poesía. Cabanillas, nefeito, destaca no caraiter trascendente e milagreiro da palabra. O seu verbo poético se non dirixe á intelixencia sinón ó ser enteiro. Sinte fonda devoción polos vocábulos ricaces de valor expresivo. Cabanillas vai ó pobo a percurar a abondosa e sonante pedraría, pra inxerila nas súas estrofas. As vivas palabras aladas fican así apreixadas nelas, latexantes

e tremelantes, cunha doce vontade de vóo. E nesa fala, bulinte, fresqueira, sonorosa como auga despenada, a voz de Ramón Cabanillas canta pra o pobo unha poesía verdadeira.

Veleiquí, moi esquemáticamente, a liña de aitividás ás que se adicaron, no servicio da cultura galega, os principás persoeiros da "Xeneración *Nós*". Dixemos: Risco é o ideólogo, o pensador; Otero Pedrayo o creador literario, o intérprete da historia; Castelao, o artista; Cuevillas, o prehistoriador; Lousada Diéguez, o home de acción; Cabanillas, o poeta. Pero os tres primeiros son ademáis —como tamén o cuarto— homes de pescuda. Todos catro, según advertiu Ramón Piñeiro, coinciden no común afán de chegar a conocementos seguros sobre do verdadeiro ser do pobo galego. Risco, a traveso do material etnográfico. Otero Pedrayo, a traveso das grandes manifestaciós históricas da evolución cultural galega. Castelao, a traveso do arte popular. E Cuevillas, a traveso dos restos das nosas culturas prehistóricas. Herdeiros da tradición histórica encetada nos románticos, percuran a súa comprobación nos eidos da cultura popular, da historia cultural e dos restos arqueolóxicos.

SALVADOR LORENZANA



A OBRA ARQUITECTÓNICA DE GÓMEZ ROMÁN

O pasamento de Don Manuel Gómez Román, nado no ano 1875, que emprincipióu os estudos de Arquitectura no 1892 —inda que os deixara axiña, pra lles dar cabo xa home logrado, despóis de dúas viaxes por Europa e América (a América que entendemos os galegos)—, lévanos a unhas consideraciós encol da súa obra que xurden ensarilladas con outras encol da arquitectura no século XX.

A mocedade de Gómez Román coincide cos anos do *modern style*, do *art nouveau*, do *jugendstil*. Pénsese no que anunciaban os nomes: modernidade, novedade, mocedade. Aínda ecoan istas verbas.

A requesta da Arquitectura niste século XX móvese por uns camiños que algús queren alimpados por enteiro de irracioalidade. Poida que seña a arquitectura o arte onde menos profundan os demos do suxetivismo e do impulsivo; prá súa defensa ten esconxuros moi axeitados. Querendo dar creto á idea de que a arquitectura se desenrola na matemática, chégase a construciós que son fórmulas calladas en pedra, cemento ou aceiro: estamos perante a *cúpula xeodésica* de Buckminster Fuller. Estribados nas palabras de Sócrates no *Filebo*: "por beleza das figuras eu non entendo aquelo que os máis pensan..., entendo somente aquelo que é reito e circular, planos e corpos sólidos traballados ó torno, o mesmo que as obras feitas con régoa i escadra... pro digo que istas figuras non son belas como as outras por comparanza, senón que son belas en sí mismas, pola súa natureza" adentrámonos na xeometría.

Pero na arquitectura esas forzas escuras, segredas, que pretende domear o racioalismo, tornan unha e outra vegada. Deixan de se chamar ornamentación e volven coa carauta da materia. Se non acolle, en conformidade, o dado, senón que se remodela a materia asegún unha pantasía enredante. Pode Le Corbussier deixar nú, sen capa de pintura nen traballo de polimento, a superficie do cemento, pero incrustarálle uns croios. Mesmamente, a materia deixa tempo pra un xogo estético, suprimido o xogo visual de liñas e masas ornamentás que achegan a arquitectura á pintura ou á escultura. Céibase na materia bruta un xogo de superficies e máis de coor, polo uso ou trato do material. Apreséntase o poder suxestivo que exerce toda materia no artista ou no ouservador, fora das súas limitaciós ou posibilidás téinicas. Soérguese, pois, o dualismo arte e téinica que se quería iñorar; dualismo descoberto en nominaciós teóricas como estético-teinicista, ou estético-humanista. Non paramos de nos mover entremedias dunha arquitectura esteticista e dunha arquitectura teinicista. A síntese de ambas e dúas semella un hermafrodita que se non sabe por onde pillar, i é, ó cabo, noxento; a mistura disparella, comenente e necesaria, ven coa realidade da arquitectura, sendo o ausurdo a pretensión de suprimer un dos ingredentes e querer facer do edificio un feito de ciencia ou un feito de conciencia individual. Que si unhas vontades e liames sociás refugan o feito dunha arquitectura só pra regalo dos ollos, poucos serán

Proieito de casa aldeá no val do Fragoso

os que acollan prá mesma unha normativa ríxida, coutada nos dous sentidos de ouxeto físico e ouxeto utilitario, esquecendo toda "intención estética", e facendo da obra arquitectónica un feixe de relaciós téinicas. As rebeliós serán moitas; Philip Johnson abandoará a doutriña do seu mestre Von der Rohe, os arquitectos italiáns crean un "neo liberty"..., e Mayanuki creará un neo-clasicismo "for enjoyment" dos ollos.

¡A cántas cousas non está vencellada a Arquitectura! Paremos mentes nalgo sinxelo: unha casa. ¿Qué é a casa? Deseguida topámonos con cousas que non acaen co seu orixe: a cova. Unha casa é unha vivenda, é lugar onde se vive. E poida, pois, que o primeiro seña acadar un siñificado prá verba vivir, e aínda máis coutadamente vivir nunha casa. Repitamos con verbas galegas o que máis fondamente fixo Heidegger coa alemá *wohnen* (habitar). Lembrándonos deses chalets alcuñados "Acoubo", parémonos na asociación acoubo-cova-tobo-acougo, como precisión da sucesión vivir-vivir nunha casa-vivenda. E inda máis, emparellemos o dito inglés *my home is my castle* co noso *miña casiña, meu lar,* e teremos un quente interior coma un útero, e un ríspido esterior de castelo.

Si queremos seguir pensando que o xeito de edificar espresa o xeito de vivir, o modo de ser, non pode esquecérese que toda obra humán e abastosa, dá máis que prá necesidade elemental. Logo compre contar con certas realidás: dispoñibilidade de materiás, imposiciós topográficas, e aínda climáticas. O sol de Chandigarh, ou o de Brasilia, non permitirían as "galerías" da Coruña; pero se non pode cair en afirmaciós estremosas como a de que as escadas esteriores son prototipo de países enxoitos e soleados, afirmación axina desmentida polos patíns da nosa terra.

Rúa dunha cidade galega, imaxinada por Gómez Román

Non hai "arte puro", sempre se trata do arte dun home, e a obra dun home faise cos instrumentos, e tamén as ideas, que deixaron dispostos outros homes. Tales ideas e instrumentos dan espresividade á parte de invención do artista. Como o Arte non é a descoberta dunha realidá concreta, senón unha espresión representativa, é función dos conocementos téinicos e teóricos dun tempo. Custión interesante, pero profunda, é a da medida en que certas invenciós míticas ou certos saberes téinicos poden seren comús a toda a humanidade, ou propiedade dunha parte; así como os resultados deses bés comús ou particulares. Eiquí, penso eu, está o nó por desfacer dos nacionalismos artísticos ou científicos.

O "modern style", agás da renuncia a arromedar os estilos antigos ou a copiar os estilos académicos, agás dunha vizosidade ornamental dos seus estilos froral —coa súa teima polo vexetal levada a barrisco a mobles, vasos, vidreiras, xoias— e liberty —que se dí foi alcuñado así polo nome

dun fabricante de tecidos estampados—, trouxo un principio de adaptación das formas ó uso cotián: "o moble debe ser *moderno,* ou, o que é o mesmo, inventado prá xeneración viva, feito pra *servir,* e adornado pra *pracer*" dixo Gallé, un dos promotores do "art nouveau" na Francia. E o "modern style" ten o antecedente do movemento *Art and Crafts* de William Morris, e as súas empresas artístico-comerciás, arte e máis oficio, que son as señas tanto prá Escola de Artes e Oficios de Madrid —fundada no 1871, pró "ensino téinico e artístico dos artesáns"; no 1886 fúndase a de Santiago, i en 1900 trócase o nome da de Madrid polo de Escola de Artes e Industrias— como pra Bauhaus de Gropius en Weimar, 1919.

Se miramos pró ámbito político topámonos co desenrolo post-romántico dos nacionalismos. O *Nationalgefühl* do século XIX logra o renacemento dos vellos pobos. Fai mirar nos pousos do pasado polo tesouro cultural e artístico. A saudade dunha edade de ouro mistura as reivindicaciós dunha perdida independencia política e a dunha cultura autónoma; ás veces as manifestaciós de revivencia da segunda, encobren a percura da primeira por razós de oportunismo político.

Istes fíos abondan pra nos poder encarar coa obra de Don Manuel Gómez Román, xa que non é ocasión pra amosar un tecido máis enteiro. Digamos de primeiras que non foi a súa obra ningunha improvisación; que é obra dun arquitecto que adeprendeu con mestres de obra e pedreiros. As súas mans conoceron a dureza da pedra, a súa resistencia física, e ó trocar en proieitos os seus conocementos a pedra non vai ser aliviada, senón que acollerá esa dureza, esa pretensión de eternidade das cousas alleas ó home. O acordo entre o estilo e a materia empregada é cousa de "oficio", de conocemento que califica ó obreiro; e Gómez Román ensinóu dibuxo, traballóu cos pedreiros, e foi algún tempo "contratista" de obras.

Como un resume das súas refleisiós encol do "habitat" galego, da súa feitura e da súa estética, miremos os seus proieitos, que cachan unha visión namentras ísta ten vida na proisimidá física do autor. Feitos sen vencellos poden amosar elementos que desaparecerán coa obra construida —por acordo poderíamos chamarlle definitiva; pero, ¿a cántas cousas se non someteu? Poida que fosen as necesidás económicas, poida que á vaidade dun propietario, i o resultado é que a obra rematada é moito menos persoal e auténtica que a soñada pra un proieito. Os proieitos son esperimentás, i emporiso o artista amosa neles o que é realmente a intimidade da súa paixón de invención, a súa inspiración; pescuda neles os segredos das formas; xurden enteiras as emociós e as preferencias.

A obra de Gómez Román é testemuño dunha fe nun tempo de salvación en nome de Galicia. Mergullado nun presente, o seu vencellamento deliberado a ún dos grandes sistemas da cultura galega —o barroco—, tense de mirar non como acollida dun pasado facilitador, senón como a recreación espresiva dunha corrente soterraña que non deixa de xurdir cada hora propicia. Poisque é un estilo que está máis que preparado a acoller —conscente ou inconscentemente— calquer home galego logo das paseatas polas rúas de Santiago, ou mesmo polos rueiros aldeáns. Non ofrecen sustanciás diferencias a modélica cidade i o que é de común consenso na vila e o lugar campesiño. Non hai diferencia de ambente, de ideal de beleza, de temática, de conceptos de masa e composición: unión de elementos siñificativos nun espacio dinamizado e interrumpido por masas diferenciadas (Quintá dos Mortos, Praza das Praterías, praciña de Fonseca).

Xustifícase, a máis, o neobarroco de Gómez Román, porque non houbo unha boa razón de ambente pra que medrasen en Galicia realizaciós que pedían unha téinica material e instrumental de economía abastada; o puro mimetismo ou o afán pouco meditado de vivir "a la page" non podían repetir con meios parvos, de provincia probe —sen o "oficio" necesario prás novas materias e as novas formas— os exemplos esperimentás das ricas urbes económicas e artísticas.

Pódese decir que as formas arquitectónicas de Gómez Román, achegando estilísticamente o edificio urbán ó pazo rural, producíronse en función do home i en función da terra; víu o problema como o da relación da forma arquitectónica coa paisaxe galega. Un problema resolto con outras formas por outros arquitectos, con outras materias e outros instrumentos. E non é cousa de decir que as soluciós foron millores ou piores, pois en Arte nen hai progreso, nen hai verdás ausolutas.

A obra de Don Manuel Gómez Román é a dun fillo da terra, o fillo dun "mestre de obras" que dende neno camiñóu entremedias da pedra, do escoadro, do martillón, da maceta, da buxarda e demáis ferramentas dos pedreiros e canteiros, e deu no seu labor como arquitecto espresión diste seu orixe.

XOHAN LEDO

AS "JARCHAS" E AS ORIXES DA LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA

Pola importanza que se lle ten dado ó descobremento das "jarchas" mozárabes como clave escrarecedora das orixes da lírica peninsular, consideramos interesante dar a conocer ós leitores de GRIAL *os xuicios que sobre ise problema formula o profesor M. Rodrigues Lapa na 5.ª edición, recentemente aparecida, da súa maxistral obra Lições de Literatura Portuguesa. Tratándose dun problema profundamente debatido e aínda non resolto, no que romanistas, arabistas i hebraístas discrepan enérxicamente, como se bota de ver nas opiniós, tan diverxentes, dos profesores Dámaso Alonso, García Gómez e Cantera, coidamos que debe ser conocida dos nosos medios cultos a opinión de Rodrigues Lapa por ser a voz máis autorizada entre as que se teñen ocupado de investigar o problema das orixens da poesía lírica galego-portuguesa.*

A creación do *zéjel* arábigo-andaluz, no século IX, anda rodeada de certo misterio; misterio que só poderemos crarexar si supoñemos que unha poesía románica, a da grande masa dos vencidos, influenciada probabelmente pola liturxia mozárabe, tería marcado á poesía sarracena cun selo inconfundíbel. Nefeito, todo na nova forma poética ia contra a tradición arábiga: o uso do *mote* e volta, os versos cortos, a división estrófica, a linguaxe, que é a popular, e até ás veces os temas, máis proprios de cristiáns que de mouros. Ora isto non é suficientemente esplicábel por unha invención individual; só se comprende polo iufluxo macizo de outra cultura, que se impuña, nos eidos do lirismo, á cultura dos vencedores. Istes eran unha escasa minoría, e unha minoría de homes de acción, a quenes, nos primeiros tempos, polo menos, pouco importaría o cultivo das musas. A medida que se foran establecendo, nunha vida máis folgada, lonxe dos grandes centros, estarían cada vez máis baixo do influxo da poesía rexional.

O veo do misterio foi un algo descerrado no 1948, cando o orientalista Stern, despóis de laboriosos estudos, interpretóu unha vintena de *jarchas* románicas pertenecentes a igual número de *muuaxahas* hebraicas compostas por poetas xudeus da Andalucía dende fíns do século XI ate fíns do seculo XIII. A istas seguiran outras de poetas árabes do mesmo período, publicadas polo arabista español Emilio García Gómez. En conxunto, poseemos hoxe máis de meio cento de *jarchas* extraguidas de *muuaxahas* hebraicas e árabes; e outras, naturalmente, espéranse aínda, descobertas en arquivos europeos, africáns e orientales.

A *muuaxaha,* da que máis tarde saíu o *zéjel,* era unha composición en árabe literario, que na súa forma máis simple tiña o seguinte esquema métrico: *aa bbbaa cccaa,* etc. O remate da poesía era o que se chamaba a *jarcha,* que siñifica propiamente "remate, saída". Composto de 2, 3 e 4 versos, estaba escrita en árabe vulgar ou en dialecto mozárabe. Según a boa

norma, preconizada por tratadistas célebres, ese remate debía ser sorprendente e picante. A maior parte delas introduz, nefeito, a unha rapariga que se desentraña toda en suspiros, queixas ou saudades do namorado. Véxase ista *jarcha* do grande poeta hebreo Judá Levi, dos fins do século XI:

Vai-se meu corachon de mib,
ai, Rab, si se me tornarád?
Tan mal meu doler li-l-habib!
Enfermo yed, quando sonarád?

Como está salpicada aquí e alí de estranxeirismos, damos a tradución: "Vaise o meu corazón de min, ai, Deus, quén sabe se voltará. É tan grande a miña dór polo amigo! Enfermo está, cándo ficará bon?".

¿Cómo foron descifradas istas *fiindas* en dialecto mozárabe? O problema da transliteración ofrece enormes dificultás e, inda que tentado por destacados especialistas, está aínda por resolver en muitos casos. Como é necesario cobrir os sinás consonánticos coas vocales que lles competen, sucede que os interpretadores son levados a tomar como norma o sistema vocálico das súas proprias línguas; fora de que o proprio texto aparez estragado polos escribas da África e do Oriente, que desconocían esa língua estrana e antiga. Velahí un exemplo. Nunha *jarcha* hebraica de José Escriba, que somella ser anterior a 1042 encontramos o seguinte verso:

'nfrmyrwn wlyws ydwln tn m'ly

Stern leu: "Enfermeron welyos, gueras (?) ya dolen tan male". Decontado, un suposto, doutra banda inxustificado, do inglés Entwistle, levóu a Stern a correxir *gueras* por *cuidas*. E xa agora, nós propoñemos unha leitura que nos parez ter mellor sentido, sen discutir o texto: "Enfermaron olyos, guay Deus, yá (= xá) dolen tan mali".

Eiquí inda se pode tirar un sentido máis ou menos razoábel; pero hai pasaxes, *jarchas* enteiras, nos que ficamos totalmente ás escuras. Nun poema de Judá Levi alúdese expresamente, nos versos que preceden ó remate, a unha rapariga que canta en linguaxe de cristiáns a seguinte *jarcha*:

sy ksn'sd bhd qrbd mys 'nfrm'd

Sería de esperar un texto en puro romance. Pois, por máis esforzos que se teñan feito, aínda se non conseguíu descifrar, agás a palabra final, o que será unha forma do verbo *enfermar*. Por istas amosas mírase a extrema complexidade do problema da transliteración, mui lonxe aínda de estar resolto.

Sobre ista descoberta sensacional das *jarchas* hebraicas —mellor diríamos "redescoberta", porque a maior parte delas era xa coñecida— pronuncióuse o romanista español Dámaso Alonso, nun artigo que chamóu a atención e ten sido punto de partida de toda a discusión arredor do problema. Diz nel:

"Dende 1948 o problema das orixes da lírica románica e da europea modificóuse totalmente —terá de ser posto de novo... Polo *zéjel* non é o camiño prás orixes... Digámolo dunha vez; o centro de interés debe desplazárese do *zéjel* pra o monte ou cantiga inicial (*villancico* en castelán, *vilancete* en portugués). Istes exemplos de vilancetes mozárabes do século IX, postos á beira de toda a tradición castelá serodia proban perfeitamente que o núcleo lírico popular na tradición hispánica é unha breve e sinxela estrofa, un vilancete".—*Cancioncillas "de amigo" mozárabes,* 333-334.

O caso figúrasenos un algo máis complicado do que semella a Dámaso Alonso, que pon na discusión diste problema un acento apaixoado de verdadeiro artista. Na condución da súa tesis, sigue as liñas xerás da argumentación que Pidal consideraba na *Primitiva lírica española*. Con unha diferencia: mentras que Pidal consideraba un lirismo peninsular con dúas formas principás, a paralelística galego-portuguesa con refrán e a forma castelá do vilancete inicial glosado en estrofas (*Das origens da poesía lírica*, 46), Dámaso Alonso admite aínda que deses motes mozárabes descarnados, puideira derivarse a cantiga paralelística galego-portuguesa e o vilancete castelán.

Ambos presumen, como se mira, unha diferenciación, que as realidás non confirman de xeito algún, na época das orixes. O que ouservamos é qué o paralelismo é a forma primitiva de desenrolo dos vellos temas líricos, que tanto obrigaba ós poetas castelán̈s como ós galego-portugueses. Toda a distición que se queira facer entre os dous lirismos ate o século XIII, representa unha tarefa vá. Ate esa época todo semella indicar que non hai dous, hai só un lirismo, i ese indiscutibelmente galego-portugués.

O paralelismo, polo seu carácter mecánico e un algo pueril, serviu ben o propósito da bailada, mais se non axeitaba ás eisixencias dunha poesía de máis alto coturno. Foi entón que se ensaiaran outras formas como a do *virelais* (o noso vilancete), *AA, bbbaAA,* e a do rondel, *AB, aAabAB*. A primeira aparez xa consagrada no século XIII, a traveso das *Cantigas de Santa María,* de Alfonso X o Sabio; pero acreditase, con bós fundamentos, que istas formas poético-musicás son de orixe francés. O esquema do vilancete, aínda contaminado de paralelismo, atravesa os séculos XIV e XV, ate que nos fíns diste último cristaliza na forma *ABB cddcbb*. Nótese, nembargante, que hai nos vellos Cancioneiros, en cantigas pouco conocidas, algunhas por editar aínda, esquemas que semellan anunciar os futuros tipos do vilancete e da cantiga: CV. 404, 768, 769, 770.

De xeito que, de comprobarse a hipótesis de Pidal —eisistencia de dous tipos de lirismo peninsular— é xusto reconocer que no campo galego-portugués se cultivaron os dous sistemas poéticos, i é sin dúbida eiquí que se conservan os espécimes máis antigos.

Unha cousa é fundamental no achado das *jarchas* mozárabes e que, si non derruba, abala fortemente o edificio erguido polos defensores da tesis do arabismo: esa poesía, seña ou non popular, aseméllase extraordinariamente ós nosos vellos cantares de amigo, exprime atitudes, climas, situaciós psicolóxicas que imos encontrar na poesía popular da vella Romania; fortalece, ó cabo, a opinión daqueles que sempre viron nas pretensas creaciós dos árabes os xermes fecundos da nosa civilización.

O que se deu, por outra parte, coa poesía daríase paralelamente coa música. Marius Schneider, nas súas investigaciós etno-musicás, basadas nos tipos melódicos dos diferentes grupos étnicos, chega á conclusión de que o árabe representa musicalmente na Edade Meia o elemento máis atrasado i especializado; e canto máis especializada é unha cultura musical, tanto menor é o seu poder de expansión. E cita un feito que demostra efectivamente a inferioridade do xenio musical dos árabes perante a música hispanocristiá. En Córdoba ensinábase a técnica polifónica. Ora é sabido que ó árabe repúgnalle, en principio, toda forma de polifonía vocal. Logo, o ensino desa discipriña na grande cidade musulmá era un homenaxe que se prestaba ó xenio musical europeo e a proba de que esa música continuaba *reinando* durante a época do dominio sarraceno en España.

En fin, a teoría arábiga asenta radicalmente nun perigoso equívoco: a identidade dalgús temas e dun tipo versificatorio. Enumerar eses temas i esas atitudes no amor constitúe unha tarefa vá: o comportamento dos namorados, o conceito do amor. ten, dende o principio do mundo, puntos comúns en todas as latitudes; mais, se non queremos mirar na poesía árabe e provenzal dous fenómenos independentes, temos o recurso de admitir pra ambas o mesmo orixe: a poderosa corrente do platonismo e do neo-platonismo, que, por vías diferentes, conformóu amplamente as dúas culturas, imprimíndolles, inevitabelmente, caracteres idénticos. Iste punto, admitido xeneralmente, é importantísimo, pero non ten sido considerado ate agora no seu xusto valor. A erótica helenística imponse ó xenio árabe, sublimándolle a sensualidade; igualmente imponse ó home ocidental, espiritualizándolle a brutalidade dos instintos. Foron dous movementos autónomos e converxentes. ¿Cómo non han presentar semellanzas, si proveñen ambos da mesma raíz? De xeito que todas esas coincidencias explícanse ou polas imposiciós do afecto, común a todos os homes, ou por un mesmo fondo de cultura, ou aínda polas condiciós sociás da época, que obrigan ás veces a formas afís de vivir e de pensar.

Ben entendido que, á par desas semellanzas, hai diferencias notables, nas que os defensores do arabismo, naturalmente, non acostuman insistir... Unha delas, tan importante que por sí soia abondaría pra comprometer toda a tesis arábiga, está en que na poesía islámica o amor se non dirixe polo xeneral a señoras casadas. Ora esa atitude do traveiro provenzal con relación a *midons* supón, como vimos, un ambiente social que é definitivo para a formación do lirismo cortés. Esa poesía, digamos, no conxunto dos seus temas, na súa profunda inspiración, só podería ter nacido na Provenza.

Resta o problema da versificación. Eiquí tamén a identidade dun esquema de metrificación, un só entre tantos, nada proba en abono da tesis arábiga. As mesmas determinantes poden suscitar en rexiós diferentes tipos iguales ou semellantes de metrificación. Tanto na España mozárabe, onde o tristico era cultivadísimo na poesía relixiosa, como en Francia, no Limosin, onde había un grande foco de poesía eclesiástica, non faltarían modelos i estímulos de varia natureza para a composición dos máis variegados tipos estróficos e versificatorios. O lirismo trovadoresco nacéu na altura na que a poesía litúrxica ou simplesmente relixiosa atinxe un extraordinario poder de irradiación. ¿Qué hai, pois, de trascendente en que Guillermo IX ou outros antes del teñan podido imitar ou criar a forma do *zéjel*? Polo 1100 cantábase na eirexa de S. Marçal de Limoges unha canción de danza, co esquema *aaabNB*. Atendendo a que o estribillo se cantaba tamén antes da primeira estrofa, xa temos eiquí sustancialmente o tipo de *zéjel;* e non é natural que esa canción litúrxica fose a primeira do xénero.

Na discusión do problema dos orixes case só se teñen considerado os elementos tradicionás da cultura. Xa é tempo de reconocer ó xenio inventivo do artista a importancia que merece. É el quen, nas épocas de renacencia —e o trovadorismo é unha delas— anova constantemente a tradición cos productos da creación persoal. Non hai dúbida de que os primeiros troveiros, antre os que xurden persoalidás tan fortes como Guillermo IX e Marcabru poderían terse afeicioado, e certamente afeicioáronse, a algúns dos instrumentos dos que se servían para a expresión dos seus afectos. A aceitación pasiva de temas e formas non é propria de artistas que percuran abrir novos horizontes.

M. RODRIGUES LAPA

AFRICA SE BUSCA A SÍ MISMA

"En 1835, De Tocqueville dijo que 'en América he visto algo más que América. Aquí he visto la imagen de la misma democracia'... Hoy podemos decir que en África vemos algo más que África. Vemos a un continente que, tras haber estado mucho tiempo dejado de la mano de Dios, comienza a cobrar una personalidad propia. Vemos cómo 200 millones de seres humanos despiertan después de haber estado dormidos durante siglos enteros. Vemos cómo renacen las ideas de libertad. Vemos que los dolores del parto que preludian la aparición de la independencia están siendo sufridos de nuevo. Vemos que los problemas del desarrollo nacional, de la civilización moderna, dejan sentir su peso sobre los hombros de una nueva generación. Vemos, sobre todo, cómo en un nuevo y vasto territorio y bajo unas nuevas y difíciles condiciones, se está forjando la imagen del hombre moderno".

JOHN F. KENNEDY, Discurso pronunciado el 28 de junio de 1959, en Nueva York, en la segunda conferencia de la Sociedad Americana de Cultura Africana.

El siglo XX es el siglo del nacionalismo africano, como el XIX fue el siglo del nacionalismo europeo. Uno y otro surgieron, sin embargo, por distintas y complejas razones: la desmembración de los grandes imperios europeos (como el imperio austro-húngaro, etc.), dieron lugar al nacionalismo europeo, en unión de otros factores históricos; el afán de autodeterminación de todos los pueblos, la presión política de los EE. UU., forzando independencias prematuras, la acción directa de los intelectuales indígenas que aprendieron en las metrópolis europeas el derecho de todo país a su autodeterminación, etc., originaron, unido todo ello a otros muchos hechos, el nacionalismo africano. Y en realidad, uno de los más candentes problemas de nuestro tiempo es el desarrollo y evolución de estas nuevas unidades políticas, criaturas abortivas en algunos casos y prematuras sin excepción.

En su afán de ganar frente a Rusia la batalla anticolonialista, los EE. UU. siguieron una política ingenua, equivocada y perjudicial para todas las partes interesadas (incluso para los propios EE. UU., y de modo muy señalado), forzando la independencia de países de estructura tribal y colocándolos al borde del desconcierto y el caos. Todos los pueblos del África situada al sur del Sahara y al Norte de la Unión Sudafricana nacieron a la vida política con una tara de la que difícilmente se repondrán en el futuro: la improvisación. Evidentemente, la primera pregunta que a cualquiera se le ocurriría es para qué consumir tantas energías en tan descabellada empresa o pensar si, bien valoradas las cosas, no hubiera sido mejor para todas las partes en conflicto, emprender una política constructiva, tendente a la misma finalidad, pero con la mirada puesta en una mayor eficacia, en unos resultados que a la larga favorecerían más a quienes, por motivos de hegemonía ecuménica, estaban dispuestos a arriesgar en tal proceder importantes capítulos destinados a la ayuda exterior.

La América latina puede ser un ejemplo ilustrativo, en ciertos aspectos y sin afán de simplificar los términos de la cuestión o de reducirlos a esquemas fáciles. América, como Africa, fué un continente colonizado; como en los diversos países de Africa, fueron formándose allí estados independientes, muchas veces en precarias condiciones; como en Africa hoy, se formaron allí ayer comunidades políticas vacilantes, incorporando instituciones que no servían a las realidades concretas de cada país. Los sueños de Bolívar, como los de Jomo Kenyatta, Kwame Nkrumah y otros tantos líderes nacionalistas del África negra, se hicieron realidad con excesiva prisa. Y si hoy se resiente todavía la América latina de esa premura, con más fuertes razones le ocurrirá lo mismo, y desgraciadamente por mucho tiempo a los recién nacidos países africanos.

Claro que el caso de África es mucho más grave. Como dijo *The Economist,* África está llevando a un mismo tiempo "una revolución agrícola, industrial, técnica, urbana, social y política. Está pasando de un estado feudal, que en algunos lugares es aún prehistórico, a la edad atómica, y ello en cuestión de décadas. En cuarenta años está recapitulando la historia de los últimos cinco siglos de la sociedad europea". Pero ello, precisamente, es el más grave problema que a África se le plantea hoy.

Tal como está escindido el mundo de nuestro tiempo en dos poderosos bloques políticos e ideológicos antagónicos, África constituye para cualquiera de ellos un problema político insoslayable. Y para África, decidirse por uno u otro sistema (o por ninguno de los dos, como inteligente y prudentemente está sucediendo), es también un importante problema político de su destino. Pero el hecho indiscutible es que, por la fuerza de las circunstancias actuales, África se encuentra presionada por Oriente y Occidente y su destino, quiérase o no, se encuentra ligado al antagonismo de estos bloques políticos e ideológicos. Que África se decida por uno u otro, o que busque no comprometerse con ninguno, significa para todos, desde luego, uno de los más trascendentes problemas de nuestra hora. Y no podemos pensar, sin duda, como Sylvanus Olympio, cuando manifestó, al ser proclamada la independencia de Togo, que "somos demasiado pequeños para entrar en la lucha entre Oriente y Occidente. No queremos participar en la lucha de los colosos. Hemos vivido durante mucho tiempo al lado de Occidente, y no creo que los rusos exijan que cambiemos de actitud. De todos modos, si lo hiciesen, nos negaríamos prudentemente a ello. Puesto que no podremos cambiar el curso de los acontecimientos, haremos lo posible para no vernos mezclados en las hostilidades de las grandes potencias". Pero Sylvanus Olympio no se percataba de que, nos guste o no nos guste, los problemas políticos de nuestro tiempo se plantean a escala mundial y, para bien o para mal, todos estamos implicados en ellos.

No descubriremos nada nuevo si afirmamos que África se encuentra hoy con graves problemas y con agudas dificultades en su lucha por encontrar y ganar su propio destino. Como dijo el Presidente Kennedy en uno de sus memorables discursos, "las posibilidades humanas en casi todas sus categorías, nuevas y viejas, buenas y malas, existen en aquel continente, y a menudo existen las unas al lado de las otras. La producción de uranio se desarrolla en el mismo centro de una agricultura primitiva. La automación está siendo introducida no lejos de los viejos poblados donde florece la artesanía. La monarquía, la dictadura, el régimen tribal, el régimen colonial. el régimen del colono blanco, el régimen republicano, y diversas mezclas de todos estos regímenes pueden ser observadas por doquier... Es una tierra donde las enormes riquezas naturales pueden ser

halladas codo a codo con una absoluta pobreza y unas crueles enfermedades". Y añádase a esto el hecho de que allí se hablan casi un millar de lenguajes y dialectos, así como las divisiones raciales étnicas y culturales.

Pero quizá el mayor problema con que hoy debe enfrentarse África sea, aparte de su variedad, la consolidación de sus instituciones, en una palabra, saber qué hacer con su libertad. Desde luego, los grados de madurez política son muy distintos según cada país y las soluciones buscadas muy distintas también. Lo que de ningún modo se puede hacer, si no queremos correr el riesgo de graves equivocaciones, es ver y valorar con los mismos ojos o con el mismo baremo el nacionalismo africano, en todas sus diversas manifestaciones nacionales, cayendo en generalizaciones que no serían reales.

Y dentro de tales generalizaciones, una de las más extendidas es la creencia —sustentada sin una base firme y sin pensar demasiado las cosas— de que África, en un futuro próximo o remoto, entrará de lleno en la órbita ideológica oriental. Desde luego, y sólo en principio, está claro que el comunismo chino despierta en estos países menor suspicacia que el comunismo soviético: aquel respeta lo que desde Tito se ha venido llamando comunismo nacional, mientras que el soviético arrastra consigo un marcado carácter imperialista y hegemónico; y estos pueblos, después de todo, no están dispuestos a cambiar de amo, orgullosos como se encuentran de sus himnos nacionales y de sus banderas propias.

Efectivamente, África es un campo de operaciones para cualquiera de los dos bloques antagónicos que hoy se disputan la hegemonía mundial. Está siendo hoy objeto de esta rivalidad y, sin duda, lo seguirá siendo en el futuro. Son muy diversas las razones que empujaron a determinados países —más que a los países, a sus dirigentes— a inclinarse hacia un lado o hacia el otro. Casi siempre ha sido la causa el propio país colonizador. Kwame Nkrumah, por ejemplo, es un rabioso anticolonialista, un delirante egocentrista, que sólo está a gusto cuando se le da importancia, y un fatuo demagogo; pero, a pesar de que se le considera como uno de los líderes más próximos al comunismo, es evidente que en él se acentúa una nota común a todos los dirigentes africanos del momento, que prima sobre cualquier otra: la borrachera nacionalista, la libertad recién estrenada, un exclusivismo africanista totalmente infantil y, no lo olvidemos, un confusionismo ideológico bastante acusado, a pesar de que se le considera como un verdadero intelectual. Y un caso parecido fue Patricio Lumumba, también carcomido por los resentimientos y solitario delirante.

En primer lugar, desde el punto de vista político, África nos presenta una sorprendente variedad institucional. Como decía el Presidente Kennedy, la monarquía, la dictadura, el régimen tribal, el régimen colonial, el régimen del colono blanco, el régimen republicano, y diversas mezclas de todos estos regímenes pueden ser observados por doquier. Y lo primero que debemos tener en cuenta es que allí, a diferencia de lo que ocurre en Europa o en cualquier país occidental, el carácter del régimen político adoptado está estrechamente vinculado a la personalidad individual de sus dirigentes, y casi siempre a la de un solo dirigente. Porque lo que ocurre en África, a diferencia de lo que sucede en Europa, es que no existen allí verdaderas élites ni tampoco una auténtica representación del país, que difícilmente podrá estar representado en las condiciones tan precarias de sus estructuras sociales; porque, al margen de esa pequeña élite, generalmente la única realidad social existente en el país es la estructura

tribal. En estas condiciones, es inevitable que los diversos tipos de gobierno coincidan siempre en su indiscutible carácter personalista: tan personalista es el régimen monárquico de Etiopía, gobernada por un rey que se considera descendiente de David y heredero de su trono, como el del presidente Kwame Nkrumah, ese "cristiano no confesional y socialista marxista", como él dice, y que consintió que el periódico de su partido publicase una profesión de fe, que se inicia con estas palabras: "Creo en Kwame Nkrumah, el heroico caudillo de Ghana, fundador de las escuelas y facultades de Ghana, y en el dinámico *Convention Peoples Party,* su único partido, salvación nuestra, recibido por la inspiración de los tiempos, nacido de las masas, sufrido bajo las persecuciones, apaleado y desvirtuado..., etc.". Si en algo coinciden todos los regímenes de África (y no sólo los del África negra), a pesar de la diversidad de soluciones buscadas —que en la mayoría de los casos no son más que nominales—, es indudablemente en este carácter personalista que con frecuencia deriva en una fuerte dictadura. Y es inevitable que así sea. Nadie negará, por ejemplo, que Jomo Kenyatta o Julius Nyerere, por propia iniciativa y por formación o convencimiento, serían tan demócratas como cualquier inglés; pero ante las realidades de sus respectivos países, tienden de modo inevitable a convertirse en dictadores porque no pueden hacer otra cosa. El cambio constitucional recién operado en Kenya, a petición del propio Jomo Kenyatta, es un signo revelador, pues se pasó a un régimen fuertemente presidencialista y de partido único, en un país donde el pluripartidismo era algo natural, impuesto por la fuerza de las cosas. Como dijo la revista *Mundo,* los "kikuyu" y sus afines llevaban doble ventaja para apoderarse del Poder en el momento de su transmisión por la metrópoli: por sus méritos como luchadores y por su mayor preparación (aparte de que la capital está en su territorio). Los "kikuyu", dirigidos por Kenyatta, formaron la *Kenya African National Union,* con la aspiración de gobernar a solas. Pero Kenya es un país de tribus dispares y entre ellas se formó el *Kenya African Democratic Union,* con Reginald Ngala como líder. En el Parlamento, el K. A. N. U. contaba con 75 puestos, frente a 33 del K. A. D. U. y 16 estaban repartidos por igual entre los independientes y el partido popular africano. Inesperadamente, uno y otro partido se integraron en uno sólo Por otra parte, los recientes acontecimientos de Nigeria, país que se consideraba apto para su régimen democrático estable, nos llevan a la misma conclusión. Y en la Prensa inglesa se habló recientemente de un cambio constitucional en Uganda —uno de los países más maduros del África negra—, semejante al ocurrido en su vecina Kenya.

Como dijo Raymond Aron ("Los intelectuales y el totalitarismo, en *El Mundo Libre y la Guerra Fría*", Valencia 1955), "todos los estados parlamentarios son prosaicos. La democracia posee toda clase de virtudes menos esa: no es lírica durante el día corriente, y aquellos que desean el romanticismo político no hacen historia. Como mil veces se ha dicho, por otra parte, la fuerza de la democracia se encuentra en la limitación de la potencia del Estado, y, por lo tanto, parece que el Estado demócrata, según su definición, actúa menos enérgica y rápidamente que los demás". Por qué —se pregunta el gran intelectual francés— parece que los intelectuales desean un régimen totalitario? "Según creo, porque muchos de ellos, cuya profesión es la palabra y no el hecho, sienten una satisfacción en la negación de su verdadero modo de ser, en el deseo de un régimen inverso a su naturaleza. Es notable que la mayoría de los intelectuales no tienen ideas claras de la economía dirigida o del organismo del mer-

cado libre ni de la importancia de los ingenieros bajo los distintos sistemos de gobierno. El Estado que ejecuta las obras públicas en gran estilo puede llamar la atención del *lettré,* no porque su esfera sea de interés, sino por todo lo contrario". Aparte de lo que hay de verdad en estas irónicas y precisas palabras, es incuestionable que los líderes nacionalistas africanos, están preoupados, más que por cuestiones ideológicas, por afrontar con eficacia y decisión los problemas que en sus países les plantean las enfermedades, el atraso, el analfabetismo y la miseria. Y en este afán de radicalismo, es muy factible que a algunos de ellos les fascine el comunismo, bien en su versión soviética o bien en su derivación china. Pero ello. sin duda, quizá sea simplificar los problemas. Porque lo que hasta el momento han demostrado los países africanos es un decidido afán de obtener de uno y otro bloque ideológico la ayuda material —préstamos y técnicos, especialmente— que precisan para poner en marcha sus programas de acción. En realidad, hasta el momento han demostrado una gran prudencia política, incorporándose de lleno a un inteligente neutralismo.

Muchas veces se han confundido o interpretado mal las cosas por la tendencia a las soluciones fáciles o a la simplificación de los problemas. Porque una cosa es que todos estos países se vuelvan airados contra el país que les domina o coloniza —con las inevitables injusticias del caso, por uno y otro lado— y otra muy distinta es que, por esas mismas razones, se considere que tales países, casi por fatalismo histórico, se inclinen por el bloque ideológico contrario. Esto es un lamentable error... Nada hay más alejado de la realidad. Y si no pensemos en el caso de Túnez, que puede servirnos de ejemplo ilustrativo de estas afirmaciones. El presidente Burguiba, cuando en noviembre de 1956 se hallaba sometido a la consideración de las Naciones Unidas el caso de Argelia, expresó con inolvidables elocuentes palabras la desilusión que Francia producía a los diferentes nacionalistas del Norte de África. Dijo Burguiba en aquella ocasión: "El voto de un Túnez libre será emitido contra Francia, pero sería erróneo creer que nos sentimos satisfechos del estado de este conflicto. Siempre he esperado sinceramente que Túnez podría ser un puente tendido entre el Occidente y el Oriente y que nuestro primer voto independiente habría de ser hecho en favor de Francia. Aunque esto ha resultado imposible, todavía no me siento inclinado a desesperar, por vez primera en mi vida, de la sagacidad del pueblo francés y de su Gobierno. Todavía puede llegar el día, si el Gobierno de la República actúa con la suficiente celeridad, en que la civilización francesa será ciertamente defendida en un consejo mundial por los líderes de una Confederación Francesa-Norteamericana". Y piénsese en la actitud de Julius Nyerere, de Tom Mboya —el gran intelectual y audaz dirigente de Kenya—, de Houphouet-Boygny o aún en el místico Haile Selassie I de Etiopía. Tom Mboya, en su libro *Kenya Faces the Future,* deja traslucir una queja semejante a la de Burguiba, cuando escribe: "Estoy convencido de que la dirección equivocada de la comunidad europea y la política del Gobierno británico no sólo han sido responsables de la constante crisis política, sino de que, *desgraciadamente,* han trabajado también contra sus propios intereses... Actualmente muchos europeos disfrutan todavía de privilegios y exclusivismos especiales, por ejemplo, en política, a pesar de que saben que esta situación no durará siempre. Los europeos saben que el estatuto actual debe modificarse, pero no saben exactamente lo que lo sustituirá y temen que a los africanos de Kenya les entren deseos de vengarse de

pasadas injusticias... Nada puede detener los cambios que comprenden todo el continente africano y naturalmente también Kenya. En mi opinión, una clara decisión del *Colonial Office,* que diera a Kenya una auténtica democracia, demostraría que los elementos liberales prevalecen en la comunidad europea y representaría una victoria sobre los fanáticos..." A poco que se medite todo esto, pronto se ve que los casos Oginga Odinga —el actual Vicepresidente de Kenya, de clara filiación comunista y que gracias a Achieng Oneko, controla los servicios de Información, la radio y la *Kenya News Agency*— son precisamente raros en África.

Y es inevitable que así suceda, puesto que, como escribía Tom Mboya en su citado libro, cuando pedía, como única solución posible para su país, una verdadera democracia, "nos enfrentaríamos con auténticos problemas, en lugar de hablar de problemas africanos, europeos o asiáticos, cuando en realidad son económicos o sociales". (A través del Programa de Seguridad Mutua, la ayuda de los EE. UU. se elevó desde los diez millones de dólares en 1956 a los cien millones en 1959, lo cual representa menos del 3 por 100 del total del presupuesto norteamericano para ayuda exterior Y entre 1946 y 1955, África recibió menos de una sexta parte del 1 por 100 de la ayuda exterior americana, la mayor parte de la cual fue concedida a Sudáfrica y a Rhodesia). En realidad, África se enfrenta con otro problema tan grave como el económico o social: sus instituciones. Y uno de los esfuerzos más gigantescos que hoy desarrolla el continente negro es la denodada búsqueda de unas instituciones apropiadas a la realidad donde deben operar. Es totalmente fantástico creer que pueden servir en el África de hoy las instituciones europeas de tipo parlamentario. El fracaso de las mismas ha sido bien evidente y rotundo en África. Y ello, no a causa de tales instituciones, sino por la realidad que las rechaza, pues nada más ilusorio e irreal que el convencimiento de que pueda establecerse hoy en África un sistema que tardó siglos para que pudiese cuajar en Europa (salvo el caso de Inglaterra) y que costó sangrientas revoluciones, interminables guerras y profundos cambios en todas las estructuras continentales. Tales instituciones son un producto depurado, consecuencia de una compleja y larga tradición cultural que tampoco Europa ha podido improvisar, sino todo lo contrario. Pero tan irreal como esta creencia, es la esperanza ilusoria de quienes piensan que el único sistema posible que puede arrancar a África de la miseria y del atraso, es el comunismo, en cualquiera de sus versiones. En este sentido, nada más palpable que el fracaso político de la U.R.S.S., quien tomó la iniciativa de crear el neutralismo de estos países y de otras naciones asiáticas, con la finalidad de atraer hacia su foco de influencia a estas unidades políticas vacilantes. Pero ocurrió lo que pocos sospechaban, y que, sin embargo, era inevitable: que todos estos países se tomaron demasiado en serio el neutralismo y quieren permanecer neutrales a toda costa porque, ante todo, están más preocupados por sus intereses, como decía Mboya, que por determinadas ideologías. Y, de modo especial, el sistema comunista no significaría para África otra cosa que pasar de un amo tacaño a otro no menos tacaño, pero con látigo.

Quizá sea la lucha más característica del África que hoy el afán de encontrar una nueva formulación jurídico-política de su vida institucional. Con una mirada simplista o fanática podemos afirmar que el sistema de partido único tan corriente hoy en África, y que muchas veces vino a reemplazar a instituciones democráticas parlamentarias de cuño europeo, significa una aproximación al totalitarismo comunista. Con enjuiciamientos

tan simplistas, podemos resolverlo todo. Pero, en cambio, corremos el riesgo de no entrar en el meollo de la cuestión y olvidar lo más importante de todo: la realidad. La verdad es que, hasta el momento, nada han hecho en este sentido más que llegar al partido único, que no es otra cosa que una consecuencia inevitable de las condiciones generales en que estos países se encuentran; tampoco se vislumbra de momento qué otra solución puede ser encontrada. Pero —y esto sí que parece una ironía— no nos extrañe que en tales países les ocurran a los de uno y otro grupo ideológico sucesos tan pintorescos como los que ocurren en Egipto y que pueden acontecer en cualquier país de África: que a los americanos les quemen la fabulosa biblioteca en El Cairo y que, en todo tiempo, Nasser les corte la cabeza a los comunistas egipcios que descubre en su país. Lo primero es premio a la "humanitaria" intervención en el conflicto de Suez; lo segundo, a los créditos y técnicos facilitados para la presa de Assuán.

África pasa por un momento estelar de su historia y por una hora de grandes posibilidades para su destino. Como dijo Kennedy, con la agudeza y elegancia en él habituales, "son estos los problemas del más grande triunfo moderno que el hombre llegará a conocer alguna vez. Son los problemas que esperan a una libertad recién alcanzada, o a punto de serlo", y todo ello en un continente donde la renta *per cápita,* en medio de acres de diamantes e incluso de uranio, es generalmente inferior a los cincuenta dólares anuales. Desde el punto de vista africano, desperdiciar este momento sería una empresa vana y catastrófica: en su borrachera nacionalista, en su orgulloso delirio y afán de presencia activa en los problemas políticos de nuestro turbulento presente, África apunta hacia empresas irreales, tales como los Estados Unidos de África que le predican algunos de sus líderes impenitentes, sin haber sentado por ahora las bases firmes de unas instituciones adecuadas a las particularidades de cada país; sin haber solucionado en una gran mayoría de casos, diversos y complejos problemas territoriales y fronterizos, y, sobre todo, sin haberse consolidado —y para ello faltan todavía muchos años— unas indispensables unidades económicas que puedan permitir vislumbrar las posibilidades de empresa semejante. Y desde el punto de vista de los bloques políticos e ideológicos en pugna, el momento estelar de África es también una gran posibilidad, que debe servir para algo más que para despertar en los africanos susceptibilidades de una u otra índole.

En este sentido, nadie mejor que Europa pudiera ganar el futuro de Africa. La fuerza de la realidad nos llevará inevitablemente (quiérase o no, guste o no guste) a la unidad política de Europa, a medida que la unidad económica va siendo un hecho cada vez más irrevocable y al propio tiempo que cada año, según lo previsto en el Tratado de Roma, se avanza un nuevo trecho hacia la meta propuesta. El Mercado Común Europeo ha encontrado réplicas por todas partes, aunque éstas carezcan del fundamento que aquél tiene para subsistir, lo cual evidencia el prestigio que ya hoy se le asigna en una fase casi embrionaria de su existencia: el Comecón, formado alrededor de la U.R.S.S.; el Iberoamericano, endeblemente cocido en Montevideo, y, últimamente, el recientemente propuesto Mercado común islámico, sin más bases que la fantasía, y otros ejemplos más sin trascendencia práctica ni efectiva. Esta futura y no muy lejana influencia de Europa supondrá una doble ventaja: por un lado, frente a Rusia y China, significará una garantía muy importante ante las susceptibilidades africanas, porque Europa —consolidada como unidad política— no provocaría ningún recelo imperialista ni, tampoco, ninguna sus-

picacia colonialista, que hoy pueden perjudicar a Francia o a Inglaterra, en cuanto viejas potencias colonialistas, sin olvidar el incalculable prestigio de todo orden que supondría la presencia de una Europa unida en África; y por otro lado, frente a la política de los EE. UU., la presencia de Europa, aparte de que pudiera significar algo muy semejante, serviría además de freno al imperialismo económico de aquéllos. Y en cualquier caso, la influencia de Europa como auténtica unidad política, serviría de poder mediador y de contrapeso entre los dos bloques políticos, ideológicos y militares del Este y del Oeste.

Pero todo esto, como África misma, pertenece al futuro. Y nada sabemos de cuánto nos deparará el futuro, no sólo acerca de África, sino también sobre la suerte, desarrollo y evolución de los dos grupos antagónicos que se reparten la hegemonía mundial. Pero, como dijo Milovan Djilas en su libro *La Nueva Clase,* "en todo caso, el mundo cambiará y avanzará en la dirección en que se ha estado moviendo y debe seguir haciéndolo: hacia una unidad, un progreso y una libertad mayores. La fuerza de la realidad y la fuerza de la vida han sido siempre mayores que cualquier clase de fuerza bruta y más reales que cualquier teoría".

J. L. FRANCO GRANDE

LEMBRANZA DE ROBERT BURNS

Aseméllanse Escocia e Galicia, entre moitas outras cousas, por teren as dúas elexido a un poeta como a súa figura máis amada, máis representativa da súa terra e do seu esprito.

Nun vintecinco de Xaneiro —cumpríronse agora os douscentos seis anos— naceu Robert Burns, o que nunha curta eisistencia, finada no 1796, tivo tempo dabondo pra se convertir no "héroe nacional" da súa patria. Na noite dese día, como tódolos anos, teranse os escoceses axuntado arredor do "haggis" —unha especie de pudín de miudos de carneiro— cuias escelencias foran cantadas polo poeta, e que é introducido procesionalmente por unha banda de gaiteiros. Logo, despóis de cantares e discursos, brindaráse no nativo whisky pola "Inmortal Lembranza" da súa maior figura nacional, e ó remate da xuntanza, entonaráse ese "Auld Lang Syne" do poeta que se ten tornado na cantiga da amistade, da saudade dos tempos idos, dos adeuses, pra todalas xentes de fala inglesa e do vernáculo escocés que foi a lingua de Burns.

Poucos poetas terán sido tan compretos, tan variados en esprito i en obra como o foi Robert Burns. Amante das esencias da terra nativa, o mesmo que da materialidade desa terra que el propio labraba, e dos seus homildes animales; inspirado tanto polo amor refinado como o palpabre; cantor da seleita amistade, mais tamén do convivir tabernario; anovador de vellas tradicións, ritmos e cantigas, e ó mesmo tempo devanceiro da idea do home como entidade individual, poeta "social" antes de tempo —("O rango non é máis que o cuño da moeda, mailo home é o ouro...")— prestixiador dun idioma vernáculo entón empobrecido e despreciado; fondamente sentimental, mais igoalmente impracabre satírico e ironista, flaxelador de todalas hipocresías...

Opinan os críticos literarios que o "culto nacional" de Robert Burns se baséa nun conceito falso —o do sentimentalismo— entanto que o que lle concede verdadeira distinción é a sua véia satírica, irónica, ante a vida, as institucións e os convencionalismos da sociedade do seu tempo. De feito, si na obra do poeta escocés atoparemos moitísimas analoxías de carái-ter sentimental e saudoso coa lírica galega, é na semellanza dalgús poemas seus con certos versos do noso Curros Enríquez que nos decataremos inevitabremente da eisistencia dunha sensación de irmandade. Exempro asinalado é o poema de Burns "To a Mouse" en comparanza co "Nouturnio" de Curros. É certo que entre os dous poemas eisisten difrenzas —en canto o sapo de Curros responde "Cró, Cró", ás meditacións do canso vello, o ratiño de Burns non dí nada. Mais as ideas fundamentales son as mesmas— a comunicación entre os humáns e os homildes animaliños, irmanados como vítimas da vida e do destino, pesimistas diante do presente e do porvir, sin saberen decerto quen é máis desventurado, si o home ou o animal... "Canta, sapo, canta, tí i eu somos dous...", á veira de "Os mellores proiéitos dos ratos e dos homes, adoito se estravían...".

Quixera ún, algún día —si os mellores proiéitos non se estraviasen—, escrebir moito máis encol do suxeridor tema de Burns e da afinidade da súa obra coa lírica galega. De momento, como exempro, e a xeito de homaxe á "Inmortal Lembranza", que en lonxanas terras célticas tiven o privilexio de festexar en tempos pasados —no "Auld Lang Syne"—, quixera oferecer esta modesta interpretación galega da confrontación do poeta escocés cun probe ratiño do seu tempo, hai perto de dous séculos; nunha leira do Ayrshire escocés:

PLACIDO R. CASTRO

" A UN RATO " [1]

Animaliño lene, agachado co medo,
¡Ouh, qué pánico aniña no teu pequeno peito!
¡Non precisas partires dun brinco, dese xeito,
a correres fuxindo!
¡Pois eu en perseguirte nin por asomo penso,
con un ferro asesino!

¡O dominio do home —e ben me laio, afellas—
esnaquizóu a unión social da natureza,
xustificando así esa opinión aversa
coa que tremes de medo
de min, teu compañeiro, cal tí nado na terra,
na morte teu parceiro!

Non dubido que ás veces poida ser que me roubes;
¿E qué? ¡Animaliño, tés que vivir, meu probe!
Si unha espiga de grán das gavelas me colles,
é ben pouca demanda:
¡Benzón dabondo hei ter co que aínda me sobre,
nin hei notar a falla!

¡A tua pequena casa en ruinas ten ficado!
¡As suas paredes parvas os ventos espallaron!
¡E pra facela nova non tés ni un anaco
dalgún follaxe verde!
¡E vai chegar axiña o vento agudo e aspro
do inhóspito Decembre!

Tí viches estes campos érmos e desolados,
e a chegar outra vez, depresa, o inverno canso;
baixo o sopro do vento, eiquí aconchegado,
en morares pensabas,
hasta que a tua céla ¡zás! polo cruel arado
ficóu atravesada.

¡A probiña moréa de restollo e de follas
custouche tanta e tanta dentada esgotadora!
¡Hoxe bótante fora, trás toda a tua laboura,
sin teres lar nin casa,
pra aturares no inverno da auganeve as pingotas,
e o frío da xiada!

¡Mais non és tí somentes, Ratiño, quen nos mostre
que toda previsión cecáis vana se torne!
Os mellores proiéitos dos ratos e dos homes
adoito se estravían,
e só nos deixan mágoas e doores en troques
da promesa ledicia.

¡Ainda así tí tés sorte, comparado conmigo!
Tan só o teu presente se atopa hoxe atinxido:
mais ¡ai! ¡cando os meus ollos ó pasado dirixo,
visións tristeiras vexo!
E si pra diante ollo, ainda que rén distingo,
eu adeviño... e tremo.

---

[1] Un traballador da granxa de Burns andaba a levar o arado que o poeta guiaba, cando un ratiño saléu a correr diante dos seus pés. O home quixo matar o animaliño, máis o seu amo o non deixóu. O sucedido deu orixe a este poema.

POEMS OF ROSALÍA DE CASTRO[1]

"Foi o meu anceio mantér vivo, na medida do posíbel, o ritmo dos poemas orixinás do comezo ó fin. Nembargantes, agromaron certas modificaciós eiquí i acolá, debido á diferente índole das falas inglesa e galega. Ó primeiro coidei que podería mantér tamén a rima, mais se o tivera feito tería dito moitas cousas que non dí Rosalía de Castro. Do xeito que vai, coido que a tradución é moi fidel ó senso que deu á sua obra a poetisa, e máis —isa espranza teño— ó seu siñificado. De maneira que, como dí Rose Macaulay encol de certas traduciós en verso, ¿por qué engadir rimas? Nembargantes empreguei algunhas asonancias, cando me semellaban especialmente axeitadas".

Co istas consideraciós, verdadeiro decálogo pra un labor modélico no seu orden, preséntase Charles David Ley como tradutor dunha manchea de poemas de Rosalía, verquidos ó inglés e pubricados baixo os auspicios do Consello de Europa, na súa campaña pra facer chegar "a un púbrico máis estenso obras literarias escritas nas língoas europeas menos coñecidas".

A escolma —feita por Filgueira Valverde—, a máis de ser a primeira que, con estrito caráiter de tal, se pubrica en inglés, constituie —pódese decir—, unha mostra ben representativa: abrangue uns coarenta poemas, todos íles escritos orixinariamente en galego, e figuran nela a maoría dos máis coñecidos e boa parte dos máis fermosos. Trátase, xa que logo, dunha pubricación certamente importante prá difusión da obra de Rosalía, pro tamén, polas mesmas razós, compre analizala de vagar e ver si perviven as calidades da poesía rosalián no texto que a vai achegar ós leitores de língoa inglesa.

Imos ver, brevemente, en qué medida o tradutor conquire os ouxetivos que se propuxera e que enuncia na nota transcrita.

a/ A fidelidade ó ritmo.

De certo pódese decir que, en termos xenerás, a escolma traducida reproduce de maneira solprendente o ritmo da poesía rosalián. Ista fidelidade adequire o meirande rigor en tres tipos de poemas: os de verso oitosílabo, os procedentes do libro *Cantares Gallegos*, e a maior parte dos poemas íntimos.

Veleiquí algúns exemplos, de ritmo asosegado e calmo, coma íste:

Cómo chove miudiño,	*How the rain is falling lightly,*
cómo miudiño chove;	*How the soft, light rain is falling,*
cómo chove miudiño	*How the rain is falling lightly*
pola banda de Laíño,	*On the way towards Laíño,*
pola banda de Lestrove.	*On the way towards Lestrove.*

[1] Rosalía de Castro. Poems translated from the Galician by Charles David Ley. Introduction and Selection by J. Filgueira Valverde. The Ministry of Foreign Affairs, Madrid, 1964.

Ou iste outro:

Adiós ríos, adiós fontes,	*Goodbye to rivers and fountains,*
adiós regatos pequenos,	*Goodbye to the little streamlets,*
adiós vista dos meus ollos,	*Goodbye to my heart's own darling.*
non sei cándo nos veremos.	*I don't know when I shall see you.*

Tamén o ritmo lixeiro e repinicado atopa a sua réplica no inglés:

Has de cantar	*Sing me a song*
que ch'hei de dar zonchos;	*And I'll give you chestnuts;*
has de cantar	*Sing me a song*
que ch'hei de dar moitos.	*And I'll give you many.*

Ou:

Vente rapaza,	*Come along, lassie,*
vente meniña,	*Come along, girlie,*
vente lavar	*Come on and wash*
no pilón da fontiña.	*In the bowl of the fountain.*

En certo tipo de poemas medran as dificultades pra mantér a rítmica. O labor do tradutor faise entón máis delicado e penoso: percíbese o esforzo, bótase en falta a axilidade que se amostraba nos exemplos precedentes. Tal é o caso distes versos do poema "Amigos vellos":

Cando antre as naves tristes e frías
d'alto mural,
cal elas fría, cal elas triste,
ó ser da tarde vou a rezar,
qué pensamentos loucos e extraños
á miña mente veñen e van.

When down along the aisles cold and solemn,
With their high walls, as
Cold as they, as sad as they are also,
Afternoon wearing on, I go to pray,
What very mad and very strange notions
Keep coming and keep going through my fancy.

Hai, en fin, casos nos que a tarefa resulta imposíbel: ó traducir con rigor, o ritmo pérdese. Eiquí, por exemplo:

San Antonio bendito,	*Most blessed holy Saint Antony,*
dádeme un home,	*Give a man to me,*
anque me mate,	*Even if he kills me,*
anque me esfole,	*Even if he skins me.*

Ou niste verso celebérrimo:

Maio longo..., maio longo	*Long month of May, long month of May,*

Ou niste outro, do poema "Paz, paz deseada":

Quizáis n'hei de téla...	*Perhaps I'll never have it,*

Aínda terá ó leitor ocasión de ouservar outros casos semellantes en textos vindeiros.

b/ A fidelidade ó texto.

É raro que o tradutor altere nin siquera a forma literal dos poemas. Realmente semella difícil acadar tal nivel de equilibrio antre isa fidelidade cáseque literal, nos máis dos casos, ó texto traducido e o mantenemento do ritmo orixinal. Cecais o inglés, co seu predominio caraiterístico das verbas moi curtas —ténse dito que o perfeito inglés tende ós monosílabos—, co seu vario e ricaz repertorio de verbos compostos, as súas múltiples contraiciós i elusiós posíbeles e máis a súa capacidade de síntese espresiva, seña un idioma particularmente axeitado pra o logro combinado dises dous propósitos. Por seren na súa maoría curtas, as verbas inglesas —singularmente as de celme saxón— non adoitan tér ritmo interno. O ritmo téno somentes a frase. Hai un ritmo sintáitico, fornecido pola disposición das curtas verbas na frase e condicionado polo valor de cada vocablo no discurso. E ises vocablos pódense manexar —baixo certas condiciós, naturalmente— coma pequenas e numerosas pezas dun mosaico estenso. A axilidade posíbel é, por conseguinte, meirande.

Aínda así, certamente, ás veces o tradutor recurre a certas licencias, por requerimentos da métrica, por exemplo, coma nistes versos do poema "Máis ó que ben quixo un día":

e chorei bagoas tan *frías*	*My tears were as* cold and bitter
como as auguiñas dos *mares*.	*As the waters of the* ocean.

nos que se rexistra a invención, como texto, da palabra "bitter", que polo demáis encaixa ben no senso do contexto orixinal.

Hai outros casos semellantes, mais, polo xeneral, as licencias que se toma o tradutor non pasan de ser lenes retoques indispensábeles pra o seu labor. Distes sí que hai exemplos a eito. Veleiquí algúns apañados ó azar:

No poema devandito ("Mais ó que ben..."), os versos:

tanto chorei, chorei tanto	*I have wept as much, as often*
como as auguiñas dun río	*As the waters of the river.*

e, un pouco mais embaixo:

que era fonte de dolores	*I was a fountain of sadness*

onde ún se pregunta, de primeiras, por qué non emprega o tradutor a palabra "sorrow" —como fai dende logo noutras ocasiós semellantes. Pro logo vése que se percura unha musicalidade no conxunto —i unha certa rima asonante— que a palabra "sorrow" crebaría.

Moitas veces as soluciós ofrecidas son, ó noso ver, dun grande acerto, coma no derradeiro verso do poema "Tal com'as nubes:

o fondo sin fondo do meu pensamento	*The limitless limits through which my thoughts wander.*

ou nista primeira cuarteta do conocido poema:

A un batido, outro batido	*One heart-beat, another heart-beat,*
a unha dór, outra delor,	*One sorrow, another sorrow,*
tras dun olvido, outro olvido,	*After forgetting, forgetting,*
tras dun amor, outro amor.	*After loving, loving again.*

ou aínda iste rosto da "Lua descolorida":

como cór d'ouro páledo,	*Like gold at its most pallid.*

Máis invención do tradutor hai nalgúns textos, coma iste de "Campanas de Bastabales":

Eu me quedo contemprando	*I am left behind here looking*
as laradas das casiñas	*At the thing I always sigh for,*
por quen vivo sospirando.	*Bright hearths seen through cottage doorways.*

En fin, tamén hai algúns erros. Coma erros débense considerar, na nosa opinión, os seguintes, por exemplo:

No poema "Lua descolorida":

vesme i eu non quixera	*You see me - I don't care for*
me vises de tan alto:	*Your seeing me from so high up.*

onde a tradución inglesa dí xustamente o contrario do que espresa o texto orixinal. Ou, en "Campanas de Bastabales":

Aló pola mañanciña	*And here, in the morning early,*

onde se rexistra o doble erro de darlle a "aló" un senso espacial, en lugar de temporal, e un siñificado literal de "eiquí".

Erros dises, porén, non abundan. Pola contra, os erros evidentes son raros no feixe de poemas traducidos. Deseguida repararemos nun que, ó noso ver, é, cecais, o máis grave.

c/ Léisico i espresiós.

Tamén dende iste punto de vista o tradutor acerta, en liñas xenerás. Xulgue o leitor:

Miña casiña, meu lar,	*My little house, my home,*
cantas onciñas	*Your worth to me is*
d'ouro me vals.	*Many gold coins.*

Ás veces son grandes as dificultades pra verquer ó inglés o léisico e as espresiós de certos poemas. I entón o tradutor sal adiante con elegancia, habilidade e inxenio. Véxase o poema.

Miña Santiña,	*My little Saintlet,*
miña Santasa,	*Oh, your dear Saintship,*
miña cariña	*With your sweet face just*
de calabasa.	*Like a round pumpkin,*
Hei de emprestarvos	*I'm going to lend you*
os meus pendentes,	*My own two ear-rings,*
hei de emprestarvos	*I'm going to lend you*
o meu collar;	*My necklace too;*
hei de emprestarcho	*I'm going to lend you them,*
cara bonita,	*My sweet-faced pretty,*

Ou istes versos de "Dende aquí vexo un camiño":

Estreitiño serpentea	*It's narrow and goes in zig-zags*
antre prados e nabais,	*Among the meadows and turnip-fields,*
i anda o feito, aquí escondido,	*And makes its way, sometimes hidden,*
relumbrando máis alá.	*Then shining out in the distance.*

Nalgúns casos empréganse con acerto, na traducción, determinados arcaísmos que contribuien a comunicar ó texto a solenidade e o gosto antergo da pregaria, coma niste pasaxe de "Unha vez tiven un cravo":

Señor que todo o podedes	*Almighty who canst do all things*

Reparemos, en fin, nista versión da "Alborada", na que se fai cecais a pirueta máis estrevida da tradución, nun equilibrio inestábel —nalgún intre, roto— de fidelidade a ritmo, texto e mesmo feitura:

Vaite noi-	*Night go a-*
te - vai fuxin-	*way - Go fly-*
do - vente auro-	*ing - Come day-*
ra - vente abrin-	*break - Come open-*
do - co teu ros-	*ing - Your counte-*
tro - que, sorrin-	*nance - which smil-*
do - ¡¡¡a sombra espanta!!!	*ing - Drives off the shadows.*

Dada, pois, a bondade da tradución, tal como levamos visto deica eiquí, solprende atopar o erro, en parte leisicográfico, en parte referente ó contido e ó senso profundo da poesía rosalián, que imos analizar a continuación.

Partamos distas duas estrofas de "Campanas de Bastabales":

Campanas de Bastabales,	*You church-bells of Bastabales,*
cando vos oio tocar,	*Whenever I hear you ring*
mórrome de soidades.	*I feel dying of my solitude.*
Qu'os amores xa fuxiron,	*For my love fled away from me,*
as soidades viñeron...	*And my solitude came to me*
De pena me consumiron.	*And it wasted me with sorrow.*

Eiquí, a palabra "soidades" tradúcese por "solitude". A mesma tradución —"solitude"— dáselle á palabra "soidades" no poema "Unha vez tiven un cravo", niste anaco:

...seica tiven soidades	*...I felt solitude*
de aquela pena...	*To have that sorrow...*

Son varios os vocablos ingleses relacionados coa ideia de "soedade". Vexamos algúns, cos seus siñificados principás, según o "Oxford Dictionary"[2]:

solitude (sust.): *being* solitary, a solitary *place*...
solitary (adx.): *living alone*, unfrequented, single, *lonely*...
lonely (adx.): solitary, *isolated*, unfrequented, *companionless*....
lonesome (adx.): *feeling* or making *feel lonely*.

O sustantivo correspondente ós adxetivos "lonely" e "lonesome" é "loneliness". Istes derivados de "lone" —"lonely", "lonesome", "loneliness"— son particularmente axeitados pra espresar a soedade como sentemento anímico —non como fenómeno físico— e, por conseguinte, a "soidade" como fenómeno próisimo á "saudade". Soidade rosalián, "loneliness".

Mais, tal como adoita ocurrir no inglés, paralelamente ós vocablos de índole xermánica eisisten os correspondentes sinónimos —chamémolos así— de raíz latina. No caso que nos ocupa, "solitude" e "solitary", que abranguen igualmente o siñificado "físico" e o "anímico" da soedade. Soidade rosalián, "solitude". A tradución é, xa que logo, correita.

Agora ben, no poema "¡Adiós!", o tradutor introduce no texto inglés, en cursiva, o termo *saudade*, coma quen pretende rexistrar na sua grafía orixinal isa palabra, pola sua cárrega metafísica caraterística. E o certo é que, precisamente nise poema e precisamente nise verso, Rosalía non utiliza nin pretende utilizar o termo "saudade", nin espresar un sentimento de "soidade" próisimo á "saudade". Veleiquí os textos galego e inglés:

---

[2] "The Pocket Oxford Dictionary". O. U. P., London, 1964.

Conxo, o do craustro triste i as soedades prácidas,

Conxo, with the sad cloister and the placid saudades;

A cousa é nidia. Non hai "saudade" niste verso. Aínda cabe decir máis. Si analizamos, seguindo a Carballo Calero, o léisico rosalián[3] atopamos diversas variantes de "soedade" ("soedad", "soledade", "soidás"...)[4] Mais se imos, da man de Carballo, ós textos orixinás, descobrimos que, sempre que se trata de espresar un sentemento íntimo de soedade —being solitary, feeling lonely—, o vocablo empregado por Rosalía é "soidá", ou "soidades". En troques, "soedad", "soledades" ou —coma no caso que nos ocupa— "soedades" utilízanse pra espresar algo no que, únicamente, hai soedade "física" —unfrequented places— ou, cando máis, ausencia de compaña —companionless...

A saudade rosalián non está, pois, no verso e no vocablo comentados —non nos corresponde nin temos de ningún xeito autoridade pra analizarmos si está ou non no poema "¡Adiós!" ó que verso e vocablo pertecen. Sinalamos reiteradamente iste feito sin a menor intención de restar méritos ó tradutor, cuio labor acada, polo demáis, unha gran calidade e merece todalas gabanzas. O que ocurre é que o tema da saudade en Rosalía é delicado i especulouse con notable confusión arredor dil —confusión que durou deica hai trece anos. Velahí o motivo dista nosa teimosía.

En 1952, nun dos "7 ensaios sobre Rosalía", Ramón Piñeiro analizou escrarecedoramente o problema[5]. Convén, pois, evitar motivos de novas confusiós agora, cando unha nutrida escolma da obra rosalián se verque, con pulcritude, delicadeza e galanura, ó inglés. "Rosalía —dí Piñeiro referíndose ás "formas de soidade das que Rosalía falara de maneira espresa", pois "na súa poesía hai outras manifestaciós do sentimento saudoso"— fala moitas veces da saudade. Utiliza os termos *soidade* e *saudade*, o pirmeiro preferentemente. Sabemos que distinguía varias formas de soidade. Polo menos duas, pois referíndose ós poemas de *Follas Novas* dí: "Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos n'as soidades da Natureza e do meu corazón...". Nos seus poemas espresa crara e insistentemente duas maneiras de soidade: a soidade do amor i a soidade da terra".[6] E siguen exemplos da "soidade do amor" e da "soidade da terra".[7] I encol da fundamental das "outras manifestaciós" da saudade, non enunciadas "de maneira espresa" por Rosalía, compre reproducir eiquí o seguinte párrafo do devandito ensaio: "Pro a saudade en Rosalía non se queda n-ista *arela* caraiterística dos románticos[8]. Chega máis aló. Rosalía chegou a vivir a soedade ontolóxica do seu ser, chegou a sentir a saudade auténtica. Foi afondando lúcidamente no seu interior e descobrindo a verdade núa da soedade. Espresouna de varias maneiras..."[9] —e siguen, outravolta, exemplos. Todo isto é a saudade en Rosalía —non, naturalmente, as "prácidas soedades" de Conxo.

d/ A fidelidade ó contido, ó "sense of the poetess and... her meaning".

Deiquí en diante, canto temos que decir da tradución que estamos a comentar son gabanzas. E, pra gabanzas, nada millor que as dos propios leitores, que coidamos xurdirán ante as mostras que reproduciremos aínda.

---

[3] Ricardo Carballo Calero, "Historia da Literatura Galega Contemporánea", I. Vigo, Galaxia, 1963, páxs. 222 ss.

[4] Ibid., páx. 226.

[5] R. Piñeiro, "A Saudade en Rosalía", in "7 ensayos sobre Rosalía", Vigo, Galaxia, 1952, páxs. 95 ss.

[6] Ibid., páx. 104.

[7] Tamén se repara en que "algunha vez Rosalía utiliza o calificativo saudoso con un senso de certa vaguedade inefable, coma siñificando delicado, enxel, ou cousa así" —e danse algúns exemplos. Vid. R. Piñeiro, op. cit., páx. 105.

[8] "...arela de un ben ideal que non se pode acadar...". Ibid., páx. 108.

[9] Ibid., páx. 108.

Nefeito, agás o que acai ó contido da obra de Rosalía no derradeiro comentario que levamos feito eiquí, coidamos que a fidelidade ó senso e ó siñificado dos poemas rosaliáns é, nista tradución, rigorosa. Por vegadas, dende logo, tímidas licencias respeito á literalidade do texto permiten ó tradutor refrexar cumpridamente e con gran fermosura o contido dun poema. Tal nos semella sere o caso do que reproducimos, íntegro, a continuación:

Tal com'as nubes
que leva o vento,
i agora asombran, i agora alegran
os espazos imensos do ceo,
así as ideas
loucas que eu teño
as imaxes de múltiples formas,
de extrañas feituras, de cores incertos,
agora asombran,
agora acraran,
o fondo sin fondo do meu pensamento.

Just as the clouds that
The winds bear with them
Go sometimes darkening and sometimes rejoicing
The enormous spaces of Heaven's great day,
The mad ideas
Which come to me are
The projection of multiple figures
Of strange dimensions and uncertain colours
Which sometimes darken
And sometimes brighten
The limitless limits through which my thoughts wander.

E máis o dista estrofa de "Paz, paz deseada":

Sosego, descanso,
¿ónde hei d'o atopar?
Nos mals que me matan,
na dór que me dan.

Where can I discover
Repose and tranquillity?
In the evils I die of
And the sorrows they give me.

Ou, aínda, da derradeira parte do celebérrimo poema, definitivo —e definidor— e fermosísimo, que comeza "Unha vez tiven un cravo...":

...Despois
xa non sentín máis tormentos
nin soupen qué era delor;
soupen só que non sei qué me faltaba
en donde o cravo faltou,
e seica..., seica tiven soidades
de aquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve ó esprito,
¡quén o entenderá, Señor!...

...Later,
I did not know any more torments
Or know what a sorrow was;
I only felt I don't know what was lacking
Where the nail was no longer.
I can't tell, I can't tell... I felt solitude
To have that sorrow. Dear God!
This mortal clay which encloses the spirit
Who can understand it, Lord?

e/ As calidades estéticas do texto inglés.

Deica onde chega a nosa limitada capacidade de apreciación das calidades estéticas dun texto inglés, as nosas eisixencias como leitor resultan axeitadamente satisfeitas ó percorrermos iste itinerario abreviado polo mundo poético rosalián, da mau da fala sotil do pobo inglés. Singularmente ó noso ver, nos poemas íntimos, que recobran na tradución ofrecida a fonda e firente fermosura do texto orixinal.

Lérmos a Rosalía no inglés de Charles D. Ley, é redescobrirmos con emoción anovada a sublime universalidade da sua obra radical e *necesariamente* galega. Lérmos, singularmente, algúns dos poemas íntimos rosaliáns verquidos ó inglés niste libro, é participarmos no miragre da recreación duns valores poéticos que, por estaren arraigañados no millor duns atributos anímicos auténticamente peculiares —os do esprito galego, os do esprito capaz de "saudade"—, se remontan sin esforzo nin perda de sustancia, amparados na fina sensibilidade dun tradutor, ó nivel dos cumios máis outos da espresión poética en fala diferente da que lles sirveu de canle e berce primeiros.

Veleiquí, pra derradeira ledicia do leitor, alguns dos que, pra nós, son os millores logros dista tradución:

Meus pensamentos, cál voás tolos...
¿Adónde vás?
¿Adónde? Adonde s'eu nono digo,
naide o sabrá.

My thoughts, in what a feckless way you're flying.
Where are you going?
Where? As to where, unless I tell about it,
No one will know it.

Eu ben sei destos secretos
que se esconden nas entrañas,
que rebolen sempre inquietos
baixo mil formas extrañas.

I know all about those secrets
Which are hidden deep inside us
And stir in us, ever restless,
In a myriad strange shapes and sizes.

Eu ben sei destos tormentos
que cosomen e devoran,
dos que fan xemer os ventos,
dos que morden cando choran.

I know all about those torments
Which consume us and devour us,
And which make the wind go moaning,
And which bite when they are weeping.

Máis vé que o meu corazón
é unha rosa de cen follas,
e cada folla é unha pena
que vive apegada noutra.

But see how this heart of mine's
A rose with a hundred petals,
And each petal is a sorrow
Which lives clinging to another.

Quitas unha, quitas dúas,
penas me quedan de sobra,
oxe dez, mañán corenta,
desfolla que te desfolla...

Pluck one sorrow, pluck two sorrows,
There are still too many left me,
Ten to-day, to-morrow forty,
Though you may pluck them and pluck them.

¡O corazón me arrincaras
des que as arrincaras todas!

And you tear the heart out from me
When you tear out all the petals.

A escolma vai precedida por un limiar —tamén verquido ó inglés— de Filgueira Valverde.[10] Nil describe, coa sua soltura e agudeza habituás, as caraiterísticas máis saíntes da persoalidade e a obra de Rosalía. É un estudo breve, áxil e documentado, que fornece unha imaxe da nosa poetisa

[10] Poems... cit., páxs. 9 a 36.

crara e ben ambentada, de doada penetración pra leitores estranxeiros, legos no que a Rosalía e ó noso rexurdir cultural se refire.

No estudo da obra, Filgueira percórrea primeiro toda enteira —prosa e poesía, en galego i en castelán— e analiza, despois, os temas e os perfiles principás, facendo xurdir, de pasada, diante do leitor, a longa serie de estudos encol de Rosalía. "Nas presentes páxinas —remata o limiar— procuramos levar ós pobos do vello continente europeo a voz doente, pro sempre nova, da ialma de Galicia".

Os poemas recollidos na escolma distribúense nas seguintes seiciós:

I A visión de sí mesma.

II A cantora e a sua terra.
- a/ O país.
- b/ O pazo dos seus maiores.
- c/ A sombra da Catredal.

III A cantora e o seu pobo.
- a/ O seu destino de poeta.
- b/ Humor paisán.
- c/ Emigración.

A escolma vai seguida dunha inzada bibliografía rosalián —as diversas ediciós das suas obras, e multitude de estudos encol da obra e a autora.

X. M. BEIRAS

FRANCISCO SANCHEZ, EL ESCÈPTICO, por Darío Alvarez Blázquez [1]

Entre a abondosa bibliografía que se ten ido acomorando encol de Francisco Sánchez, as achegas galegas foron deica agora fracas. Feito que non deixa de ser chocante si temos en conta que un dos puntos máis controvertidos nesa bibliografía é mesmamente ó de si é Tuy ou é Braga o seu lugar de nacemento, problema que semella tan propio pra interesar á investigación galega como ten interesado á portuguesa, á francesa e mesmo á española en xeral. Afortunadamente, iste libro que hoxe presentamos ven correxir notabelmente esa febleza da nosa contribución ós estudos sancheziás.

Pra Darío Alvarez Blázquez, tudense de nacemento e médico preocupado pola Historia da Mediciña, a figura de Francisco Sánchez tiña que lle resultar especialmente atraente. Movido por unha doble fidelidade —a Tuy i a unha das grandes figuras precursoras da mentalidade médico-científica moderna—, o Dr. Alvarez Blázquez tomóu sober de sí a gran deuda que a cultura galega tiña co famoso médico e filósofo e dispúxose a contribuir ó escarecemento dos seus enigmas biográficos i á divulgación das suas ideas médicas, moito menos conocidas do público de hoxe que as suas ideas filosóficas. Froito logrado de tal propósito é o presente libro, no que se nos ofrece unha ordeación coherente dos datos biográficos, unha interpretación, tan intelixente como verosímil, dos problemas que istes datos prantexan i unha antoloxía comentada dos textos representativos do pensamento médico de Sánchez, además de interesantes Apéndices sobre a sua investidura doutoral en Montpellier, sobre os lusitanismos do seu vocabulario botánico, sobre a sua crítica do pitagorismo de Galeno, sobre a sua morte. Un libro que resulta tan cautivante polo interés vivo que o autor lle soupo infundir como pola craridade e galanura con que está escrito.

[1] Vigo, 1964.

O problema do lugar e data do nacemento de Francisco Sánchez é o máis debatido en toda a bibliografía a il consagrada. Tamén é nise punto onde a aportación persoal do Dr. Alvarez Blázquez resulta máis importante, porque revela que o problema, pese á sua intrascendencia aparente, leva en sí profundas, dramáticas implicaciós humás. Mediante un asisado análisis das distintas teorías deica agora propostas, o autor fai ben patente a doble contradición interna que as atranca: o desaxuste cronolóxico entre a data de bautismo de Sánchez i as datas que se conocen referentes á sua edade, por unha banda; pola outra, a desconcertante duplicidade do propio Sánchez ó se decrarar, unhas veces, "bracarense", i outras, "español de Tuy". Si non se logra saír desta contradición, temos que aceptar —e houbo quen o admitíu— que Sánchez mentía. Disconforme con semellante tesis, tan pouco concordante coa rigurosa seriedade inteleitual e coa prestixiosísima autoridade persoal do profesor tolosán, Darío Alvarez Blázquez orientóu as suas pescudas cara a superación desa insuficiencia lóxica, orientación que resultóu fecunda porque lle permitíu chegar a concrusiós, moi razonabelmente fundadas, nas que todos ises datos acadan una integración congruente. Veleiquí unha brevísima síntesis esquemática desas concursiós:

Francisco Sánchez naceu en Tuy no 1550. O seu pai, Antonio Sánchez, famoso médico tudense, pertenecía a unha familia xudía. Por aquiles tempos reinaba en Tuy unha forte e crecente axitación contra os xudeus. O físico Antonio Sánchez, fuxindo, como tantos outros, dos incomenentes desa amenazadora axitación, meses despois do nacemento do seu fillo Francisco trasladouse a Braga en percura de tranquilidade, que tratóu de afianzar pola vía da conversión. En consecuencia, en xullo do 1551 bautizóu ó seu fillo en Braga. Anos máis tarde, no 1562, arrempuxados pola mesma presión, trasladáronse a Francia, como fixeron tantas e tantas familias xudías residentes en Portugal —a nai de Miguel de Montaigne, Antonieta López, que era irmá do xudeu Antonio López, tío político de Francisco Sánchez, pertenecía a ise núcleo de eisiliados xudeus— i establecéronse en Burdeos. O resto da biografía, que se desenrola en Roma (1569-1573), en Montpellier (1573-1575), i en Toulouse (1575-1623), non ofrece problemas.

De acordo con iste esquema establecido por Darío Alvarez Blázquez, desaparecen as incongruencias que se viñan debatindo, tanto nos desaxustes cronolóxicos —non cadraba a edade coa que se derivaba da data de bautismo, mentres que si naceu no 1550 e foi bautizado no 1551 todo cadra—, como na duplicidade das suas decraraciós, facéndose unhas veces "bracarense" i outras "español de Tuy", poisque diste xeito eran verdadeiras ambas decraraciós, xa que dende o punto de vista relixioso —tan importante no seu caso— era "bracarense", ou seña, diocesán de Braga, onde foi bautizado, mentres que dende o punto de vista do nacemento era "español de Tuy".

Consideramos que Darío Alvarez Blázquez ofrece niste libro a solución máis convincente e mellor fundada de cantas se teñen proposto pra espricar os enigmas sancheziás. Non podemos entrar agora na enumeración dos argumentos e dos datos que sirven de base á sua tesis. Estamos seguros, eso sí, de que de agora en diante será obrigado contar con iles. Co seu libro pagóu a deuda que a nosa cultura tiña pendente con Francisco Sánchez.

R. PIÑEIRO

ARRABALDO DO NORTE, por X. L. Méndez Ferrín

Arrabaldo do Norte[1] é o derradeiro libro pubricado por "Galaxia" na Coleición "Illa Nova" i é tamén a derradeira obra de X. L. Méndez Ferrín, que, pese á súa xuventude, xa leva pubricado tres volumes de narración; tres volumes que enriquecen e lle dan novo zume e variedade ás letras galegas.

Con este terceiro libro, Méndez Ferrín aporta un xeito inédito de novela nas nosas letras. Con *Percival e outras historias*, o mozo escritor e catedrático levóu ós leitores galegos a mundos dantes non sospeitados (salvo a traverso de González Mourullo), mundos de misterio, de ausurdo, de irrealidá, de beleza, de imaxinación. Despóis, no segundo libro: *O Crepúsculo e as Formigas*, o leitor volve atopar ausurdo, misterio, persoaxes estranos. Pero o mundo é xa máis coñecido, máis do que se ve cos ollos e non do que está dentro e se ve soio coa intelixencia, máis de afora, da rúa, dos homes do día a día, deixándose levar máis polo que acontece dediante e fora, que polo que traballa na imaxinación.

Agora, por remate, Méndez Ferrín, trainos en *Arrabaldo do Norte* outra aportación (non menos oriximal que as anteriores) á narrativa galega, tan necesitada de cultivadores e camiños novos. Trátase esta ves dunha novela. Os anteriores volumes eran de relatos breves.

Repito que X. L. Méndez Ferrín é novo aínda. Bastante novo. Pois anda polos 26 anos. E digo tal porque, co seu permiso, espero que esta novela será máis ben un esperimento na carreira de un verdadeiro escritor que vai, paso a paso, pra máis, enriquecendo o estilo, a esperencia do mundo, a téinica literaria. Esperamos que X. L. Méndez Ferrín non se quede en téinica, precisamente, en xogo inteleitual, en esperimento. (Coidado con ser o que se dí na propia novela, ó comenzo: "un f... inteleitual"). Esperamos que X. L. Méndez Ferrín acade unha forma e con ela nos diga e nos suxira algo e nos arrequente o corazón humán e sempre primitivo. O leitor lé cos ollos, regálase coas imaxes, cos ambentes deseñados ou pintados polo escritor, pero o leitor acostuma ter tamén ese corazón primitivo e sentimental, romántico, que non se afarta con perfeucións formales clásicas. O leitor acostuma querer sufrir, bulir, aledarse, "vivir" cos persoaxes literarios facéndoos carne e sangue do seu ser. Quer facelos realidá no seu corazón humán, sempre que eles "padezan" a vida como el a "padece", o cal non lle impide voar en certas fantasías... Pero cando os persoaxes e os ambentes literarios son soio iso: literatura fría, sin sangue, fantasía gratuita, sin símbolo; cando a literatura non trascende un pouco da literatura e se abaixa a "servir", alumear a negrura do home; cando non pasa a ser un pouco proclama, revelación, berro, protesta, manifesto, aclaración da realidá incomprensible, percura do sentido da vida (teima "inestirpable" e humán); cando a literatura non chega a ningún deslumbramento, a ningún chispazo, a ningunha pinga de orballo celeste que aplaca as sedes do centro escuro e anceioso do home; cando a literatura se queda en literatura, en xoguete inteleitual, sin querer abaixarse ó corazón, sin a humildá e a caridá de ter algo de iso que se deu en chamar "mensaxe" (tan necesario, a pesares da parvada que semella); cando todo isto acontece, entón o leitor síntese enganado, estafado, despreciado.

Incluso a arte informalista siñifica algo. Tódalas artes queren (ao menos "queren") siñificarnos, comunicarnos, espresarnos, berrarnos algo (ledo ou triste, fermoso ou feo). A pintura informalista (un feito innegable e importante do noso tempo) "berra" un caos, unha crisis, unha xermolación, unha transición, unha destrución, unha percuranza humana. E "sirve". Atopa un eco no home de hoxe. Algo noso síntese espresado alí, naquel barullo. E ten grande valor decorativo, etc.

Pois ben: ¿Qué siñifica *Arrabaldo do Norte* de X. L. Méndez Ferrín?

---

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1964.

Aínda que ó meu querido amigo non lle gustara, os leitores teñen muito dereito a botar esta pergunta.

Tentemos dar unha resposta a tal pergunta. Perguntémonos e respostemos si *Arrabaldo do Norte* siñifica algo.

E, efeutivamente, *Arrabaldo do Norte* ten unha siñificación... Ou varias... Quizáis tantas como leitores.

Siñifica, en primeiro lugar, unha incorporación ás letras galegas dos métodos narrativos modernos (que xa "é algo"), sobre de todo de Francia (Michel Butor, Nathalie Sarraute, Alaín Robbe-Grillet...). Méndez Ferrín aproveita a concencia eses métodos novos e acada en *Arrabaldo do Norte* unha perfeita arquiteitura antes non estrenada en Galicia (nin siquera en España). A novela está perfeitamente estructurada. Está "redonda". Ten un principio e un remate. Un remate que ven ligar a xeito co comenzo. No comenzo, a traverso dunha fiestra de un único cristal, vemos fora, na rúa, a un home. Un home, o mundo de afora, teima entrar eiquí dentro, nesta casoupa, nesta especie de gran ollo co seu único cristal. E cada ves que o home se achega hai no persoaxe que o ouserva un sufrimento. Este persoaxe vive eiquí, na casoupa, cunha vella que "debe de estar agora a durmir na cuciña, como sempre adoita facer", prácida, felismente adormiñada. Pero o persoaxe que ouserva ó de afora dende a fiestra, ten medo que veña á casa aquel home que se ve na praza, fumando: "Teño medo (dí) que toda a nosa seguridade, a nosa vida firme (tan rexamente soldádolos intres que todo é eiquí un intre seguido e sólido) non se veña abaixo. Non se me derrube. O meu medo ven certamente da presencia do home na rúa, do home no arrabaldo do norte, vindo a se sentar no banco, baixo do farol, a inspeicionar a praza, fumando por paipa."

Temos, pois, esta situación i estes persoaxes: Un persoaxe ó comenzo da narración é o propio autor da esposición dos primeiros feitos no capítulo primeiro. Está, pois, este capítulo en primeira persoa, en forma autobiográfica. Este persoaxe (Ben podía ser o propio X. L. Méndez Ferrín, porque, pra máis confesa ser un inteleitual, "un f. inteleitual") está, como digo, a ollar pola fiestra a praza. Na praza, repito, descubre baixo o farol, sobre de un banco, o home que fuma por paipa, o home que cando se arrousima parés que ameaza a seguridade da casiña dende onde é visto. O persoaxe desta casiña pecha a fiestra e dí: "Xa estóu completamente illado, destacado do mundo. Fora está o enorme arrabaldo do norte, baixo a chuvia. Eiquí non chove. É a miña casa, a nosa casa, a casa onde eu vivo con ela."

"Ela" é a vella que durme en calma na cuciña. O persoaxe que ouserva o esterior e que pecha o ventanal síntese seguro esí. A súa vida parés que ten esí un sentido. (Méndez Ferrín "abre" os dous libros anteriores dun xeito mui semellante: pechando un ventanal por onde se ven os homes, o mundo vulgar de afora. Os homes que no *Crepúsculo e as Formigas* son chamados "formigas". E péchase nun mundo seu, como refuxiándose, queréndose salvar.)

Nos capítulos seguintes (agás o último, o sesto) a forma xa non é autobiográfica. Xa non se espón en primeira persoa, sinón en terceira. Non fala o persoaxe que pecha a fiestra e que vive "seguro" coa vella. Fálase agora impersoalmente daquel mesmo home do banco da praza. Non ten nome este persoaxe. (O que ollaba pola fiestra, de momento, tampouco o ten). É simplesmente "o home". I en tódolos capítulos "o home" anda en percura de algo. Anda polo arrabaldo do norte, mollándose na chuvia, cunha carpeta de papeles, de proieutos, buscando e buscando. ¿Qué busca? Nono sabemos ben. Non se nos dí espresamente o qué busca. Kafkianamente o propio "home" chega a decir que el *mesmo non* atina a saber qué é qué busca. O caso é que el busca e busca e non atopa. Pergunta, inspeiciona, vai por eiquí e por alí seguindo varias pistas... E, ó último, danlle unha boa pista: Hai un tal Ponte que pode ter algo, pode ter a solución. Enxérguese, vislúmbrase vagamente, que o que pode ter na carpeta o home é un plan urbán pra arranxar o caótico, laberíntico arrabaldo do norte. O home, a traverso de despistes, de falsas e boas pistas, chega á pequena

casa diante da que sempre se sentaba nun banco. A casa de Ponte. Resulta que ésta é a mesma casa dende cuia fiestra foi visto por primeira ves i en primeira persoa espresado. Temos pois que agora fálase en terceira persoa de un tal Ponte e que este Ponte ven ser o que falaba ó primeiro en primeira persoa. Non pode ser, por tanto, o propio Méndez Ferrín. ¿Ou pode selo?

Agora hai tres persoas na cuciña da casa. Xa non pode durmir tranquila a vella. Agora están alí a vella e Ponte e máis "o home", que é un intruso. O home quer seguir inspeicionando eiquí dentro. Quer fedellar, esgarabatear, percurar, incluso vivir uns días nesta casoupa onde a vida tiña firmeza e quezáis un sentido... A vella quer durmir, pero a presencia do home impídeo. E tuse. E fai movimentos de cabeza. E non fala máis que con xestos. Ponte fala. Fala contra o home. Enfréntanse os dous. Ponte non quer que o home viva nin un intre na súa casiña. Entón, por fin, fala a vella. I a vella dí que, polo de agora, o home pode vivir alí. "hastra que se acrare a situación". Pero Ponte non está disposto e chega a pelexar co home. Cando o home dí: "Eu quedo eiquí. Xa oíu vostede o que a vella dixo." Entón Ponte alporízase de verdá e, por último, bate e patexa *ben patexado, brutalmente, no home*, que queda coa cara "desfigurada, perfeitamente cuberta de escuridade e de sangue". (Outra ves a crueldade ferriniana).

Neste penúltimo capítulo emprégase un curioso estilo indireuto referido á segunda persoa: Cando Ponte se nega, en contra da vella, a que o home quede na casa a vivir, escríbese: "E Ponte vai i érguese dun chouto, coma un felino, i encárase coa vella en grandes berros que eiquí o tés, que velo eiquí o tes ao teu (...) protexido". E máis pra adiante hai estas palabras: "Méntrela vella dí que ollo co que se fai eiquí na miña casa, (lembramos deseguida a forma en primeira persoa do comenzo), que moito ollo co que ti fas eiquí na miña casa co señor...". (Lembremos tamén que Michel Butor en *Les Modifications* escribe todo con segunda persoa). Estes pequenos párrafos de Ponte e da vella (tamén sin nome) nos que semella que se nos fala a nós, os leitores, como si "o home" fóramos nós, son ben hábiles i "engaioladores". Métennos nun laberinto máis.

O home que busca queda como machucado no chan. Parés tamén como si nos houberan machucado, rexeitado con toda brutalidá a nós...

No último capítulo, cando escomenzamos a leitura, leemos: "Eu estóu na miña casa, na miña propia casa, arrodeado das miñas cousas", etc. Está este último capítulo, conforme se ve, igoal que o primeiro en primeira persoa. O persoaxe que conta (¿Ponte? ¿Ferrín?) volve estar dediante da fiestra dun único cristal ollando o home da paipa na praza, sobre dun banco, baixo un farol. E este capítulo acaba esí: (Nótese outra ves, agora máis craro, o emprego da segunda persoa).

"Tí, home do Sul, dende onde estás non me podes ver e, non embargantes, eu véxote. Eu vexo como ti te ergues do banco, notabelmente incrinado á dereita, e como, apoiándote traballosamente no encosto do banco, tí ollas aprosimadamente na direución miña, millor dito, eu vexo como ti xiras a *túa testa ferida, escurecida (nótese este adxetivo), triste*, vencida, na direución miña, co ademán aprosimado dos *cegos* que enfocan a súa faciana cara o lugar onde iles coidan que o seu interlocutor está, e nunca está esautamente onde eles pensan. E ti recúas, ti andas pra tras sin perderes de vista o lugar onde eu estóu, onde eu estaréi sempre, onde ti non has estar xa nunca. E ti fuxes. E ti fuxes. Súpeto, revíraste en direución da primeira rúa que tes á man dereita, e das en correr, e das en correr sen abandonares a incrinación do teu tórax á banda da dereita. Eu vexo como ti fuxes e sei que non has voltar, e sei que as tuas indagacións no arrabaldo do norte terminaron no fracaso."

Esi, con estas mesmas palabras remata a primeira novela verdadeiramente "obxetiva", ó estilo de Robbe-Grillet, en galego.

O home que buscaba e que nada atopóu e que ten que saír ferido e fuxindo ¿somos nós todos? ¿Son tódolos leitores? ¿Son tódolos homes? ¿Son tódolos que están fora de Méndez Ferrín, do seu despacho de inteleitual

onde el escribe con segredos ós que nunca poderemos chegar e cuia indagación sería un fracaso? Esa ceguedá, esa escuridade, esa tristura do home machucado que busca, que anceia, que se molla nas rúas, que se emborracha nas tascas do laberíntico arrabaldo onde camiña perdido, que nunca atopa nada e que é rexeitado e maltratado, ¿é un símbolo que se quer facer chegar ó noso corazón?

E agora unha pergunta que parés que non ven a conto: ¿Qué siñifica, cántos símbolos ten o Quixote..., e o "Cantar dos Cantares"..., e "O Castelo" de Kafka, etc.?

BERNARDINO GRAÑA

LA GUERRA DE LA INDEPENDENCIA EN GALICIA, por S. Portela Pazos [1]

Portela Pazos, que nos ten dado abondosas mostras do seu intrés polo estudo da nosa Historia, antre ilas "Galicia en el tiempo de los Fonsecas" (1957), e, concretamente, pola época da guerra descontra da Franza —"O cañón de pau" (1913)—, volve de novo agora a ista derradeira época.

A obra de Portela encétase cun capido no que se narra, nidia e parcamente, o desenrolo das relaciós hispano-francesas dende o 1789 deica o 1808. Pasa deseguida a historiar os feitos máis destacados que transcurren dende o pirmeiro choque armado franco-galego deica a entrada do exército francés na nosa Terra. Iste primeiro choque prodúcese cando as tropas galegas, facendo prisoneira á garnición francesa alí destacada, toman Oporto, en Xuño do 1808. Narra dempóis a formación, e conseguinte saída do país, do exército galego, composto dus 25.000 homes: estabelecidos, nun pirmeiro intre, nas fronteiras da Galicia, avanzan máis tarde polo norde da Península deica tomar Bilbao no mes de setembro. Tres meses dempóis, no Nadal, menos de 3.000 homes, o que restaba de aquil grande exército, acadan voltar á Terra: os demáis tiñan desertado, morreran ou estaban prisoneiros.

Os oito capidos seguintes escoménzanse ca entrada no noso país do exército francés, a alancar trais dos nosos e do exército inglés do Moore e con Napoleón en compaña deica as nosas portas. Isto era o 1 de Xaneiro do 1809. Denantes de se findar o mes toda Galicia estaba nas máns dos franceses, sin a máis cativa resistenza pola banda dos habitantes das cidades.

Mais semella que o 17 de Xaneiro, polo Cebreiro, xa tiña escomenzado a resistenza da poboación campesía cara os franceses. A meirande parte da obra de Portela adícase a narrar os principás feitos, os fracasos e os trunfos de istes habitantes, na sua loita; baseándose o autor principalmente nas diversas corónicas que apareceron pubricadas no "Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña", que saíu á lús dende Agosto do 1809 deica un ano máis tarde, fundado por Pardo de Andrade. Así van pasando polas páxinas o abandono de Ourense e de Tui, por parte do exército francés; a toma de Vigo polos guerrilleiros, única vila conquistada definitivamente; e, xa pra findar, a batalla da Ponte de San Paio —que do xeito que o autor a mira, máis ben se debería de chamar a batalla da Ponte Caldelas— e a seguinte retirada do exército nemigo da nosa Terra, nos derradeiros días de Xuño do 1809: a Galicia pode así figurar na Historia como o pirmeiro país que se ceibóu de Napoleón. Un capido final adícase á relación dos feitos de armas dos exércitos galegos pola Península adiante, deica a sua entrada na Franza, no 1813.

Comprenderase ben, xa que logo, que o aspeito militar semella ser o único, antre tódolos da época, que lle intresa a Portela Pazos. E il non pode haber dúbida que é a máis compreta narración, dende iste punto de

[1] Santiago, 1964.

vista, das que contamos deica hoxe. O estilo no que a obra vai escrito é, polo xeral, conciso e direito, inda que nalgures a reversión da frase faiga incómoda a leitura; e que certas apaixoadas alusiós nos traian á memoria a lembranza do poema "Al dos de Mayo", dos tempos da escola, e o sabor das arengas de cuartel. Bótase tamén a menos que Portela non teña aproveitado a sazón pra formar unha bibliografía encol do tema, que sería de moita utilidade ós intresados nil.

Il hai nembargantes unha páxina no libro ca que estamos en cáseque total desacordo. Referímonos ó mapa histórico que figura na páxina 52. Non só Pedrafita está sinalada moitos kilómetros máis ó norde da sua verdadeira situación, e a ponte de Domingo Flórez moito máis ó oeste, senon que a estensión e os límites da Galicia son postos na sua versión aitual. Cousa inadmisíbile, pois ainda aceitando que o límite cas Asturias fora o de hoxe, non hai dúbida de que o Bierzo e o estremo oucidental da provincia de Zamora non foron perdidos pra a Galicia máis que no ano 1833, co sonado decredo que estabelecéu as demarcaciós provinciás (Colección Legislativa, tomo XVIII, Madrid, 1834, páx. 289). O noso límite sur-ourental era, no 1809 xa que logo, unha liña que pasaba por Manzanal, Foncebadón e a Portilla de Padornelo. Por outra banda, habería que comprobar —cousa que non poidemos facer— si a aitual fronteira con Portugal non data do tratado do 1864, ó menos no seu detalle en canto á "raia seca".

Pasando e repasando as páximas da obra de Portela, il é doado mirar cánta é a nosa iñoranza encol dista época. Bótase a menos unha historia da literatura en castelán —Carballo escribéu unha historia da literatura galega— e do xornalismo nesa língua, ó menos namentras se non pubrique o inédito de Carré. Tamén un estudo político da época e, ¡como non!, unha historia social. Moi cativiñas i escasas alusiós a todos istos temas atópanse na obra de Portela Pazos, mais non abondan: cousa non estrana, pois son aspeitos que o autor non tiña intención de reseñar. E as preguntas que poidan xurdir fican no ar.

Por exempro, ¿cál foi a aititude das diversas crases cara o exército francés? ¿Cómo podemos comprender as distintas reaiciós?

O exército francés da época era símbolo e instromento do despotismo imperial do Napoleón, mais tamén, como ten amostrado Fugier tan brilantemente, era o portador dun credo que naquela época resultaba revolucionario. Xa non era un exército clásico, de nobreza e mercenarios: nas suas ringleiras había xente de toda condición social e ainda de toda nacionalidade.

Coidamos que iste revolucionarismo ten de ser unha das claves que nos poden espricar as diversas reaiciós dos diversos estamentos que había daquela na Galicia. Outra clave pode ser a distinta posición social e ideolóxica de taes estamentos.

¿Qué fixo a nosa nacente burguesía? Naquela época domeaban o seitor mercantil e a cáseque ineisistente pequena industria que escomenzaba a se estabelecer na nosa Terra; a sua ideoloxía encetaba a sua imposición na nosa sociedade; e il había xa oficiáis de orixe burgués no noso exército. Enchían as cidades ca sua nacente prosperidade. Non tiñan ren que temer do exército francés —ó cabo portador dos ideás da Revolución francesa, isto é, das ideias da trunfante burguesía francesa—, e sí moito que temer da loita que poidera xurdir. A sua colaboración co francés foi, xa que logo, franca e leial: falaban no mesmo idioma. E así se comprende que tódalas cidades abriran as suas portas ó invasor e se entonaran tedeums. Ningunha se erguéu dempóis descontra do exército "nemigo", nin tanxiquera no caso de Vigo. E istes burgueses eran chamados por outros afrancesados, masós, treidores.

Mesmo semella que ista ideoloxía contaxiara tamén á nosa Universidade: do Batallón Literario, xa pasado o pirmeiro intre de escitación, fuxiron pra a sua casa o 35% dos estudantes que o formaban, denantes de escoitar un sóio tiro.

¿Quen chamaba treidores ós burgueses? A nobreza e a Igrexa terratenentes. Istes non saberían moito da Franza, mais abóndaballes con saber

a aititude diste exército cara a nobreza e o clero. O seu poder radicaba en que iste estamento repartíase, metade por metade, nobreza e clero, as terras galegas. Exercían plena xurisdicción no 97% das vilas e aldeias da Galicia. Eran os señores do campo e sabían as consecuencias que podían tirar da presenza do exército revolucionario na nosa Terra. Se non podían cruzar de brazos. Mais iles eran relativamente poucos, no seo da poboación galega. Il había que atopar un fato máis maoritario. ¿E cál?

Os labregos. Non sería moi arriscado supor que daquela os labregos formaban perto do 90% da nosa poboación. Con tal aliado ben se podería intentar botar ós franceses. Mais, ¿onde radicaba a base común que permitira tal alianza, onde estaba o vencello? En ningures. O labrego vivía sin espranza, emigraban da Terra a moreas, cáseque carecían de aparienza humá, "pobres infelices que son esclavos de todos y de la tierra; cuatro trapos cubren sus carnes, o mejor diré que por las muchas roturas que tienen las descubren. Su alimento es un poco de pan negro, acompañado de algún laticinio o alguna legumbre vil... contemple cualquiera si no es vida más penosa la de los míseros labradores que la de los delincuentes que la justicia pone en las galeras... oprimidos de las vejaciones de sus señores, tiranizados de los Justicias, arrastrados a las cárceles por los acreedores, abatidos, en fin, y despreciados por todas las otras clases". Non son citas tendenciosas: falan dous ilustres fillos da Igrexa: Sarmiento e Feixóo. Hai que confesar que terratenentes e labregos non tiñan moito en común. Había, pois, que inventalo. E foi inventado.

Os franceses fixeron doado o traballo, xa que o seu exército tiña unha ideia moi particular encol do servizo de Intendenza. Chegados a un lugar calisqueira pedían abastos en tal cantidade que era imposíbele llos acadar i entregar (só o 15% das nosas terras estaban en cultivo). A represalia por non facelo era tremenda: queima de aldeias, afusilamentos, saqueios. Os terratenentes viron o ceo aberto: tan só tiveron que axuntar as protestas e os berros de vinganza que saían dos beizos dos labregos. Foron chamados á guerra santa, con ameazas, por suposto, da pena da vida pra quen non acudira. A nobreza e o clero deron os principás dirixentes das guerrillas. Si a cousa iba moi mal, iles tiñan meios crematísticos dabondo pra fuxir: o labrego restaba na aldeia pra ver a sua muller violada, os fillos esnaquizados, e a casa incendiada. Soboul ten descrito maxistralmente como os labregos franceses foron bulrados pola burguesía no seu país. Na Galicia, a bulra veu de outra banda, mais a traxedia foi a mesma.

Váise o exército francés e todo, iso semella, torna quedar como estaba. Mais outros tempos ían vir axiña: constitucións liberás e unitarias, cuartelazos, fin e morte da Xunta Xeral da Galicia, desamortización, abolición do morgado... Era a volta dos afranecsados, a volta dos masós, a volta dos treidores.

Pechamos o libro. Envolta na neboeira, no cumio dun petouto lonxano, seméllanos albiscar por un intre, baril i esfarrapada, a figura de Xosé Queiruga, símbolo, que ca sua moca, ó querer catro soldados franceses roubarlle os zocos, matóu a ún, firíu gravemente a outro e fixo fuxir ós outros dous. Xosé Queiruga, ¿por qué mallabas nos franceses?

X. A. ARXONA

CEN ANOS DE LITERATURA GALEGA[1]

Acaba de ver a lus o Catálogo da "Exposición Bibliográfica" que, baixo o rubro de *Cen anos de Literatura Galega*, estivo aberta no Círculo de las Artes, de Lugo, dende o 9 ao 19 de Nadal de 1963. Pra os que non tivemos ocasión de visitala, iste libro, mesto e macizo, cas súas 118 páxinas en folio i as súas 2.149 papeletas bibliográficas, constituie un auténn-

[1] Catálogo da Exposición Bibliográfica. 9-12-1963. Círculo de las Artes de Lugo. Por J. Alonso Montero e E. Ramos de Castro. Lugo, Industrias Gráficas Bao, 1964.

tico tesouro. Decididamente, nunca se fixo en Galicia nada parello, e iste trunfo da vontade e do saber —porque o foi, sen dúbida algunha—, débese ao esforzo, á preparación humanística e ao amor que nelo puxeron os profesores J. Alonso Montero i E. Ramos de Castro, que agora firman iste libro singular. Xa nas liñas limiares a entidade organizadora o fai constar, con enteira xustiza: "O Círculo de las Artes, sempre entrañablemente disposto a servir os intereses de Galicia en xeral, e de Lugo en particular, fixo todo canto estuvo na sua mau pra que a Exposición *Cen anos de Literatura Galega*, tuvera o esprendor que merecía, pero isto de pouco houbera valido sin o cariño i o esforzo que, servidos por unha cultura e un vencello a Galicia, difícilmente superables, puxeron na tarefa os Profesores D. Jesús Alonso Montero e D. Epifanio Ramos de Castro, verdadeiros autores desta "Exposición Bibliográfica".

Acontecimento de tal releve na vida cultural galega dos derradeiros tempos, amparóuse nun feito tamén singular: o de se celebrar no ano 1963 o primeiro centeario da pubricación, polos talleres Compañel, de Vigo, dos *Cantares Gallegos*, de Rosalía Castro, fito auroral que sinala o nacemento dunha nova era na nosa vella Literatura. Á ideia de conmemorar o 17 de maio o "Día das Letras Galegas", tan fizmente acollida en toda Galicia —ciclos de conferencias, leituras, carteles, etc.— respondéu o Círculo de las Artes da maneira máis aberta e xenerosa, sin ter en conta pra nada os impeitizos de toda crás, as responsabilidás e máis os traballos que istas tarefas aportan. Contaba somentes a satisfacción de alcanzar unha meta e contribuir a un ideal. Ben certo é que alí estaban tamén, de parte do Círculo, o entusiasmo i a preparación dises dous distinguidos guieiros denantes citados e, á par deles, un fato de axudantes mozos, movidos do mesmo femente anceio.

É así cómo agora temos nas mans un libro que, pra moitos de nós, ha constituire de hoxe en diante precioso instrumento de traballo, en canto se refire á moderna Literatura galega. Pois compre sinalar que a Exposición abranguía principalmente os apartados seguintes:

a) a producción en língoa galega nestes cen anos.

b) os traballos nos que se estuda o galego i a Literatura en galego.

Nistas dúas grandes seccións agrúpanse os 55 apartados en que a mostra se repartíu, refrexados agora pormiúdo no libro que a resume. Trátase de un traballo no que ás légoas se adiviña a man téinica e coidadosa dos orgaizadores, que non dispreciaron anotar o dato mínimo —ás veces tan necesario— da ficha bibliográfica. Pra dármonos unha ideia dista tarefa, que aporta todo o peso da solvente erudición, sen o lastre noxento e falso das "citas polas citas", tan común, digamos que o primeiro cabido, adicado a Rosalía, comprende 165 fichas, repartidas diste xeito: "Precursores - Fontes - Obras - Escolmas - Rosalía traductora - Rosalía traducida - Rosalía i-a música - Rosalía i-a enseñanza - Bibliografía española - Bibliografía extranxeira - Bibliografía no centenario do nacemento (1937) - Bibliografía no centenario de *Cantares gallegos* (1936) - Poemas sobre Rosalía - Familia de Rosalía - Varia".

E sigue aínda un segundo apartado, verdadeiramente simpático i aleicionador, en col dos "Traballos dos Alumnos de Enseñanza Media de Lugo sobre Rosalía", que abrangue vinte estudos literarios e dazanove traballos plásticos. Abonde iste detalle pra nos demostrar cómo nada se esquencéu nista mostra reveladora, dende a rebusca febril do recorte de xornal ao estímulo creador perto da xente moza.

Os apartados que se adican á lingüística galega, en todolos seus aspeitos, como realidade e como probrema, como feito histórico e como faitor espritoal, terán de seren consultados de agora en diante polos estudosos, xa que neles reúnese un "corpus" bibliográfico como endexamáis se acadara. E nada digamos dos repertorios adicados aos diversos xéneros literarios nistes cen anos, onde temos por forza de destacar a densidade

—que pra moitos será cousa insospeitada— do teatro i a novela, endebén os índices respeitivos pódense alongar aínda un chisco. Pero, non o esquenzamos, niste catálogo reséñanse somentes as obras espostas, que asombra se poideran ter axuntado en apenas un mes de recolleita.

Dempois das obras de creación —poesía, novela, teatro, etc.— veñen as cencias, a historia, o ensaio, a erudición, con toda a gravedade dos seus afáns i o interés cultural do seu contido, noutra longa teoría de nomes e títduos, que nos revelan unha vez máis —siquera seña pola vía intuitiva do que entra polos ollos— iste afanoso labourar galego, en todolos campos do saber humán, no decurso dos derradeiros cen anos, mália certos ciclos de desleixo temporal. É pena pensar, diante as probas diste esforzo calado e tesoneiro, que os cegos voluntarios tampouco agora pousarán os ollos nistas páxinas reveladoras, e, caso que os pousaren, que aínda así seguirán sen ver.

Outro apartado, recolleito e cordial, como unha fogata quente, é o adicado a "A pastoral en galego", coa versión do Pai Noso, traduccións dos Evanxeos e folliñas piadosas. Ben ollamos eiquí a man cariñenta de Alonso Montero, que anda a pescudar, con sabenza e femenza, testos relixiosos galegos. Nós houbésemos aportado, de o saber a tempo, o manuscrito do inxel poeta Amado Carballo ca sembranza amorosa de Santiago Apóstolo, que un día pubricamos na revista "Cristal".

Logo —e compre acrarar que reseñamos somente aquilo que suscita as nosas preferenzas— outras páxinas adicadas aos "Escritores non galegos que cultivaron o galego", con nomes esgrevios taes como Laverde Ruíz, Leite de Vasconcelos, Martínez Salazar, Rodríguez Marín, García Lorca, Pérez Creus, Francisco Luis Bernárdez— e alá quedóu tamén fora da mostra, cicáis porque a presa non deu tempo a avisarnos, o manuscrito autógrafo de "Mari Castaña, ou Unha revolta popular", a primeira peza do teatro histórico galego, cuia acción se desenrola precisamente en Lugo, da que foi autor outro non galego de nación, pero sí de corazón, don Emilio Alvarez Giménez, a quen debemos o sangue, o apellido i o amor ás letras.

Non menos importante é a mostra de textos de outras língoas verquidos ao galego, con 63 papeletas, a meirande parte delas de data recente. Tarefa ísta que ha ter un vizoso porvir, porque o galego literario, madurecido arestora tras ises cen anos de cultivo, pode xa arriscarse polos camiños do pensamento universal, verquendo nos moldes propios o ouro vello das creacións famosas. Non solo Virxilios e Horacios, tan entranabres é certo, senón os mesmos Shakespeare, Goethe, Schiller, cando non Gracián, Quevedo ou Cervantes. (¡Qué ben cadrarían, en galego liso i escorreito, as *Novelas Ejemplares*, poñamos por caso).

Os autores diste traballo, tan meritorio na súa dupla manifestación —primeiro a mostra bibliográfica, logo a axeitada reseña— compretan o estudo cunha longa relación de obras solicitadas e non conqueridas, que ven redondear o panorama do movimento cultural galego nises cen anos froitíferos, dende que aquelas *Follas Novas* deron paso ás espigas granadas, nun agromar poderoso, do que a comentada pubricación ven ser o espoente máis cabal. Os índices onomásticos, as referenzas bibliográficas, as notas acraratorias, en fin, compretan o traballo dos autores, cuios esforzos e desvelos non son doados de calibrar. Compre estar mergullado niste mundo mesto do libro, niste río caudal da letra impresa, que fuxe e se perde acotío no mar do esquencimento, pra se decatar das dificultás que Alonso Montero e Ramos de Castro houberon de vencer no seu empeño. O tempo dirá o moito que a súa obra importa, pois *Cen anos de Literatura Galega*, aínda cas lagoas inevitabres, é un libro exemprar.

XOSE MARIA ALVAREZ BLAZQUEZ

DOS OBRAS SOBRE DERECHO CIVIL DE GALICIA

Parece como si la promulgación de la ley que aprobó, en diciembre de 1963, la Compilación del Derecho Civil Especial de Galicia, hubiese provocado una renovación del interés hacia nuestra realidad jurídica, un tanto adormecido en los últimos años. Interés que se demuestra palpablemente por la publicación, en un espacio de tiempo relativamente reducido, de no sólo los libros que vamos a reseñar, sino también de las obras de Castán y Rodríguez Valcárcel, entre otros estudios.

El libro de J. C. Paz Ares[1] representa la novedad sistemática de estructurar toda una serie de instituciones en torno a la "casa", pieza básica, según el autor, del sistema sucesorio-económico del campo gallego. Afirma Paz que las especialidades de nuestro Derecho se manifiestan fundamentalmente en nuestras instituciones sucesorias, constituyendo éstas el "alma mater" del Derecho Foral de Galicia. Podemos así comprender la importancia y trascendencia de la "casa gallega" dentro de nuestra problemática jurídica.

El autor define la "casa" como la "entidad familiar y patrimonial integrada por la familia labradora asentada en un lugar acasarado y por éste". Conocido ya el concepto, vamos a adentrarnos en la exposición que de las diversas instituciones conexas presenta Paz Ares.

La obra se inicia con una introducción en la que se describe cómo ha sido recogido el material que ha servido para la redacción de la misma, intentando en todo momento la máxima aproximación a la realidad de nuestro "rus": encuesta a varios juristas gallegos, consulta de numerosos documentos y recorrido por toda la provincia lucense y otros puntos de nuestro territorio.

En la primera parte se alude a la rancia cuestión de si es Galicia territorio de Derecho foral. El autor manifiesta su incomprensibilidad acerca de que se haya podido dudar y de que haya estado sometida durante tanto tiempo al Código Civil, sometimiento que no ha tenido más consecuencias que la proliferación en nuestro país de la simulación y el fraude jurídicos. Intenta precisar a continuación nuestras peculiares instituciones, entre las que destaca precisamente aquellas que va a examinar: compañía familiar, petruciazgo, viudedad universal, testamento mancomunado.

Después de lamentarse de que la Compilación no se haya centrado en torno a estos institutos, suficientes, para Paz, para que Galicia sea considerada como de Derecho foral, se analizan las causas económicas que justifican la existencia de la "casa" en el norte de la Península, y las diversas definiciones que de ésta se han hecho. Esta primera parte termina con la descripción de los elementos personales y real de la "casa" gallega.

La segunda parte estudia la compañía familiar, una pieza estructural de nuestro sistema. Se estudian los diversos criterios de la doctrina gallega y las diversas opiniones acerca del origen histórico de la comunidad familiar. A través de diversas sentencias, se ve como los Tribunales han desconocido, por lo regular, esta institución, que guarda gran parecido con otras peninsulares. Ante los que califican a la compañía gallega de sociedad o comunidad, Paz prefiere describirla como una asociación, de constitución generalmente tácita, compuesta por dos matrimonios, en relación paterno-filial, y con frecuencia por otros familiares, para la explotación conjunta del patrimonio común. Analiza después los requisitos personales y los elementos reales y formales. En cuanto a sus efectos, el autor, después de afirmar la probabilidad de que hace años la compañía fuera una comunidad de ganancias de muy amplias consecuencias, añade que hoy sus efectos son más restringidos, pues se da la posibilidad de que cada uno de los socios mantenga para sí un patrimonio apreciable que no se integra en el social. Finaliza esta parte con la presentación de las prue-

---

[1] Instituciones al servicio de la "casa" en el Derecho Civil de Galicia. Salamanca, 1964.

bas que demuestran la actual existencia de dicha institución: autores, notarios, abogados y documentos.

La parte siguiente, tercera, se dedica al estudio del petruciazgo, concepto que para Paz no sólo encierra la mejora de labrar y poseer en su estricto sentido, sino también otras modalidades de la mejora. La institución del petruciazgo persigue la conservación del patrimonio familiar, mediante la transmisión que el padre hace al hijo de todo, o la mayor parte, de la hacienda. Los instrumentos modales más usados son la mejora de labrar y poseer y la del tercio y quinto, combinada ésta con la facultad que concede el Código Civil Español. Se analizan las dificultades que este texto y la Ley Hipotecaria pueden producir en nuestro campo, y sus soluciones posibles. Por lo que respecta al problema de que si la ejecución de las obligaciones del hijo "mejorado" obra como condición suspensiva o resolutoria, o como modo, el autor se inclina por esta última solución. Alude, a continuación, a la delegación de la facultad de mejorar. Esta parte se cierra con un apéndice documental.

La cuarta parte, última, trata de la viudedad universal y de los problemas que surgen por la forzada aplicación del Código Civil en este aspecto. También del testamento mancomunado, que tiene que adoptar la forma de dos testamentos semejantes y sucesivos.

Hay que añadir que el estudio de cada una de las instituciones va seguido, en la obra de Paz Ares, del reflejo articulado que ha tenido en los diversos proyectos de compilación del Derecho gallego: López de Lago, 1915, 1948 y 1962. Es de lamentar, sin embargo, que el autor no haga una crítica sistemática de la vigente Compilación, aunque quizá valga como crítica la mera constatación de que, de las cinco grandes instituciones examinadas, tan sólo dos, la compañía y la mejora de labrar y poseer, hayan sido acogidas en el texto foral.

Algunas afirmaciones del autor merecen un comentario, por breve que éste haya de ser forzosamente. Así, cuando afirma que no comprende la desorbitada atención que ha recibido la institución del foro por parte de nuestros juristas. No nos puede parecer desorbitada tal atención, si acaso tan sólo desde un punto de vista jurídico-formal, kelseniano por así decir, ya que dicha institución ha sido un tremebundo problema en nuestro país.

Creemos ver asimismo un error de nomenclatura en designar al hijo "mejorado" como "petrucio", sustantivo que, en realidad, pertenece al padre que mejora, mientras que el hijo es simplemente el "vinculeiro", entretanto el ascendiente, al menos, no fallezca o renuncie a sus funciones directoras.

Más grave es la afirmación de Paz de que la casa gallega es nuestra pieza jurídica clave, señalando al mismo tiempo que, en esencia, es igual a otras "casas" del norte de la Península. ¿Dónde figura, pues, en qué radica nuestra característica personalidad jurídica?

Lo que resulta verdaderamente increíble es que el autor haya dedicado algunas páginas de su obra al origen racial e histórico de la comunidad familiar, atribuyéndole un origen preciso, sea éste celta o ibero, suevo, godo o medieval, con lo que demuestra una total ignorancia de esta cuestión. Sabido es que, desde hace aproximadamente un siglo, se iniciaron científicamente los estudios acerca de la estructura social de las comunidades "primitivas": entre estos estudiosos quizá Morgan sea el más desconocido. En 1884 aparece la obra de Engels "El origen de la familia, de la propiedad privada y del Estado", en que se condensan y amplían todas las conclusiones a las que se había llegado entonces. Desde aquella época, la investigación posterior ha enriquecido con más detalles las afirmaciones engelsianas, sin aportar esencialmente nada nuevo.

Hoy sabemos, por lo tanto, que la propiedad ha asumido formas muy variadas, según época y países, que se pueden reducir a común y privada, en tierras, inmuebles y muebles, a la que han seguido formas de asociación muy variadas también, llaménseles gente, tribu o familia. Y que la creencia anticuada de que las formas comunales de propiedad se producían

en un "tronco" determinado (el indoeuropeo), o en un pueblo concreto (eslavos o celtas), carecen de base alguna. En Galicia nos quedan la "comunidad parroquial" y la "familiar"; en otros pueblos europeos han existido, hasta hace relativamente poco tiempo, la "obshchina", la "zadruga", el "clann" o la "mark". No hay, pues, ni "monopolio" germánico ni medieval. Ni tampoco, claro es, indoeuropeo, pues para comprobarlo nos basta hoy, en 1964, con irnos a dar una vuelta por Africa o Australia, donde podemos encontrar seres humanos que conocen la propiedad común, y la organización tribal y desconocen el Estado (al menos el suyo) y la propiedad privada.

Como se ve, estos reparos a la magnífica obra de Paz Ares no afectan al estudio en sí, que creemos constituye una novedad de auténtico interés y que recomendamos a todos los preocupados por los problemas de nuestro agro.

Distintamente a la obra de Paz Ares, que se caracteriza por un abundante apoyo doctrinal, la de E. Menéndez-Valdés Golpe[2] se subtitula, muy modestamente, como luego veremos, "comentarios al texto foral". Intenta ser, como el autor afirma, un instrumento puesto al servicio de la práctica jurídica, donde "se exponen, sin pretensión dogmática, las soluciones que el ejercicio profesional ha sugerido como más aconsejables al "autor", inspirándose para ello en su experiencia notarial en la "montaña" lucense; soluciones que él mismo se apresura a confesar que son "materia opinable". El subtítulo, sin embargo, puede inducir a error, pues Menéndez-Valdés se "despega" a veces del texto de la Compilación, para estudiar y matizar perfectamente una serie de instituciones no recogidas o imperfectamente estructuradas en nuestro texto civil, aunque la constante de la obra sea, consecuentemente, el análisis del articulado, esto es, de su interpretación y de las dificultades en el momento de su aplicación, que, como demuestra el autor, a lo largo de toda la obra, no vendrá sino a aumentar todos los problemas jurídicos que se plantean cotidianamente en nuestro país.

Antes de entrar en la exposición de los más destacados temas que toca el autor conviene hacer resaltar algo muy significativo. Radica esto en que tanto para Menéndez-Valdés como para Paz Ares lo más destacado de nuestro peculiar Derecho sea precisamente todas las modalidades jurídico-económicas de nuestro derecho sucesorio, que constituyen la característica más acusada en Galicia. Resulta muy interesante, a nuestro juicio, que ambos autores hayan llegado, cada uno por su lado, a las mismas consecuencias esenciales. Y mucho más si tenemos en cuenta que nuestro derecho sucesorio pasa como una lejana sombra por el articulado de la Compilación, en la que apenas se halla estructurado.

La obra de Menéndez-Valdés se inicia con unas páginas introductorias en las que, después de unas atinadas observaciones sobre la llamada "cuestin foral", se alude a las dificultades de interpretación sistemática de la Compilación, dado su extraño orden en la ordenación de las diversas materias. Inmediatamente se pasa al estudio del articulado, comenzando por la parte preliminar, con especial referencia al ámbito de aplicación territorial y al estatuto personal, así como al problema de prelación de fuentes.

El título primero trata de los foros y otros gravámenes análogos. El autor estudia los problemas que plantea el articulado, entre los que destacan el de los medios de prueba de existencia del contrato y el del comiso (al que el texto parece inclinarse), así como del laudemio y tanteo y retracto. Se trata después de las rentas en saco, que han sido afortunadamente limitadas por el texto legal en el sentido de que sólo podrán es-

---

[2] Las particularidades del Derecho Patrimonial en el Noroeste de España, ante la Compilación Gallega y el Código Civil. (Comentarios al texto Foral). Becerreá, 1964.

tablecerse para pago de legítimas. Menéndez-Valdés realiza un magnífico estudio de tal institución. El análisis de este título termina con los medios de extinción de los foros, en el que el autor demuestra que han quedado en pie muchas de las cuestiones planteadas por la ley de 1926.

El siguiente título trata de la compañía familiar, a la que el autor prefiere denominar, muy fundadamente, comunidad. Describe la comunidad tal como él la conoce en la realidad del campo gallego, un tanto distinta a la compañía descrita por nuestra doctrina jurídica. Para Menéndez-Valdés la comunidad está compuesta por socios-familiares que, contra creencia muy común, gozan de un amplio patrimonio propio, del que sólo parte, generalmente inmuebles, va a parar al fondo social, aunque sólo para su mero usufructo. Efectúa un extenso estudio de dicha institución, para encararse después con su enunciación en la Compilación, en la que se estructura de un modo con el que el autor no está de acuerdo, por no reflejar la realidad (véase artículo 50, 2.º). Se inclina Menéndez-Valdés a ver en la compañía una mera variedad de la sociedad civil. Se hacen destacar los aspectos más discutibles de la compañía, con los consabidos problemas de interpretación y aplicación; entre otros lo de "casar para la casa", los bienes sociales y las adquisiciones realizadas por los socios.

El título tercero trata de la aparceria. Se dedica especial atención al "lugar acasarado" y a la cuestión, de capital importancia, del retracto de colindantes.

El título cuarto, de la mejora de labrar y poseer, se compone en el texto foral de tan sólo cuatro artículos. Destaca esta parquedad legislativa en contraste con la importancia de las mejoras en nuestro país. Afirma el autor que "muchas situaciones creadas al amparo de la legislación anterior han de subsistir", por lo que cree necesario tratar "de enfocar en conjunto el sistema sucesorio familiar de Galicia". Del modo tan completo y matizado de hacerlo sirva de ejemplo la afirmación de que una 4.ª parte del libro se dedica a tal fin. Entre otros temas, va estudiando sucesivamente las variadas formas de la mejora, sus relaciones con el usufructo viudal, la trascendencia en estas cuestiones de las fórmulas notariales, el testamento mancomunado, la transmisión íntegra del patrimonio familiar al mejorado (situación antes y después de la Compilación), los llamamientos subsidiarios a la mejora, la delegación de la facultad de mejorar, extinción de la mejora, dote al que casa fuera de casa, usufructo viudal. Esta parte, de una riqueza y variedad difíciles de superar, es para nosotros la más fundamental e interesante de toda la obra.

El título quinto trata de lo que pudiéramos denominar formas de propiedad vecinal. El autor comienza reseñando las diversas formas que ha asumido la propiedad en los montes gallegos, meras formas de disgregación del modo comunal de poseer, ayudadas, las últimas de ellas, por el descalabro causado por el asalto del servicio de Repoblación Forestal. Considera después la posible labor que podrían llevar a cabo los Ayuntamientos y la problemática de la distinción entre montes vecinales y particulares. Al tratar de la comunidad de aguas, estudia con especial dedicación la cuestión del Registro de las Aguas.

Menéndez-Valdés concluye su obra constatando la total inadecuación del texto de la Compilación a la realidad jurídica gallega: instituciones, las más fundamentales, no recogidas; otras, estructuradas de una forma que resulta imaginaria, y otras de tal modo que plantean muchos más problemas de los que puedan resolver. Mas, como el autor tristemente reconoce, ahora, es decir después de la promulgación de la Ley, ya es tarde para cualquier protesta. Habrá que esperar, en el mejor de los casos, diez años y mientras tanto "defendernos" del texto lo mejor que sea posible.

Aunque dejemos aparte la autoridad teórica y la experiencia práctica de Menéndez-Valdés, resultaría un tanto atrevido hacer una crítica de su obra, cuando ésta se presenta libre de toda pretensión dogmática y el autor no rechaza en absoluto que se pueda interpretar tal o cual artículo de

manera distinta a como él lo hace. Las críticas que podrían hacerse, por lo tanto, habrían de referirse en su mayoría a la interpretación del articulado y resultaría toda una serie de consideraciones que no vendrían a resolver nada esencial, pues la interpretación y aplicación de las diversas normas quedan en las manos de la Judicatura. Por lo que sólo nos resta añadir que confiamos y esperamos que esta corriente de interés, manifestada en los últimos meses, hacia nuestro Derecho, no se vea interrumpida, pues nos consta que hay aún, tanto desde el punto de vista teórico como de aplicación práctica, muchos puntos oscuros en nuestra temática jurídica que merecen la investigación directa, el estudio y la polémica.

J. A. ARJONA

ANÍBAL OTERO, NA ACADEMIA GALEGA

A Academia Galega elexíu, por unanimidade, a Aníbal Otero Álvarez pra ocupar a vacante do poeta López Abente como numerario da Corporación.

Si un dos fins máis importantes da nosa Academia é o estudo dos problemas da nosa realidade lingüística i a correspondente percura da súa regulación normativa, ningunha eleición máis xustificada que a de Aníbal Otero. Ninguén, nos derradeiros tempos, traballóu tanto coma il no estudo da nosa língoa viva; ninguén, entre os galegos vivos, a conoce tan a fondo. A súa incorporación á Academia viña ser, xa que logo, además de xustificada, necesaria.

Dende os seus tempos mozos de universitario compostelán, Aníbal Otero popúxose estudar a fondo, con rigor e método, a nosa língoa. E non porque o movesen inicialmente preocupaciós de tipo lingüístico puro, poisque a vocación que o animaba era a literaria. O que il quería e se propuña era conocer ben os recursos da língoa galega como instrumento de espresión literaria.

Cursando os estudos de Filoloxía Románica na Universidade de Madrid, trabóu relación con dúas sobranceiras figuras da ciencia lingüística española, Menéndez Pidal e Navarro Tomás. Dos dous foi discípulo e colaborador moi apreciado. Menéndez Pidal encomendoulle a misión de recoller romances en Galicia con destino ó seu "Romancero Español"; Navarro Tomás incorporouno ó equipo dos seus colaboradores no "Atlas lingüístico de la Península Ibérica", a magna obra que se propuña realizar.

Tanto na xeira inicial, recollendo romances pra Menéndez Pidal, como nas ulteriores, recollendo materiás pra o "Atlas Lingüístico", Aníbal Otero pescudóu e rexistróu a rica complexidade do noso tesouro idiomático. Chegóu a conocelo como ninguén o conoce, deica o punto que, si o novo académico for un humorista amigo de lerias, podería escribir o seu discurso de ingreso nun galego vivo que os académicos non entenderían. Como froito das súas pescudas e recolleitas temos dúas series de traballos, *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* e *Contribución al léxico gallego y asturiano*, aparecidas en "Cuadernos de Estudios Gallegos" i en "Archivum" respeitivamente, que conteñen, sin duda algunha, a máis valiosa achega lexicográfica que nos derradeiros anos se incorporóu ó conocemento do noso idioma.

Felicitamos á Academia Galega pola atinada e xusta decisión de levar ó seu seo a Aníbal Otero, en cuia incorporación ós traballos académicos poñemos unha gran espranza, por seren os relacionados coa língoa os que máis nos interesan entre todolos que ven realizando a ilustre Corporación.

AITUALIDADE DE AIRAS NUNES

En Milán iniciouse a publicación da "Collezione Internazionale de Filología Romanza". O primeiro volume, que ven de aparecer, está consagrado ó poeta galego Airas Nunes, con Introdución, Notas e Glosario do filólogo italián Giuseppe Tavani.

Como contribución a esta aitualización internacional do noso poeta, publicamos a tradución inglesa —aínda inédita— de dous dos seus poemas, feita por Jean R. Longland, autora de numerosas traduciós inglesas de poetas galegos e portugueses.

No número 4 de GRIAL incluímos unha escolma das máis notables que viñan de aparecer na antoloxía medieval do prof. Flores, editada pola *Dell Publishing Co., Inc.* Por involuntario erro, alteramos alí o verdadeiro nome da traductora, xa que aparece Janet R. Longland en lugar de Jean R. Longland, como compre. Reitificamos moi gustosos ise involuntario erro, que viña darlle a Miss Jean unha misteriosa irmá xemela chamada Janet.

A SANTIAGO EN ROMERIA VEN
El Rei, madre, e prázme de coraçón
por duas cousas, se Deus me perdón,
en que teño que me faz Deus gran ben:
ca verei El Rei, que nunca ví,
e meu amigo, que ven con el í.

TO SANTIAGO COMES THE KING
as a pilgrim, mother, very soon.
My heart is happy and I sing
because God gives a double boon:
at last my sovereing I will see,
who brings my lover back to me.

ASI ME TEN EN PODER VOSO AMOR
que sempre cuido en como poderei
voso ben haber, que non haberei,
mal pecado, en cuanto eu vivo for,
mais en tanto hei eu conorte e sabor.

MY LOVE FOR YOU HOLDS ME IN THRALL,
Forever I will hope to call
you mine, though this will not befall
while life endures, alas for me,
but you will still my comfort be.

O MOVIMENTO CONCRETISTA BRASILEIRO

No Brasil está a cobrar un interesante releve o movimento literario chamado *concretismo*. Trátase dun movimento que suscitóu, e sigue suscitando, variegadas polémicas. Ultimamente, un dos seus persoeiros máis caraiterizados, ten escrito o seguinte:

Tendo a Joâo Cabral como unha baliza, derivóu de San Paulo o movimento concretista. De Joâo Cabral, combinándoo coa esperiencia de poetas como Mallarmé e Pound, derivaron os concretistas a liña de redución verbal, na súa loita contra da palabra de recheo, máis sonora que siñificativa, e máis siñificativa que contundente. Alén de Joâo Cabral e dos seus modelos europeos, desenrolaron os concretistas o abandono da palabra no verso. A palabra pura, na súa ostensiva presencia semántica e mesmo física, trocóuse na unidá poemática. ¿Cómo, pois, realizar a partir dela o poema?

Resposta: o poema, con base na palabra, desenrólase por meio de combinaciós antre unidás internas da palabra-eixo, que poden ser as sílabas, ou mesmo as letras, ou pola derivación de palabras asociadas.

É verdade que en Augusto Campos —o millor poeta do grupo— o emprego visual da diversidá de tipos gráficos e de corés como meio de intensificar as leituras simultáneas, así como a orgaización xeneral do texto, tiña un resultado moito menos matemático, sin se desligar, por outra banda, dun artellamento sintáctico. Era aquéla unha fase na que o grupo estaba soio volto cara a confeición do poema. Alleos ó problema da comunicación, o movemento non entraba nunha definición de avangarda. Isto somente sería asumido con consciencia a partir do II Congreso de Historia e Crítica Literaria (Assis, San Paulo, 1961), cando Décio Pignatari anuncióu o "salto participante" da corrente.

É no número 3 da revista "Invençâo", publicada polo grupo, onde se atopan as súas mellores realizaciós. Niste número advírtese que non soio se chegóu a un enrequecemento do contido, senón tamén a un xeito novo de realizar o poema. En troque das combinaciós antre os elementos internos dunha ou máis palabras e da derivación asociativa, o poema pasa a medrar, con base nos vencellos lóxicos e asociativos (o que non implica a esclusión das imaxes) que o poeta desenrola a partir dun núcleo.

REPRESENTACIÓN DE "PIMPINELA"

Na festa que tradicionalmente se celebra no Colexio Fingoy, de Lugo, no mes de nadal, púxose en escea no presente curso, polo grupo de teatro do Seminario de Estudos Literarios do referido Centro, o terceiro lance, "Pimpinela", da farsa de Castelao "Os vellos non deben de namorarse".

Presentaron aos persoaxes dúas alumnas, Carmen de la Fuente Buceta e Olga López Boullosa. O reparto da obra foi como sigue: *Pimpinela*, Carmen Herrero Figueroa; *A Nai*, Carmen Canto López; *O Pai*, Marcos Fernández Puentes; *O Mozo*, Manuel Fernández Fernández; *O Señor Fuco*, Antonio López López; *Muller 1ª*, Claudia Bohorque Calle; *Muller 2ª*, Asunción Fernández Puentes; *Muller 3ª*, Manuela López Iglesias.

Todos istes alumnos desempeñaron os seus papés con grande entusiasmo e disciprina. No caso de Carmen Herrero, a interpretación foi, toda ela, dunha sorprendente perfeición. No conxunto, destacaron a escea de Pimpinela cos seus pais, na que Carmen Canto e Marcos Fernández estiveron felicísimos, e o monólogo final, que Carmen Herrero dixo dun xeito insuperable.

D. S.

OS CRÍTICOS DIANTE DA LITERATURA CATALANA

A revista catalana "Serra d'or" publicóu hai pouco os resultados dun inquérito feito a 19 dos máis prestixiosos críticos dos países catalás, á percura das méllores obras publicadas na súa língoa nestes derradeiros vintecinco anos. Cada un dos críticos podía escoller tres tíduos cada ún dos seguintes xéneros literarios: novela, conto, poesía, ensaio, teatro e memorias ou biografías. A enquisa deu os seguintes resultados:

Novela.—Acadóu o primeiro posto "Placa del Diamant" de Mercé Rodoreda, con 14 votos. En segundo lugar "Bearn", do mallorquín Llorenç Villalonga. Despois, xa lonxe, "Camis de nit" de J. M. Espinás, e "Incerta Gloria" de Joan Sales, con cinco e catro votos unha e outra.

Conto. — Os críticos mostráronse desacordados e as diverxencias foron ben patentes á hora de elexir, de xeito que nengunha obra acadou unha relevancia sobranceira. "Cróniques de la veritat oculta" de Pere Calders, conqueriu 10 votos. "Mites" de Jordi Sarsanedas, 7. Despois, igoaladas a 4 votos "Credits humans" de M. de Pedrolo, "La ciutat i el trópic" de Ferrán de Pol, e "Gents de l'alta vall" de Pere Calders.

Na *poesía* houbo acordo cáseque ausoluto: 16 votos pra "Elegies de Bierville", de Carles Riba, e 12 pra "Vacances pagades" de "Pere Quart" (seudónimo de Joan Oliver). Siguen "Nabí" de Josep Carner, con 9, e "La pell de brau" de Salvador Espriu, con 8. Espriu viu elexidos con voto da crítica outros dous libros seus. J. V. Foix acadou 4 votos con "Sol, i de dol", e outros tres libros da súa autoría tamén citados.

No *ensaio*, o mais ausoluto acordo á hora de elexir: 18 votos "Nosaltres els valencians" de Joan Fuster, 14 pra "Noticia de Catalunya" de Jaume Vicens Vives, 13 pra "Formes de vida catalana" de Ferrater Mora. Logo outros máis, xa moi lonxe.

En *teatro* cáseque unanimidade arredor de "Primera historia de Esther" de Espriu, que acadou 17 votos. "Homes i no" de Pedrolo, 11. "Ball robat" de Pere Quart, con 9.

No apartado de *memoria e biografías*, moi por riba das outras, con 14 votos cada unha as "Memories" de J. M. de Sagarra, e "Tots els camins duen a Roma" de "Gaziel". Logo "Homenots" de J. Pla, con 9.

A relación de tíduos escolmados é pra o lector non catalán unha útil orientación en col das obras máis sonadas neste intre escintilante da Literatura Catalana. É moi siñificativa a aportación básica de escritores de Valencia e das Baleares como Villalonga ou Fuster. Os críticos consultados, como suliña acertadamente "Serra d'or", perteñecen a tres xeneracións e ás tendencias máis diverxentes.

NOTAS

EN PARIS remata de se editar "Réponse a Job", de C. G. Jung. O libro ten causado sensación en certos meios. Brosse, en "Arts", comenta: "Iste texto singular, tecido como os de Kierkegaard de amor e de sacrilexio, será quizaves considerado máis tarde como unha obra maestra da teoloxía mística do século vinte; polo momento, crarexa de xeito curioso a figura, a un tempo contraditoria e moi coherente, dun persoaxe, Jung, do que emprincipiamos somente a entrever os verdadeiros rasgos".

NOS MEIOS literarios brasileiros ten chamado poderosamente a atención a novela de Walmir Ayala "A beira do corpo", saída fai pouco do prelo. O escritor sitúa o seu pensamento, a súa linguaxe, a súa conceición formal, nun clima lírico de eisacerbación "medieval". Crea un mundo envolveito por temas universás do Mito con relación ó amor. E pra acentuar o clima máxico, o relato da novela é feito por un verme, que comenza a "degustar" o corpo da muller asesinada.

Walmir Ayala dí que no seu libro reconstituíu unha historia que tiña ouvido de neno.

VANSE publicar en francés i en italliano, simultáneamente, vinte contos de narradores chinos contemporáneos. A traducción italiana é do sinólogo Primarose Gigliesi, quen revisóu tamén a versión francesa. Os volumes irán ilustrados con deseños de Chi Pai-Shin.

O PROFESOR Lindley Cintra, catedrático de Filoloxía románica na Universidade de Lisboa, ten declarado: "No campo da lingüística galego-portuguesa considero que fan falla obras fundamentás, como un diccionario galego-portugués, que seña unha especie de tesouro leisicográfico que conteña non solo o vocabulario escrito sinón tamén as falas locales. E unha das miñas ideas máis queridas é lograr un Atlas rexional lingüístico galego-portugués, do que temos publicado un proleito".

YEATS ten cobrado nova aitualidade ó se editar as súas "Lembranzas parisinas". Moitas páxinas dista obra sorprenden ó leitor: o Club dos Rimadores, no que a poesía se nutría de misterios céltigos crarexados i escurecidos a un tempo pola astroloxía e a kábala; a visita a Verlaine e o encontro con Synge no hotel Corneille; os amores quentes, tristes e puros de Maud Gonne, heroína da loita contra Inglaterra; a relación con Strindberg, que andaba daquela nada menos que á percura da pedra filosofal; e o estreno de "Ubu"...

EDITÓUSE recentemente a única obra teatral deixada por Herman Broch: "A expiación". O escritor alemán volve nela á temática da disgregación de valores, que xa tiña tocado nas súas outras obras.

NO PASADO mes de novembro finóuse en Río de Janeiro, ós 63 anos de edá, Cecilia Meireles. Coa súa morte perde a poesía brasileira unha das súas mellores voces. Dende "Espectros" a "Solombra", pasando por "Mar absoluto", "Retrato natural", "Romanceiro da Inconfidencia", Cecilia Meireles seguíu unha liña creadora sempre fiel ó desenrolo natural da súa propia persoalidade. No último dos libros citados —pesie a que a autora é lírica por excelencia— fixo un dos meirandes esforzos de poema ouxetivo. Reunindo fíos soltos, crea nil lénda, historia poética do seu país.

ENTRE as novedás literarias que veñen de aparecer en língua portuguesa, hai que anotar: "Montes pintados", libro de contos de Joâo de Araujo Correia, no que se reflexa un rexionalismo fortemente trasmontano; a novela de Fernanda Botelho, "Xerazade e os outros"; o volume poético "Coracâo sem expedientes", de Amândio Cesar; as "Poesías completas" de António Gedeão; e a obra "Literatura, literatura, literatura", do conocido crítico Joâo Gaspar Simões.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	50	ptas.
Estranxeiro	60	"
Suscrición anual, 4 números ..	180	"
Estranxeiro	200	"

Pedidos a:

EDITORIAL GALAXIA

Reconquista, 1 — VIGO

TIP. FARO DE VIGO